A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderiamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevante para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos

permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
- Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
- Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
- Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitud.
- Habilidades xenéricas: condución e botes cun balón nun recorrido establecido.
- Capacidades físicas: Resistencia, Velocidade, axilidade (circuito), forza do tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
- Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en video para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxetivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:
1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, exponse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:
1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	9	8	7	6	7	7	7	7	7
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**8**	**6**	**6**	**6**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.
Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.
Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.
A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo compararase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.
Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:
- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.
A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a

% de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRMESTRE (6 UD - 41%):
- UD. 1: 10% = equivalente a un 1 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 22% = equivalente a un 2,2 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 19% = equivalente a un 1,9 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 15% = equivalente a un 1,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

2º TRMESTRE (5 UD - 33%):
- UD. 7: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 15,2% = equivalente a un 1,52 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

3º TRMESTRE (4 UD - 26%):
- UD. 12: 31% = equivalente a un 3,1 da nota 3º trimestre.
- UD. 13 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 15: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 15)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desarrollo das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.
Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024:
- 1º TRIMESTRE (6 UD): 41% equivalente a un 4,1 da nota final
- 2º TRIMESTRE (5 UD): 33 % equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final
- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.
No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.
Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún neste grupo.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Aínda que hai posibles casos, estamos á espera da confirmación. Con todo, nesta área non requiren de medidas excepcionais para poder levar a cabo o traballo diario.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste curso de primeiro de primaria, non hai alumnado que corresponda a estas necesidades nin que precisen de axuda para seguir o ritmo das sesións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora						X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita						X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental							X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.

Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.

Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros de clubes deportivos do Concello e contorna	Durante o mes de setembro, diferentes clubes do Concello e contorna (atletismo, tiro con arco, remo...) impartirán un obradoiro para achegar ao noso alumnado o deporte que se practica nel.	X		
Charlas de nutrición e alimentación	Charlas con expertos no tema para concienciar ao noso alumnado de levar unha boa alimentación e nutrición.		X	
Xornada de Atletismo Divertido	Xornada de convivencia co alumnado doutros centros de ensino primario do Concello na que se realizarán xogos e tarefas de iniciación ao atletismo cun carácter eminentemente lúdico.		X	
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha actividade relacionada coa nosa área.			X
Programa de Natación Escolar do Concello de Fene.	Programa co cal pretendemos ofrecer a posibilidade ao noso alumnado de coñecer e adquirir as destrezas necesarias para desenvolverse no medio acuático.			X
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida.	X	X	X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, sen prexuízo que poidan ser ampliadas a medida que poidan ser ofertadas outras novas ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguiuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planifición da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O mestre de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino-aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliacion inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 11

4.2. Materiais e recursos didácticos 12

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 12

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 12

6. Medidas de atención á diversidade 13

7.1. Concreción dos elementos transversais 13

7.2. Actividades complementarias 14

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 14

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 15

9. Outros apartados 15

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 1º curso de Educación Primaria para a asignatura de Educación Plástica e Visual . O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo; en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, o noso centro forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-2017, co cal quere dicir que a asignatura de Plastica é unha materia bilingüe, pero non por iso queremos darlle menos valor a esta área, a adquisición de contidos e as experiencias que levemos a cabo terán prioridade, sen dúbida, por encima da adquisición da lingua estranxeira.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Experimentamos coa arte 1	Unidade adicada a experimentar con todas as posibilidades da expesión artística, xogando con diferentes materiais e coñecendo diferentes propostas artisticas de todos os medios	20	10	X		
2	Experimentamos coa arte 2	Unidade de continuación e ampliación adicada a experimentar con todas as posibilidades da expesión artística, xogando con diferentes materiais e coñecendo diferentes propostas artisticas de todos os medios	30	10		X	
3	Experimentamos coa arte 3	Unidade de continuación e ampliación adicada a experimentar con todas as posibilidades da expesión artística, xogando con diferentes materiais e coñecendo diferentes propostas artisticas de todos os medios	40	9			X
4	Festa!	Unidade que se desenvolverá durante todo o curso, adicada a traballar as expresións artísticas relacionadas coas diversas festividades: Samaín, Nadal, Letras Galegas, etc	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Experimentamos coa arte 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre con interese diferentes propostas artísticas	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias de maneira guiada.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Trata de expresar ideas, sentimentos ou emociós a través do arte		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas audiovisuais		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas. Compórtase con respecto e educación en visitas e saídas artísticas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Experimentamos coa arte 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre con interese diferentes propostas artísticas	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte con interese experiencias creativas plásticas e visuais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas audiovisuais		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas. Compórtase con respecto e educación en visitas e saídas artísticas		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Toma parte en procesos de cooperación creativos		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación.

Contidos
- Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Experimentamos coa arte 3	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre con interese diferentes propostas artísticas	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Iniciase na procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa con interese en producción artísticas colaborativas		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuai		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Deseña de maneira guiada producións audiovisuais elementais		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.

Contidos
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Festa!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre con interese diferentes propostas artísticas	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa con interese en procesos cooperativos creativos		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Participa con interese en procesos cooperativos creativos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.
As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
6	El mundo de los libros.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda unha pequena poesía.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Iníciase na lectura de textos sinxelos en voz alta identificando a información relevante do texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Constrúe a súa idenditade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola bilblioteca do centro.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participa activamente no recitado dos poemas.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando e lendo textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe breves poesías con axuda de autoinstruccióńs.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿).
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.

Contidos
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
7	Debatimos acerca de nuestro entorno.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con apoios as ideas principais dun texto informativo.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica con apoios as ideas principais dun texto informativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le textos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevande do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de centro		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola bibliotecca do centro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de centro.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando e lendo textos de diferentes autores e autoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe textos informativos moi sinxelos con axuda de autoinstruccións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos..		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.

Contidos
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	Se acerca el verano.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce adiviñas de xeito oral e consentido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervención dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vezo, penso e me pregunto para deducir o contido do textro proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e seleción da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referente a lugares de destinos vacacionais.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura.na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autores e autoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula e de centro.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta adiviñas e pequenos trabalinguas traballados na aula		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe adiviñanzas e refráns moi sinxelos con axuda de autoinstruccións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...
- Procesos: comprensión lectora

Contidos
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos. - Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable - Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.

Contidos
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construir, a partir de aí, outras aprendizaxes.
A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.
As líneas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención...
Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos).Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construir os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.
- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.
Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.
A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento

da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos,obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a producción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de esteteotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe basada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados.actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico

- Aprendizaxe basada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estén preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe basada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: folios, cartolinas, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula. Encerado dixital interactivo. Tabletas.

Libros da biblioteca de aula e de centro.
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.
Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora
(identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**UD 8**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**12**	**12**	**12**	**13**	**13**	**14**	**14**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos

propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)

- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 10% :
- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (5%),
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (5%)

- Actividades de expresión e creación 30% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (20%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
f) O nivel de coñecementos.
g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.
ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.
Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.
Pódense contemplar distintas situacións:
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis

lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún neste grupo.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. No caso de existir se realizarán as ampliacións e modificacións necesarias.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste curso de primeiro de primaria, non hai alumnado que corresponda a estas necesidades nin que precisen de axuda para seguir o ritmo das sesións.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.
De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.
Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.				X		X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X		X			X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).			X					
ET.6 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas compartidas	Ao longo de todo o curso, para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, todas as mestras e mestres do centro, así coma as familias que queiran participar, representarán un conto adecuado a súa idade.	X	X	X
Actividades culturais	Asistencia a obras de teatro, establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero.	X	X	X
Semana da prensa	Acercar ao alumnado os textos e formatos periodísticos, manipulando diferentes xornais e promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.		X	

Observacións:
Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía
- Lecturas compartidas
- Actividades culturais
- Semana da prensa

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás caracteristicas do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraientes e accesibles para o alumnado.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariedade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás caracteristicas do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraientes e accesibles para o alumnado.
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avalación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.

- Utilización dunha metodoloxía axeitada.

- Regulación da práctica docente.

- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.

- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial

- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador

- Básico: cumprimento suficiente do indicador

- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:
1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpreta adiviñas e pequenos trabalinguas traballados na aula.		
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe adiviñanzas e refráns moi sinxelos con axuda de autoinstruccións		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Esfórzase por intentar mellorar o léxico galego nas producións orais e escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Interese pola ampliación de vocabulario básico.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.

Contidos
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

Contidos
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construir, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As líneas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos).Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construir os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e

primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a producción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de esteteotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno/a é o verdadeiro/a protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe basada na investigación na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. Serán actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico.

- Aprendizaxe basada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos/as se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estean preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe basada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para este unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...

Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...
Libros de biblioteca de aula e de centro
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.
Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**12**	**12**	**12**	**13**	**13**	**14**	**14**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
- Ter unha caligrafía lexible (5%)

- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 10% :
- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (5%),
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (5%)

- Actividades de expresión e creación 30% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (20%).
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)

- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)

- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a demostre que supera ditos contidos.
d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O nivel de coñecementos.

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.
Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.
Pódense contemplar distintas situacións:
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún neste grupo.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. No caso de existir, se realizarán as ampliacións e modificacións necesarias.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste curso de primeiro de primaria, non hai alumnado que corresponda a estas necesidades nin que precisen de axuda para seguir o ritmo das sesións.
Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento				X		X	X	
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X		X			X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)			X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación emocional e de valores	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lecturas compartidas	Ao longo de todo o curso, para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, todas as mestras e mestres do centro, así coma as familias que queiran participar, contarán e/ou representarán un conto adecuado a súa idade.	X	X	X
Semana da tradición oral	Ao longo desta semana, colaborando coas familias, traballaremos e recuperaremos cantigas, lendas e outras obras pertencentes á tradición oral galega.	X		
Actividades culturais	Asistencia a obras de teatro, (incluíndo a saída ao Auditorio de Narón) establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero.	X		
Visita ao teatro	Visitaremos o Auditorio de Narón e a unha representación teatral en galego adaptada ao nivel das crianzas.	X		
Semana da prensa	Acercar ao alumnado os textos e formatos periodísticos, manipulando diferentes xornais e promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo.		X	
Correlingua	Xornada de defensa e posta en valor da lingua galega a través de diferentes actividades.			X
Semana das letras galegas	Ao longo desta semana trataremos de coñecer e afondar na figura á que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, así como de realizar diferentes actividades que Terán coma núcleo a defensa da nosa lingua e literatura.			X

Observacións:

Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía
- Lecturas compartidas
- Semana da tradición oral
- Actividades culturais
- Visita ao teatro
- Semana da prensa
- Correlingua
- Semana das letras galegas

Sen prexuízo de establecer outras que se irán propoñendo ao longo do curso dende o Equipo de Normalización da Lingua Galega e a Biblioteca do centro .

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás caracteristicas do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraientes e accesibles para o alumnado
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinariedade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores...
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos/as e as familias...

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avalación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.

- Utilización dunha metodoloxía axeitada.

- Regulación da práctica docente.

- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.

- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.

- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador.

- Básico: cumprimento suficiente do indicador.

- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 24

4.2. Materiais e recursos didácticos 26

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 27

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 28

6. Medidas de atención á diversidade 29

7.1. Concreción dos elementos transversais 29

7.2. Actividades complementarias 30

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 31

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 32

9. Outros apartados 32

1. Introdución

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A concepción das unidades que se presentan interconectan os diferentes sentidos matemáticos, de tal xeito que son abordados de forma progresiva e en espiral ao longo de todo o curso e etapa.

Número de alumnas e alumnos e distribución:
O nivel conta cun total de 7 alumnos e alumnas.

Análise dos resultados do curso anterior:
Parte do alumnado procede de Educación Infantil, coa excepción de dous nenos que proceden doutro centros da contorna. Analizando os items dos boletíns de cualificación que fan referencia á loxica ou á matemática, a inmensa maioría presentan a cualificación "sen dificultade".

Nos informes finais de etapa faise mención ao nivel de aquisición da competencia matemática que corrobora o citado anteriormente en canto aos items.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de	20	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "O mercado" (ou "O Supermercado"), o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinado diversos recursos. Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... e todo en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda.	20	30	X		
2	Os experimentos e as matemáticas	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	30	X		
3	Celebramos o Entroido	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e	15	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Celebramos o Entroido	o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	30		X	
4	As matemáticas na arte	Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal). A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada. A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.	15	30		X	
5	As matemáticas no deporte	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional	15	30			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	As matemáticas no deporte	teñen moita presenza. As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas. A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o traballo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	30			X
6	Viaxamos?	Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado. Poderá deseñarse de mútiples formas: saída pola contorna,xincana pola vila, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes. As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes. A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.	20	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mercado	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	100
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe

Contidos
- Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regretas e con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción... - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián. - Crenzas, actitudes e emocións - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.

Contidos
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os experimentos e as matemáticas	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable	TI	100
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos.
- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo
- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.
- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.

Contidos
- Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
4	Os traballos da nosa xente.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	O planeta azul e o que nos rodea	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.
- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.

Contidos
- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
6	Coidemos o noso planeta!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
7	Tempus fugit	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

Contidos
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
8	Coñecendo o noso pasado.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

Contidos
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.
A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.
O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo/cooperativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.
Predominarán estilos de ensino cognoscitivos, onde o alumnado é o protagonista do proceso.
Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.
En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluir novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto (da aula)
Libreta e/ou caderno
Computador de aula
PDI
Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Aula virtual do centro
Educaplay
Genially
Liveworksheets
Kahoot

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.
As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).
Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.
Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**UD 8**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**14**	**15**	**14**	**13**	**8**	**8**	**13**	**15**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...
No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.
Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas

inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ANEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.
O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X						X
ET.4 - Competencia dixital								X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X		X
ET.6 - Emprendemento						X		X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable						X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable					X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Educación para a saúde, incluida a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X					
ET.14 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:
Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.
As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.
Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sostible, serán aboradados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a museos/auditorios da nosa contorna	Ao abeiro da UD 2 (Coñecemos a nosa contorna) visitaremos algún dos museos/auditorios cunha guia especializada para aprender expresións artísticas locais.		X	
Ximcana da igualdade	O obxectivo desta xincana é o de realizar xogos con material de refugallo e traballar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.			X
Participación no programa Proxecto Ríos (Proxecta +)	A participación neste Programa supón o compromiso de manter limpo un tramo do río Miño.	X		
Visita as dependencias municipais e de servizos do noso Concello.	Co obxectivo de coñecer a o funcionamento e dependencias do noso Concello, visitaremos os mesmos para aproximar e presentar as funcións destas dependencias.		X	
Obradoiros e charlas	Ao longo do curso desde o Concello e a Anpa ofértanse diferentes obradoiros o charlas nas que se abordan contidos desta área.	X		X

Observacións:
Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Metodoloxía empregada
Conseguiuse motivar ao alumnado?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.
Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de

avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres e do traballo realizado polas crianzas.
Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 1º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 33

4.2. Materiais e recursos didácticos 35

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 35

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 36

6. Medidas de atención á diversidade 37

7.1. Concreción dos elementos transversais 37

7.2. Actividades complementarias 39

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 39

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 41

9. Outros apartados 41

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Lingua Galega e Literatura de 2º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Lingua Galega e Literatura á realidade deste centro e a do alumnado de 2º curso que, no curso académico presente, conta con 10 alumnos e alumnas formando un grupo heteroxéneo; no que, coma novidade, destacaremos o feito de que chegou unha alumna nova doutro centro educativo da contorna.

A ensinanza desta área ten como un dos seus obxectivos principais o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado entendida en todas as súas vertentes (pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria). Do mesmo xeito, a aprendizaxe desta área, que precisa ser sempre unha aprendizaxe acompañada, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso baseado na reflexión e na análise, cuxo fin último é formar persoas que se comunican de maneira eficaz. Debe tamén aportarlle ao alumnado as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da súa vida familiar e social. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

A planificación do proceso de ensino e aprendizaxe da área de Lingua Galega e Literatura debe tomar en consideración a existencia dun contexto de diversidade lingüística tan rico, que servirá de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Polo tanto, cómpre que se tome en consideración a planificación conxunta desta área xunto coa da área de Lingua Castelá e Literatura, e incluso coa de Lingua Estranxeira, na procura dunha aprendizaxe integrada e máis significativa do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cóntame un conto	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: expresamos as nosas opinións. - Comprensión lectora: comprensión e identificación do título e do sentido global dun texto. - Vocabulario: o verán. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: uso das maiúsculas. - Literatura: características dos contos tradicionais.	12	16	X		
2	Ñam, ñam...	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: conversamos sobre os nosos gustos e preferencias alimentarias. - Comprensión lectora: identifica os ingredientes e comprende a elaboración dunha receita. - Vocabulario: alimentos típicos do outono. - Lectura e escritura: a frase e a oración. - Literatura: os refráns e as adiviñas.	12	16	X		
3	Somerxéndonos nas lendas	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre a decoración	12	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Somerxéndonos nas lendas	navideña. - Comprensión lectora: comprende o sentido global dun conto navideño e identifica os seus personaxes. - Vocabulario: elementos decorativos. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: o substantivo e as súas clases. - Literatura: as lendas e as súas características.	12	16	X		
4	Xogamos?	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: consensuamos as normas de diversos xogos tradicionais. - Comprensión lectora: comprendemos as instruccións dos xogos. - Vocabulario: os xogos tradicionais. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: os artigos determinados e indeterminados. - Literatura: características das fábulas. A moralexa.	12	18		X	
5	Coñecendo as nosas tradicións	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: conversamos sobre as tradicións relacionadas coa celebración do entroido. - Comprensión lectora. - Vocabulario: diminutivos e aumentativos. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: a concordancia entre os artigos e os substantivos. - Literatura: as características do teatro.	12	18		X	
6	A orella pendella	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a nosa experiencia lectora. - Comprensión lectora. - Vocabulario: os sinónimos e os antónimos. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: o adxectivo. - Literatura: a rima consoante e asoante.	13	18		X	
7	Como está o noso planeta?	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: debatimos sobre os beneficios da non contaminación. - Comprensión lectora: identificamos as ideas principais dun texto informativo. - Vocabulario: as frases feitas. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: os pronomes persoais.	13	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Como está o noso planeta?	- Literatura: os textos informativos.	13	18			X
8	O mundo dos cómics	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: participamos na invención de diálogos. - Comprensión lectora: comprendemos o significado das viñetas dun cómic. - Vocabulario: As onomatopeias. - Lectura e escritura: consolidación da lectorescritura. - Gramática: o verbo. Os tempos verbais: presente, pasado e futuro. - Literatura: os cómics.	14	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cóntame un conto	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas, a castelá, e a galega, como vehículos de transmisión de ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminaroria, respectuosa coas diferenzas e desde unha perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e atención ás normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do resto de persoas sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título, as ilustracións e as palabras clave dun texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Valora os diferentes tipos de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos de diferentes autoras e autores.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta pequenos contos traballados na aula.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Xéneros discursivos

Contidos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de diversa tipoloxía. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos e paratextuais básicos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Adquisición progresiva das regras ortográficas básicas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais, valorando a súa importancia como fonte de lecer e gozo persoal. - Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación. - Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida das obras (contos, lendas e adiviñas) a través de conversacións dirixidas, valorando a diversidade cultural. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Ñam, ñam...	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas, a castelá, e a galega, como vehículos de transmisión de ideas e emocións.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, particularmente os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua na súa contorna.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan castelán a partir da observación da contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminaroria, respectuosa coas diferenzas e desde unha perspectiva de xénero.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria textos breves próximos aos seus gustos e intereses.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e atención ás normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do resto de persoas sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.	Fai predicción sobre o tema principal a partir do título, ilustracións dun texto e das palabras clave.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento e amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos de diferentes autoras e autores.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses, valorando a súa diversidade (contos, lendas e adiviñas) e recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta adiviñas e pequenos refráns traballados na aula.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstruccións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto

Contidos
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e

Contidos
- na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes. - Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. - Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Recoñecemento, de forma acompañada, da autoría de textos de escritores e escritoras galegos e galegas. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, adecuados aos seus intereses - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	O mundo dos cómics	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e desde unha perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do resto de persoas sen interromper.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura	Emprega a lectura como medio para ampliar o seu vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos infantís e multimodais sinxelos, valorando os aspectos formais e non verbais.	Emprega a rutina de pensamento "vexo, penso e pregúntome" para analizar o contido do texto escrito proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos, da lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e como aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iniciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localizacion e seleción de distintas viñetas de cómic.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le, de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autoras e autores adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia pola lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendacións para a lectura dalgún libro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos de diferentes autoras e autores.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación de forma acompañada da información xeral do texto e para a identificación dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega.
- Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal, con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.

Contidos
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Produción de textos sinxelos con coherencia e orde na presentación (caligrafía clara e limpa), relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Creación de textos sinxelos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics... - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, adecuados aos seus intereses - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados mobilizando estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área o alumnado se inicia na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, e de representación, interpretación e comprensión da realidade adquirindo ferramentas que lle permitirán desenvolverse de maneira funcional en múltiples contextos a través da lingua oral e a lingua escrita.

É importante que o deseño do proceso de ensino e aprendizaxe propoña unha metodoloxía activa cuxo obxectivo fundamental sexa que o alumnado aprenda dunha maneira autónoma e poida desenvolver todas as facetas da súa personalidade.

A fortaleza das metodoloxías activas de aprendizaxe reside no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión en relación coa contorna, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, na facilidade para acadar un axeitado desenvolvemento competencial ao partir da realidade máis próxima: o alumnado é o protagonista activo porque investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas desta programación didáctica, sempre adaptadas ao nivel educativo no que se atopa o alumnado e baixo os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) fomentando procesos pedagóxicos accesibles para todas e todos mediante un currículo flexible que se axusta a distintas necesidades e a diferentes ritmos de aprendizaxe, serán as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, xa que calquera actividade realizada polas nenas e polos nenos pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención.
- A aprendizaxe significativa: referíndose á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que o

alumnado ten que aprender e o que xa realiza xa que todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas do alumnado; por iso, cada unidade didáctica comeza cunha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumna e de cada alumno para, a partir del, constrúan os novos coñecementos.

- O ensino individualizado: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumna e de cada alumno; a atención individualizada considera as características e as diferencias persoais e proporciona unha atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.
- A afectividade: a seguridade que lles dá o sentirse queridas e queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos. A relación entre profesorado e alumnado debera ter lugar dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, aceptación, confianza mutua e respecto.
- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que alumnas e alumnos atopen momentos para agruparse, compartir e sentir o apoio do resto, o que lles axudará a socializar e comunicarse; o xogo así como as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e o resto de actividades complementarias que se programen favorecerán o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade e axudarán a coñecer o comportamento das persoas adultas e as normas sociais.
- A autonomía e a autoxestión.
- A aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e co resto de membros da comunidade educativa e dos grupos sociais da súa contorna na procura dunha convivencia positiva, a paz e a inclusión.
- A manipulación: considerando o traballo coas mans determinante para o correcto paso do abstracto ao concreto; favorecerase, en todo caso, que o material cumpra os requisitos de accesibilidade.
- A liberdade e a creatividade: potenciando a autonomía e a produción persoal.
- A coeducación: considerando o deseño de actividades desde unha perspectiva de xénero de cara á ruptura de estereotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permitan e estimulen ao alumnado a participar realmente como suxeito da súa propia aprendizaxe; ao ser este o verdadeiro protagonista, un dos obxectivos fundamentais será manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.
- A aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e nos descubrimentos: aprendendo a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, da conexión das ditas probas con coñecementos preexistentes, de obter conclusións e reflexionar sobre os seus achados.
- A aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas a través dos seus coñecementos, distintos recursos, a investigación, a reflexión e a cooperación activa.
- A aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación coa contorna, o que implica a definición de retos que precisan dunha solución moitas veces conxunta.

En concreto, nesta área todo o traballo encamíñase a proporcionarlle ao alumnado recursos de e para a comunicación:

- A lectura e a escritura: o proceso de adquisición desta destreza intégrase a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación a un contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.
- A expresión oral: a participación na clase favorece a ampliación e a utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses etc.; o profesorado fomenta así distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento.
- A comprensión lectora: o alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituíntes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos etc.); así comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e as mensaxes connotativas.
- A expresión escrita: desenvólvese a tipoloxía textual co fin de que o alumnado produza composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos que lle axudará a extraer as ideas principais dun texto.
- A gramática e a ortografía: este tipo de coñecementos se presentan como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica o que favorece a súa asimilación, posto que non se presentan como obxectos estraños, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Noutro orden de cousas, considerarase á controna familiar como unha gran colaboradora na aprendizaxe do alumnado, polo que se procurará a súa participación no proceso educativo do alumnado. A familia debe coñecer os obxectivos marcados e procurarase que colabore na súa consecución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas de nenas e nenos, achegando información sobre elas e eles...

Por último, destácase como fundamental espertar no alumnado un sentimento de respecto polo mundo que o rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, darase unha importancia prioritaria ao tratamento dos valores desde un punto de vista multicultural. Con eles, o alumnado achégase a outras realidades da súa contorna, sempre desde o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todas e para todos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Materiais manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...
Libros da biblioteca de aula e da biblioteca de centro
Calquera outro material que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios en relación aos materiais:

- Teñen que ser atractivos tanto estetica como funcionalmente, e teñen que chamar a atención da nena ou do neno, invita a interactuar con eles.
- Deben ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
- Deben ser asequibles e manipulables, que as nenas e os nenos poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
- Deben potenciar e favorecer a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
- Deben reunir as correspondentes normas de seguridade.
- Deben proporcionar os estímulos correspondentes a súa elección.
- Non deben favorecer actitudes nin discriminatorias nin belicistas.
- Deben posibilitar ao alumnado todas as opcións de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial do alumnado na área de Lingua Galega e Literatura, desenvolveranse dúas accións concretas:
1. A revisión dos informes individualizados do alumnado (en especial, o alumnado que o profesorado non coñeza xa de cursos anteriores). De especial interese será tamén, no seu caso, a información que poidan ampliar as persoas titoras do alumnado no curso anterior (de ser posible, farase unha reunión presencial con estas se continúan no equipo docente do centro).

2. A realización dunha ou varias probas específicas adaptadas ao nivel educativo correspondente que avaliarán no alumnado aspectos como:

- a expresión oral e o vocabulario (analiza a súa expresión oral: se é clara, se emprega un vocabulario axeitado a súa idade...)
- a lectura e a comprensión lectora (informa se identifica palabras escritas significativas e usuais, se relaciona imaxe e texto, se asocia grafías maiúsculas e minúsculas...)
- a escritura (obsérvase se realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**12**	**12**	**12**	**12**	**12**	**13**	**13**	**14**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Todos os criterios de avaliación da presente programación didáctica avaliaranse por medio dunha táboa de indicadores, e para iso levarase un rexistro que resultará de aplicar indicadores en distintas escalas de valoración ou diferentes rúbricas (un grande número deses indicadores procederán da observación directa que realice o profesorado). En todo caso, o alumnado estará informado dos instrumentos de avaliación que se empregarán para valorar o seu traballo ao longo do curso.

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (1, 2 e 3)
- 2º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (4, 5 e 6)
- 3º trimestre: media aritmética das dúas unidades didácticas (7 e 8)

A cualificación final do alumnado obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos trimestres, segundo os seguintes pesos:

- cualificación do 1º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 2º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 3º trimestre: 34% de peso na cualificación final do curso

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar, atendendo a razóns pedagóxicas, o anterior criterio (no caso de decimais entre 0 e 49), serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non acadara o mínimo de consecución dos criterios de avaliación ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalos ao final de cada trimestre, sempre que ese criterio de avaliación xunto co seu mínimo non se volvan traballar ao longo do curso. Isto, no seu caso, tería lugar nas dúas últimas semanas de cada un dos tres trimestres; e o procedemento sería o seguinte:

- Comunicación disto á familia a través da axenda do alumnado e/ou de Abalar. Nesta comunicación

especificaranse aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, e o que corresponda para tal fin (sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflictido na presente programación didáctica -por exemplo, a repetición dun traballo e/ou parte deste...-).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado, o que se fará de xeito individual empregando o método que se considere máis oportuno (explicándollo verbalmente, entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar...) e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s nun trimestre, o alumnado podería recuperalos durante o/s trimestre/s seguinte/s, repetíndose o proceso de comunicación anterior.

Se estes criterios de avaliación a través dos seus mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, o alumnado poderá recuperar a área a través dun proceso avaliación final que se porá en marcha antes de rematar as clases. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- De tratarse de algo máis ben específico (por ex.: unha tarefa ou un traballo a entregar), seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Como se indicou, de tratarse dun aspecto de aprendizaxe meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase este por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Aquel alumnado que non acadara o mínimo de consecución dos criterios de avaliación ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalos ao final de cada trimestre, sempre que ese criterio de avaliación xunto co seu mínimo non se volvan traballar ao longo do curso. Isto, no seu caso, tería lugar nas dúas últimas semanas de cada un dos tres trimestres; e o procedemento sería o seguinte:

- Comunicación disto á familia a través da axenda do alumnado e/ou de Abalar. Nesta comunicación especificaranse aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, e o que corresponda para tal fin (sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflictido na presente programación didáctica -por exemplo, a repetición dun traballo e/ou parte deste...-).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado, o que se fará de xeito individual empregando o método que se considere máis oportuno (explicándollo verbalmente, entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar...) e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s nun trimestre, o alumnado podería recuperalos durante o/s trimestre/s seguinte/s, repetíndose o proceso de comunicación anterior.

Se estes criterios de avaliación a través dos seus mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, o alumnado poderá recuperar a área a través dun proceso avaliación final que se porá en marcha antes de rematar as clases. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- De tratarse de algo máis ben específico (por ex.: unha tarefa ou un traballo a entregar), seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Como se indicou, de tratarse dun aspecto de aprendizaxe meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase este por superado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento	X	X						
ET.7 - O espírito científico	X	X						
ET.8 - A educación para a saúde			X	X				
ET.9 - A educación afectivo-sexual					X	X		
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade							X	X
ET.12 - A educación para o consumo responsable	X	X						
ET.13 - A educación para a paz		X	X	X	X	X		
ET.14 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - A acción titorial	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única área senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as áreas da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 13.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 14, 15 e 16.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña dos elementos transversais indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ti tamén contas en galego	Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, as familias representarán en galego un conto adecuado a súa idade.	X		
Semana da tradición oral	Actividades para recordar e recompilar historias que se van transmitindo de xeración en xeración para conservar o coñecemento e a experiencia a través do tempo.	X		
Actividades culturais	Asistencia a unha obra de teatro en galego establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero.		X	
Semana da prensa na escola	Tarefas para achegarnos aos diferentes tipos de textos e traballos periodísticos.		X	
Obradoiros específicos	Tarefas de investigación, aprendizaxe e interese polo traballo en equipo empregando o galego como lingua vehicular.			X

Observacións:
O centro conta cunha serie de criterios que se establecen para concretar a selección e a organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. En relación a eses criterios e á decisión adoptada de que todas as actividades complementarias que se realicen sexan integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, e fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto, obsérvase nas actividades propostas:

A actividade Ti tamén contas en galego pretende abrir a aula ás familias e facilitar o contacto e a implicación destas co centro, coa aula e, o que é máis importante, coa educación e o proceso de aprendizaxe das nenas e dos nenos. Ao longo do curso contactarase coas familias para propoñerlles a participación nesta actividade, que poderá realizarse nun espazo diferente á aula ordinaria, de cara a que estas coñezan os obxectivos perseguidos e se poidan concretar datas, estilo, temáticas...

Con Actividades culturais o alumnado terá un achegamento ao teatro en galego a través dunha obra axeitada ao seu nivel educativo que lle permita adentrarse neste xénero e espertar a súa curiosidade e o seu interese e, quen sabe, a súa propia vocación. Esta obra de teatro terá lugar fóra do centro, no auditorio municipal, puidendo coincidir con outros colexios favorecendo así a convivencia con outras nenas e outros nenos.

A través de Obradoiros específicos organizados e deseñados dentro do centro, aproveitando outros espazos específicos fóra da aula, o alumnado poderá avanzar na súa aprendizaxe do galego a través da investigación en contextos de traballo diferentes e ante temáticas motivadoras.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.

Os criterios de cualificación empregados nas avaliacións parciais/final permiten identificar as aprendizaxes do alumnado.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Facilítase ao alumnado a información dos progresos e das dificultades atopadas.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación co departamento de orientación.
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe é unha das funcións do profesorado. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións que se desenvolven co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes do alumnado.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

A escala de valoración que se empregará será a seguinte:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia; non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas; clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais; modelo de referencia de boas prácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluirase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 32

4.2. Materiais e recursos didácticos 34

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 34

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 35

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 37

7.2. Actividades complementarias 38

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 39

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 40

9. Outros apartados 41

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Lingua Castelá e Literatura de 2º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Lingua Castelá e Literatura á realidade do noso centro e a do noso alumnado de 2º curso -composto para o presente curso académico por 6 alumnas e 4 alumnos formando un total de 10-.

A ensinanza desta área ten como un dos seus obxectivos principais o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado entendida en todas as súas vertentes (pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria). Do mesmo xeito, a aprendizaxe desta área, que precisa ser sempre unha aprendizaxe acompañada, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso baseado na reflexión e na análise, cuxo fin último é formar persoas que se comunican de maneira eficaz. Debe tamén aportarlle ao alumnado as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da súa vida familiar e social. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

A planificación do proceso de ensino e aprendizaxe da área de Lingua Castelá e Literatura debe tomar en consideración a existencia dun contexto de diversidade lingüística tan rico, que servirá de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Polo tanto, cómpre que se tome en consideración a planificación conxunta desta área xunto coa da área de Lingua Galega e Literatura, e incluso coa de Lingua Estranxeira, na procura dunha aprendizaxe integrada e máis significativa do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cuéntame un cuento	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: expresamos as nosas opinións. - Comprensión lectora: comprensión e identificación do título e do sentido global dun texto. - Vocabulario: o verán. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: uso das maiúsculas. - Literatura: características dos contos tradicionais.	12	16	X		
2	Ñam, ñam...	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: conversamos sobre os nosos gustos e preferencias alimentarias. - Comprensión lectora: identifica os ingredientes e comprende a elaboración dunha receita. - Vocabulario: alimentos típicos do outono. - Lectura e escritura: a frase e a oración. - Literatura: os refráns e as adiviñas.	12	16	X		
3	Sumergiéndonos en las leyendas	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión oral: expresamos os nosos gustos e preferencias sobre a decoración	12	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Sumergiéndonos en las leyendas	navideña. - Comprensión lectora: comprende o sentido global dun conto navideño e identifica os seus personaxes. - Vocabulario: elementos decorativos. - Lectura e escritura: consolidación da lectoescritura. - Gramática: o substantivo e as súas clases. - Literatura: as lendas e as súas características.	12	16	X		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais, utilizando recursos non verbais básicos.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: produción oral
- Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos utilizando recursos non verbais elementais.
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.

Contidos
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais, - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
7	¿Cómo está nuestro planeta?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e desde unha perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identificando o tema e seleccionando as ideas principais.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica de maneira acompañada o contido e a información máis relevante de textos orais sinxelos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e atención ás normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do resto de persoas sen interromper.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante dos ditos textos.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento "vexo, penso e pregúntome" para analizar o contido do texto escrito proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e como aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información.	Expón a información recollida sobre os beneficios que obtemos coidando o medio ambiente.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses.	Utiliza a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le, de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autoras e autores adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendacións para a lectura dalgún libro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos de diferentes autoras e autores.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe textos sinxelos con axuda de autoinstruccións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral.

Contidos
- Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: produción oral - Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel. - Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Procesos: produción escrita - Consolidación do sistema de lectoescritura. - Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

Contidos
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes. - Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais, - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	El mundo de los cómics	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e desde unha perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e atención ás normas básicas de cortesía.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do resto de persoas sen interromper.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o seu vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura.	Emprega a rutina de pensamento "vexo, penso e pregúntome" para analizar o contido do texto escrito proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e como aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localizacion e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le, de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autoras e autores adecuados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e fai recomendacións para a lectura dalgún libro.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais.	Goza escoitando textos de diferentes autoras e autores.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstruccións traballadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Progresa na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento, selección e interpretación da información xeral do texto.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión lectora, en voz alta e en silencio, e produción de textos sinxelos, adaptados ao nivel que estimulen o seu interese pola lectura.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.

Contidos
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais, - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área o alumnado iníciase na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, e de representación, interpretación e comprensión da realidade adquirindo ferramentas que lle permitirán desenvolverse de maneira funcional en múltiples contextos a través da lingua oral e a lingua escrita.

É importante que o deseño do proceso de ensino e aprendizaxe propoña unha metodoloxía activa cuxo obxectivo fundamental sexa que o alumnado aprenda dunha maneira autónoma e poida desenvolver todas as facetas da súa personalidade.

A fortaleza das metodoloxías activas de aprendizaxe reside no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión en relación coa contorna, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, na facilidade para acadar un axeitado desenvolvemento competencial ao partir da realidade máis próxima: o alumnado é o protagonista activo porque investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas desta programación didáctica, sempre adaptadas ao nivel educativo no que se atopa o alumnado e baixo os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) fomentando procesos pedagóxicos accesibles para todas e todos mediante un currículo flexible que se axusta a distintas necesidades e a diferentes ritmos de aprendizaxe, serán as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, xa que calquera actividade realizada polas nenas e polos nenos pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención.
- A aprendizaxe significativa: referíndose á posibilidade de establecer vínculos sostidos entre o que o alumnado ten que aprender e o que xa realiza, xa que todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas do alumnado; por iso, cada unidade didáctica comeza cunha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada alumna e de cada alumno para, a partir del, constrúan os novos coñecementos.
- O ensino individualizado: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumna e de cada alumno; a atención individualizada considera as características e as diferencias persoais e proporciona unha atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.
- A afectividade: a seguridade que lles dá o sentirse queridas e queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos. A relación entre profesorado e alumnado debera ter lugar dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, aceptación, confianza mutua e respecto.
- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que alumnas e alumnos atopen momentos para agruparse, compartir e sentir o apoio do resto, o que lles axudará a socializar e comunicarse; o xogo así como as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e o resto de actividades complementarias que se

programen favorecerán o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade e axudarán a coñecer o comportamento das persoas adultas e as normas sociais.

- A autonomía e a autoxestión.
- A aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e co resto de membros da comunidade educativa e dos grupos sociais da súa contorna na procura dunha convivencia positiva, a paz e a inclusión.
- A manipulación: considerando o traballo coas mans determinante para o correcto paso do concreto ao abstracto; favorecerase, en todo caso, que o material cumpra os requisitos de accesible.
- A liberdade e a creatividade: potenciando a autonomía e a produción persoal.
- A coeducación: considerando o deseño de actividades desde unha perspectiva de xénero de cara á ruptura de estereotipos.
- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permitan e estimulen ao alumnado a participar realmente como suxeito da súa propia aprendizaxe; ao ser este o verdadeiro protagonista, un dos obxectivos fundamentais será manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.
- A aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e nos descubrimentos: aprendendo a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, da conexión das ditas probas con coñecementos preexistentes, de obter conclusións e reflexionar sobre os seus achados.
- A aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas a través dos seus coñecementos, distintos recursos, a investigación, a reflexión e a cooperación activa.
- A aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación coa contorna, o que implica a definición de retos que precisan dunha solución moitas veces conxunta.

En concreto, nesta área todo o traballo encamíñase a proporcionarlle ao alumnado recursos de e para a comunicación:

- A lectura e a escritura: o proceso de adquisición desta destreza intégrase a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación a un contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.
- A expresión oral: a participación na clase favorece a ampliación e a utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses etc.; o profesorado fomenta así distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento.
- A comprensión lectora: o alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituíntes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos etc.); así comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e as mensaxes connotativas.
- A expresión escrita: desenvólvese a tipoloxía textual co fin de que o alumnado produza composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos que lle axudará a extraer as ideas principais dun texto.
- A gramática e a ortografía: este tipo de coñecementos se presentan como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica o que favorece a súa asimilación, posto que non se presentan como obxectos estraños, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Noutro orden de cousas, considerarase á contorna familiar como unha gran colaboradora na aprendizaxe do alumnado, polo que se procurará a súa participación no proceso educativo do alumnado. A familia debe coñecer os obxectivos marcados e procurarase que colabore na súa consecución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas de nenas e nenos, achegando información sobre elas e eles...

Por último, destácase como fundamental espertar no alumnado un sentimento de respecto polo mundo que o rodea e unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, darase unha importancia prioritaria ao tratamento dos valores desde un punto de vista multicultural. Con eles, o alumnado achégase a outras realidades da súa contorna, sempre desde o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todas e para todos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: cartolina, folios, ceras...
Materiais manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas...
Libros da biblioteca de aula e da biblioteca de centro
Calquera outro material que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios en relación aos materiais:

- Teñen que ser atractivos tanto estetica como funcionalmente, e teñen que chamar a atención da nena ou do neno, invita a interacción con eles.
- Deben ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
- Deben ser asequibles e manipulables, que as nenas e os nenos poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
- Deben potenciar e favorecer a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
- Deben reunir as correspondentes normas de seguridade.
- Deben proporcionar os estímulos correspondentes a súa elección.
- Non deben favorecer actitudes nin discriminatorias nin belicistas.
- Deben posibilitar ao alumnado todas as opcións de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial do alumnado na área de Lingua Castelá e Literatura, desenvolveranse dúas accións concretas:
1. A revisión dos informes individualizados do alumnado (en especial, o alumnado que o profesorado non coñeza xa de cursos anteriores). De especial interese será tamén, no seu caso, a información que poidan ampliar as persoas titoras do alumnado no curso anterior (de ser posible, farase unha reunión presencial con estas se continúan no equipo docente do centro).

2. A realización dunha ou varias probas específicas adaptadas ao nivel educativo correspondente que avaliarán no alumnado aspectos como:

- a expresión oral e o vocabulario (analiza a súa expresión oral: se é clara, se emprega un vocabulario axeitado a súa idade...)
- a lectura e a comprensión lectora (informa se identifica palabras escritas significativas e usuais, se relaciona imaxe e texto, se asocia grafías maiúsculas e minúsculas...)
- a escritura (obsérvase se realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	13	13	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Todos os criterios de avaliación da presente programación didáctica avaliaranse por medio dunha táboa de indicadores, e para iso levarase un rexistro que resultará de aplicar indicadores en distintas escalas de valoración ou diferentes rúbricas (un grande número deses indicadores procederán da observación directa que realice o profesorado). En todo caso, o alumnado estará informado dos instrumentos de avaliación que se empregarán para valorar o seu traballo ao longo do curso.

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (1, 2 e 3)
- 2º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (4, 5 e 6)
- 3º trimestre: media aritmética das dúas unidades didácticas (7 e 8)

A cualificación final do alumnado obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos trimestres, segundo os seguintes pesos:

- cualificación do 1º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 2º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 3º trimestre: 34% de peso na cualificación final do curso

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar, atendendo a razóns pedagóxicas, o anterior criterio (no caso de decimais entre 0 e 49), serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non acadara o mínimo de consecución dos criterios de avaliación ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalos ao final de cada trimestre, sempre que ese criterio de avaliación xunto co seu mínimo non se volvan traballar ao longo do curso. Isto, no seu caso, tería lugar nas dúas últimas semanas de cada un dos tres trimestres; e o procedemento sería o seguinte:

- Comunicación disto á familia a través da axenda do alumnado e/ou de Abalar. Nesta comunicación especificaranse aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, e o que corresponda para tal fin (sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflictido na presente programación didáctica -por exemplo, a repetición dun traballo e/ou parte deste...-).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado, o que se fará de

xeito individual empregando o método que se considere máis oportuno (explicándollo verbalmente, entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar...) e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s nun trimestre, o alumnado podería recuperalos durante o/s trimestre/s seguinte/s, repetíndose o proceso de comunicación anterior.

Se estes criterios de avaliación a través dos seus mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, o alumnado poderá recuperar a área a través dun proceso avaliación final que se porá en marcha antes de rematar as clases. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- De tratarse de algo máis ben específico (por ex.: unha tarefa ou un traballo a entregar), seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Como se indicou, de tratarse dun aspecto de aprendizaxe meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase este por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:
1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescritivo sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- aspectos da organización e a xestión da aula
- metodoloxías activas baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e na aprendizaxe por proxectos
- adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- realización de reforzos educativos
- organización de programas personalizados de enriquecemento curricular
- plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A dispoñibilidade de profesorado de apoio.
- A atención de profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

En todo caso, os tres eixos que guiarán o traballo co alumnado en relación ás medidas de atención á diversidade que se poñan en práctica son:

- Adaptación da proposta de ensino e aprendizaxe ás características individuais e sociais de cada alumna e cada alumno.

- Adopción dunha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todo o alumnado atendendo á súa diversidade.
- Realización dunha avaliación inicial do alumnado de cara á toma de decisión en relación ao proceso que guiará a súa aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento	X	X						
ET.7 - O espírito científico	X	X						
ET.8 - A educación para a saúde			X	X				
ET.9 - A educación afectivo-sexual					X	X		
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade							X	X
ET.12 - A educación para o consumo responsable	X	X					X	
ET.13 - A educación para a paz		X	X	X	X	X		
ET.14 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - A acción titorial	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única área senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as áreas da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 13.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 14, 15 e 16.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña dos elementos transversais indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ti tamén contas	Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, as familias representarán en castelán un conto adecuado a súa idade.	X	X	X
Actividades culturais	Asistencia a actividades e charlas en castelán na procura de establecer no alumnado interese con aspectos relacionados coa língua.	X	X	X
Obradoiros específicos	Tarefas de investigación, aprendizaxe e interese polo traballo en equipo empregando o castelán.		X	X

Observacións:
O centro conta cunha serie de criterios que se establecen para concretar a selección e a organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. En relación a eses criterios e á decisión adoptada de que todas as actividades complementarias que se realicen sexan integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, e fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto, obsérvase nas actividades propostas:

A actividade Ti tamén contas en castelán pretende abrir a aula ás familias e facilitar o contacto e a implicación destas co centro, coa aula e, o que é máis importante, coa educación e o proceso de aprendizaxe das nenas e dos nenos. Ao longo do curso contactarase coas familias para propoñerlles a participación nesta actividade, que poderá realizarse nun espazo diferente á aula ordinaria, de cara a que estas coñezan os obxectivos perseguidos e se poidan concretar datas, estilo, temáticas...

Con Actividades culturais o alumnado terá un achegamento ao teatro en castelán a través dunha obra axeitada ao seu nivel educativo que lle permita adentrarse neste xénero e espertar a súa curiosidade e o seu interese e, quen sabe, a súa propia vocación. Esta obra de teatro terá lugar fóra do centro, no auditorio municipal, puidendo coincidir con outros colexios favorecendo así a convivencia con outras nenas e outros nenos.

A través de Obradoiros específicos organizados e deseñados dentro do centro, aproveitando outros espazos específicos fóra da aula, o alumnado poderá avanzar na súa aprendizaxe do castelán a través da investigación en contextos de traballo diferentes e ante temáticas motivadoras.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.
Os criterios de cualificación empregados nas avaliacións parciais/final permiten identificar as aprendizaxes do alumnado.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Facilítase ao alumnado a información dos progresos e das dificultades atopadas.
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación co departamento de orientación.
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado.

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe é unha das funcións do profesorado. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións que se desenvolven co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes do alumnado.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes

instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

A escala de valoración que se empregará será a seguinte:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia; non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas; clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais; modelo de referencia de boas prácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluirase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 10

4.2. Materiais e recursos didácticos 11

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 12

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 12

6. Medidas de atención á diversidade 13

7.1. Concreción dos elementos transversais 14

7.2. Actividades complementarias 14

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 14

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 15

9. Outros apartados 15

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para a área de linguas estranxeiras: Inglés. O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo, en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, por iso o noso centro leva traballando con Seccións Bilingües dende o curso 2013-14, forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-17 e do programa de Plurinfantil dende o curso 2017-18. Isto permítenos contar cun/ha auxiliar de conversa que nos apoiará ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Back to school	Repasaremos e ampliaremos o vocabulario e expresións básicas para moverse na escola, así como expresións para falar de un mesmo.	30	25	X		
2	Looking around me	Afondaremos o abordado na primeira unidade e extenderemos o vocabulario para que as crianzas sexan capaces de comprender e falar sobre elas mesmas e o seu entorno próximo.	30	20		X	
3	To infinity, and beyond!	Nesta terceira unidade tocaremos temas relacionados cos intereses do alumnado e o mundo máis alá da escola ou a casa.	30	15			X
4	Culture and celebrations	Esta unidade comprenderá de varias sesións ao longo do curso, e estará adicada a observar semellanzas e diferenzas culturais entre a nosa comunidade e outras propias doutros países onde se fala a lingua estranxeira, así como a celebrar ou conmemorar datas de interese para elas.	10	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Back to school	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado,		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imitar e participar de forma guiada en situacions interactivas elementais		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.

Contidos
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Looking around me	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Autoavaliar de maneira guiada os seus progresos na lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.
- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Convencións ortográficas elementais.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	To infinity, and beyond!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos	TI	100
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global		
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias elementais para comucarse de forma básica no entorno escolar		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Autoavaliar de maneira guiada os seus progresos na lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas

Contidos
- sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Culture and celebrations	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira	TI	100
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para adquirir a competencia lingüística na lingua estranxeira, é importante traballar catro habilidades esenciais: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. Tendo en conta o rango de idade, faremos especial fincapé na comprensión e expresión oral. Este ano contaremos coa axuda dun auxiliar de conversación que axudará ao alumnado a estar máis motivados cara a expresión oral e nos aportará un input lingüístico máis realista. A temática das actividades e recursos empregados terá sempre relación co entorno directo do alumnado e cos seus intereses coa fin de motivalos e conseguir unha aprendizaxe máis significativa.

• Comprensión oral (listening): Para mellorar esta habilidade, aproveitarase o entorno ou situación real máis próximo para o alumnado, é dicir: a propia clase. O profesor/a empregará lingua estranxeira durante a hora de inglés apoiándose, se fose necesario, en imaxes ou mímica para favorecer a comprensión e deixando a lingua materna coma último recurso. Ademais, traballaremos esta habilidade a través de audicións en diferentes formatos e sobre diferentes

situacións e temas relacionados cos intereses do alumnado (vídeos, contos, lecturas, audicións de situacións cotiás feitas por nativos, cancións etc.).

- Comprensión escrita (reading): Empregaranse textos en distintos formatos e soportes coa fin de que melloren esta habilidade e se acostumen a usalos, realizaranse actividades nas que teñan que amosar a comprensión escrita a través de preguntas, xogos ou actividades escritas. Por outra banda, para procurar que o alumnado desenvolva o gusto pola lectura terá á súa disposición libros adaptados ao seu nivel de inglés tanto na biblioteca de aula coma na do centro.
- Expresión oral (speaking): Como xa explicamos, a lingua vehicular será a lingua estranxeira, xa que a clase supón a situación real máis próxima e motivadora para o alumnado, así que, ademais de falar en inglés, o profesor/a tamén dotará ao alumnado de ferramentas para desenvolverse eles mesmos no idioma estranxeiro durante a clase (frases típicas, preguntas, etc). Tentarase que o alumnado empregue o inglés para dirixirse ao profesor/a e aos seus compañeiros. Tamén se realizarán todo tipo de actividades destinadas á práctica da linguaxe oral principalmente en pequenos grupos: dramatizacións, “role plays”, xogos, etc.
- Expresión escrita (writing): neste primeiro ciclo, a expresión escrita estará nun segundo plano, aínda que comezaremos a escribir algunhas palabras ou expresións moi básicas de maneira guiada.

Ademais de desenvolver estas catro habilidades terase en conta a importancia de coñecer e interesarse polas culturas dos diversos países onde se fala inglés e observar as similitudes e diferenzas coa nosa propia cultura. Con esta fin, contaremos especialmente coa persoa auxiliar de conversa, que nos pode aportar información real e actualizada do seu país. Tamén trataremos de traballar con centros e alumnados doutros países a través da plataforma eTwinning e, finalmente, sempre que poidamos, traballaremos este tema integrándoo nas diferentes unidades didácticas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital interactivo smart board.
Xogos de mesa.
Pósters e murais
Flashcards e wordcards
Altofalante
Tablet de aula
Micrófonos para facer gravacións
Diccionarios adaptados
Libros infantís na lingua estranxeira
Recursos variados extraidos de internet

Tratarase de escoller materiais atractivos dos que poidamos obter imput lingüístico o máis achegado á realidade posible, para iso é especialmente útil a conexión a internet e tódolos recursos alí dispoñibles. Por outro lado tamén contamos con materiais que o alumnado poida empregar de maneira máis ou menos autónoma e para practicar a lingua dende as diferentes necesidades do alumnado e en pequenos grupos (coma os micrófonos ou os xogos de mesa), así como materiais que acompañen ou axuden á comprensión (flashcards, diccionarios, etc).
O centro conta cun aula propia de inglés, no que as mesas están colocadas en forma de U para favorecer a comunicación, tamén ai espazo para moverse, facer xogos e cantigas TPR, así como unha pequena biblioteca cunha selección de libros escollidos na biblioteca, e outros espazos para traballar en pequenos grupos cando sexa oportuno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias de actuación e dar resposta á diversidade que atopamos na aula.
Avaliaremos aspectos como: pronunciación, escoita e comprension oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.
Para recoller dita información faremos uso da observación grupal e individual do alumnado en diferentes actividades os primeiros días. A información recollida gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**30**	**30**	**30**	**10**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Realizarase unha avaliación continua do alumnado, prestaremos especial atención e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada crianza dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias no remate do curso.
Os procedementos preferidos para avaliar serán a observación diaria, postas en común, presentacións, probas orais ou escritas, gravacións en audio e video, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, analise do portfolios do alumnado e todas aquelas

tarefas do día a día que poidan aportar datos para coñecer o nivel do alumnado.
Por outra banda, os instrumentos de referencia empregados para recoller información, serán os seguintes:

- Rúbricas
- Listas de contexo
- Caderno de observación
- Probas orais e escritas

Para obter a cualificación teremos en conta os criterios de avaliación de cada unidade e nivel, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. A cualificación de cada unidade calcularase da seguinte maneira:
90% - Media ponderada dos estándares de avaliación (cada criterio ten un peso asignado segundo a unidade, o cal ven reflectido no correcpondente apartado da programación)
10% - Participación, nivel de desempeño e o traballo diario.
E, finalmente, a cualificación de cada trimestre será a media aritmética entre os resultados nas unidades correspondentes.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. Porporanse tarefas de reforzo e apoio se fose necesario.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
A nosa programación terá en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo coas súas características persoais. Para empezar, debemos deseñar as actividades e organizar as clases dunha maneira inclusiva (DUA), e tamén ofrecer diversas maneiras de expresar e adquirir os coñecementos, agrupar ao alumnado en parellas ou en grupos para facilitar a colaboración, facilitar o movemento na aula, alternar actividades máis calmadas con outras máis activas, ofrecer actividades extra para aqueles ou aquelas que rematen antes e ofrecer apoio e adapatar o traballo para aqueles que tarden máis, etc. Ademáis destas medidas, colaboraremos coas titorías e co departamento de orientación naqueles casos nos que haxa que determinar medidas extraordinarias ou deseñar actividades direfenciadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X
ET.2 - Fomento da creatividade, o espíritu científico e o emprendemento	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X

Observacións:

Reflectimos aquí algúns dos elementos transversais que pensamos traballar ao longo do ano, pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores..	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samain, magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións especificas relacionadas coa Le	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a traves de situacións de interacción e agrupamentos variados.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregaronse variedade de recursos e incluironse as TIC
Medidas de atención á diversidade
Deseñaronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa da maior parte de todo alumnado nas diversas actividades propostas a traves de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaborouse co resto do equipo docente para levar a cabo as accións en conxunto que fose necesario
Proporcionouse información axeitada ás familias sobre o progreso das súas crianzas

Descrición:

Estos ITEMS serán avaliados durante o transcurso do curso de maneira invividual por parte do profesorado coa intención de reflexionar sobre o modelo de ensino-aprendizaxe e implementar cambios de ser necesario.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.
Para avaliar a práctica docente, faremos unha breve análise de cada unidade ao remate da mesma a través da propia aplicación proens. Independentemente, as unidades tamén son susceptibles de seren avaliadas día a día e iremos facendo cambios se fose necesario para adecualas ao noso alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	2º Pri.	5	175

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 9

4.1. Concrecións metodolóxicas 65

4.2. Materiais e recursos didácticos 67

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 68

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 69

6. Medidas de atención á diversidade 70

7.1. Concreción dos elementos transversais 70

7.2. Actividades complementarias 72

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 72

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 73

9. Outros apartados 73

1. Introdución

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.
Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.
Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

Número de alumnas e alumnos e distribución:
O nivel conta cun total de 10 alumnos e alumnas.

Análise dos resultados do curso anterior:
Todo o alumnado procede de 1º de EP, se ben hai una nena procedente doutro centro. Analizando a cualificación de matemáticas, todos teñen superada a área, se ben una nena obtivo unha calificación negativa nunha das avaliacións do pasado curso, superando finalmente a área na evaluación final.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aviones regionales	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, espacial e socioemocional. Ísto levarase a cabo a través do coñecemento e aplicación das propiedades dos números de dúas cifras, a realización de sumas e restas sen levadas con números de dúas cifras, a identificación dos números ordinais hasta o 20º, o recoñecemento e uso das moedas de céntimo de euro, a resolución de patróns numéricos e o recoñecemento do espazo mediante a diferenza entre dereita e esquerda. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso	8	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aviones regionales	os avións.	8	15	X		
2	Árbores frutales	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, da medida, alxebraico e computacional. Ísto levarase a cabo a través da identificación e utilización dos números ordinais ata o 21º, o cálculo de sumas con levadas de números de dúas cifras, o recoñecemento do centímetro e o kilo como unidades básicas de medida de lonxitude e peso respectivamente, da realización directa e estimación de medidas de peso e lonxitude e do traballo da importancia de seguir os pasos no traballo en grupo. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso as árbores da sua contorna. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	9	15	X		
3	Electrodomésticos	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, estocástico e alxebraico. Ísto levarase a cabo a través do recoñecemento das centenas e os números ata o 299, o uso da propiedade conmutativa da suma, o manexo dos billetes e moedas ata os 100 euros, a comparación e ordeación de números de tres cifras e a lectura e análise de gráfica sinxelas. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso os electrodomésticos que usan a diario na casa e aos que no día a día non lles damos importancia. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	9	15	X		
4	Naturaleza y geometría	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: da medida, numérico, estocástico e alxebraico (computacional). Ísto levarase a cabo a través da identificación dos números ata o 499, o cálculo de restas levando con números de dúas cifras, a suma de	9	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Naturaleza y geometría	números de dúas cifras que superan a centena, a identificación de prezos que superan o euro, diferenciación de liñas (rectas, curvas, poligonais, abertas e pechadas), análise de datos e construción de gráficas sinxelas, recoñecer a importancia de seguir os pasos pautados na resolución de xogos e manexo do tangram no traballo da xeometría.Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso a relación entre natureza e xeometría. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar nesta unidade.	9	15	X		
5	Los dinosaurios	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, espacial e alxebraico. Ísto levarase a cabo a través da identificación e uso dos números ata o 599, o cálculo de restas levando con números de dúas cifras, o coñecemento da propiedade asociativa da suma, recoñecemento e uso do eixe cartesiano, e identificación do valor das imaxes na resolución de xogos. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso os dinosaurios. importancia. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	14		X	
6	Arte y geometría	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: espacial e numérico. Ísto levarase a cabo a través da identificación dos números ata o 799, cálculo de sumas e restas sen levadas con números de 3 cifras, recoñecemento de triángulos, cuadriláteros e pentágonos así como de figuras simétricas e cálculo do perímetro. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso a relación entre arte e xeometría. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a	8	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Arte y geometría	través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	14		X	
7	Rascacielos	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico e alxebraico e computacional. Ísto levarase a cabo a través do cálculo de sumas con levadas con números de 3 cifras, identificación de números ata o 999, recoñecemento da equivalencia entre un euro e 100 céntimos, interpretación de rutinas de programación e resolución de problemas de cálculo mental. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso a rañaceos das grandes cidades. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	14		X	
8	El oso pardo	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, espacial e estocástico e computacional. Ísto levarase a cabo a través do cálculo de restas con levadas con números de 3 cifras, o uso de táboas de doble entrada, interpretación de pictogramas, identificación de figuras xeométricas na vida cotiá e o uso do tangram para formar figuras xeométricas cotiás. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso os animais (o oso pardo). O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	14		X	
9	Iguazú	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: da medida, numérico e estocástico. Ísto levarase a cabo a través da interpretación da información dos reloxos, interpretación dos datos no calendario, recoñecer a equivalencia entre 1 euro e 100 céntimos, recoñecer os billetes de 100, 200 e 500 euros, análise e construción de	8	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Iguazú	gráficas sinxelas e resolución de problemas relativos a viaxes e prezos. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso as cataratas de Iguazú. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	14		X	
10	Las pirámides	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: espacial, numérico e estocástico. Ísto levarase a cabo a través da interpretación dos corpos xeométricos e os seus elementos, concepto de volume, visualización en tres dimensións, redondeo á centena, identificación de patróns de regularidade numérica, importancia de seguir os pasos a seguir na construción de cubos. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso as pirámides de Exipto. O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	9	15			X
11	Las medusas	Esta unidade relacionase fundamentalmente cos seguintes sentidos: numérico, da medida e estocástico. Ísto levarase a cabo a través da utilización do kilo, medio kilo e cuarto de kilo para expresar pesos, utilización do litro, medio litro e cuarto de litro para expresar capacidades, multiplicación coa suma de sumando iguais, identificación do dobre dun número, construción da táboa do 2. Todo, vertebrado pola resolución de problemas relativos a situacións da vida cotiá, a través dos contidos propios da unidade que parten dun enfoque motivador e de interese para o alumnado, neste caso as animais (as medusas). O sentido socioemocional trabállase de forma interdisciplinar en tódalas unidades a través do desenvolvemento de actividades grupais, traballo cooperativo, respeto aos ritmos e opinións dos compañeiros, etc.	8	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido. - Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido. - Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso. - Relacións - Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada. - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns. - Educación financeira - Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias. - Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade, temperatura), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás. - Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións habituais. - Construción dun modelo de reloxo analóxico con materiais sinxelos como recurso para coñecer a relación entre os seus elementos, así como a representación das medidas temporais presentes. - Lectura da hora (en punto, medias e cuartos) en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada. - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na xestión das emocións (tempo de espera, tempo de calma e relax, quendas de intervención), na planificación do traballo escolar e no relato de experiencias persoais (secuencias temporais).

Contidos
- Medición - Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos, termómetros) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz (selección do instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades) con explicación verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Patróns - Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións¿ para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado. - Relacións e funcións - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ?. - Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias. - Organización e análise de datos - Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos. - Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos. - Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos. - Incerteza - Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos. - Crenzas, actitudes e emocións - Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión. - Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para

Contidos
- regular a frustración. - Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións¿: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea. - Contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
12	Parques acuáticos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender preguntas e informaciones aplicando estratexias na resolución de problemas.	PE	26
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar algunha estratexia na resolución de problemas.		
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter, de xeito guiado, posibles solucións aos problemas.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter, de xeito guiado, posibles solucións aos problemas.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar algunha estratexia na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter, de xeito guiado, posibles solucións aos problemas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender preguntas e informaciones aplicando estratexias na resolución de problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar algunha estratexia na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obter, de xeito guiado, posibles solucións aos problemas.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.	TI	74
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Exemplificar, de xeito manipulativo ou gráfico, situacións problemáticas relativas á vida cotiá.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas, investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxeturas matemáticas sinxelas.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Empregar, de xeito guiado, ferramentas tecnolóxicas adecuadas.		
CA1.8 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as conexións das matemáticas con outras áreas.		
CA1.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar os pasos seguidos na resolución de problemas de xeito verbal ou gráfico		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Contribuir á consecución dos obxectivos do grupo no traballo en equipo.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente formuladas	Describir verbalmente a idoneidade das solucións plantexadas.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Exemplificar situacións problemáticas relativas a vida coriá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as conexións entre as matemáticas e outras áreas.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer e adquirir vocabulario matemático básico.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar, de xeito verbal ou gráfico, os pasos seguidos na resolución de problemas.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pedir axuda só cando sexa necesario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Exemplificar, de xeito manipulativo ou gráfico, situacións problemáticas relativas á vida cotiá.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir paso a paso rutinas da vida cotiá.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.	Empregar, de xeito guiado, ferramentas tecnolóxicas adecuadas.		
CA4.8 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA4.9 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar, de xeito verbal ou gráfico, os pasos seguidos na resolución de problemas.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as conexións entre as matemáticas e outras áreas.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer e adquirir vocabulario matemático básico.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar, de xeito verbal ou gráfico, os pasos seguidos na resolución de problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pedir axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Contribuir á consecución dos obxectivos do grupo no traballo en equipo.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as conexións entre as matemáticas e outras áreas.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar, de xeito verbal ou gráfico, os pasos seguidos na resolución de problemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 999 con explicación dos procesos.
- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
- Identificación, lectura, escritura e representación (recta numérica, ábaco, bloques multibase e outros materiais manipulativos) de números naturais ata o 999.
- Composición, descomposición e recomposición de números naturais en contextos cotiáns ata 999 investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso seguido.
- Representación dunha mesma cantidade ata 999 de forma manipulativa, gráfica e numérica segundo requira cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Estimación razoada de cantidades ata o 999 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 999 en contextos significativos, con explicación oral das estratexias desenvoltas, iniciación na autorregulación do proceso e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Agrupacións manipulativas e gráficas de cantidades repetidas (2, 3, 4, 5 e 10), con investigación dos patróns para introducir a multiplicación en contextos habituais.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas con uso guiado dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, elaboración con flexibilidade e sentido, expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados, expresión ordenada destes e explicitación do proceso seguido.
- Formulación de problemas que se resolvan con operacións de suma e resta baseados en situacións habituais que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
- Identificación, representación e uso dos números pares e impares en contextos cotiáns, investigando propiedades e relacións de forma guiada.

Contidos

- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 999) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Estratexias variadas manipulativas, gráficas e con calculadora para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns.
- Educación financeira
- Resolución individual e en equipo de problemas sinxelos da vida diaria nos que se manexen prezos de obxectos cotiáns e se empreguen, relacionadas con eses prezos, moedas e billetes de euro, ademais das súas equivalencias.
- Elaboración e representación de problemas nos que sexa necesario empregar e administrar o diñeiro.
- Medición
- Experimentación individual e en equipo con unidades non convencionais presentes no seu contexto cotián e utilización de recursos dispoñibles variados para medir, comparar, atopar equivalencias e diferenzas.
- Estimación e relacións
- Experimentación (comparación, ordenación, composición, descomposición) e expresión oral, gráfica ou iconográfica e escrita das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Patróns
- Estratexias para a identificación das regularidades nunha colección ou secuencia de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás, con descrición oral e extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas en equipo con debuxos, pictogramas, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións¿ para a súa comprensión, recoñecemento de datos, elaboración e contraste de hipótese, procura do procedemento adecuado, comprobación de solucións e verbalización ou explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números e operacións con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e o uso da simboloxía adecuada = e ?.
- Obtención de datos descoñecidos nunha relación de equivalencia ou igualdade con perseveranza, explicación do proceso, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) co uso guiado de estratexias.
- Organización e análise de datos
- Lectura e interpretación de datos en representacións gráficas sinxelas para resolver problemas significativos.
- Resolución de problemas cotiáns, familiares e próximos en equipo co emprego de estratexias sinxelas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos e cuantitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos simples e recursos tradicionais manipulables e tecnolóxicos.
- Representación de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais, físicos e escolares), logo da observación e reconto, con gráficas sinxelas (barras, pictogramas) e recursos tanto non convencionais (obxectos cotiáns, imaxes, regretas, policubos, encaixables, pezas de construción, bloques...) como convencionais e tecnolóxicos para comunicalos.

Contidos
- Incerteza - Distinción, nun ámbito lúdico e cotián, entre suceso posible e imposible e utilización adecuada deses termos. - Crenzas, actitudes e emocións - Expresión oral, gráfica ou escrita das propias emocións ante as matemáticas para identificalas e atopar fórmulas persoais de xestión. - Técnicas de xestión das emocións ante as matemáticas: escenificación, autocontrol e adestramento positivo para regular a frustración. - Promoción de preguntas e pequenas investigacións matemáticas como estratexias para fomentar a curiosidade e iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Orde, claridade e limpeza como actitude que cómpre desenvolver no traballo matemático cotián. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Actitude crítica no propio traballo en equipo ante actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, analizar producións¿: responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas e a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático e a súa contribución a ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber: os animais, os transportes, as árbores, os electrodomésticos, a natureza, a arte,as construccións humáns...permiten unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.

O enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta,

solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei ?, que hipótese fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería telo resolto doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.

O profesorado vai ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. A situacións propostas a exploración e o xogo que espertan sempre o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos).
Os grupos de traballo en equipo serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

a) Organización dos espazos e recursos
Aula
Necesitamos dotar á aula dun espazo (andeis, mesas ...) no que poidamos expoñer e gardar os materias necesarios e accesibles ao alumando.
Precisaremos un espazo na parede á altura do alumnado, para representar de xeito gráfico, grande, visible e accesible para todas e todos e dun reloxo/cronómetro dixital para que aprendamos a organizarnos no tempo.
Agrupamentos.
A aula estará organizada para o traballo en equipo coas mesas colocadas en grupos de catro. Nos debates buscarase unha colocación en U ou en asemblea.

b) Organización dos tempos e secuencia proposta
Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarificarase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.

c) Pautas de emprego do material manipulativo:
A manipulación implica o emprego de material, e neste sentido, é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:
- O material presentarase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.

- Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experiementación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:
o Que aprendín?
o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
o Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación formúlase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.
Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.
A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.
Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.
Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).
Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:
- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con otros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.
No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.
Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:
- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as cualidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).
- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**9**	**9**	**9**	**8**	**8**	**8**	**8**	**8**	**9**
Proba escrita	12	12	10	8	6	16	20	25	25	21
Táboa de indicadores	88	88	90	92	94	84	80	75	75	79

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**8**	**8**	**100**
Proba escrita	18	26	**16**
Táboa de indicadores	82	74	**84**

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.
A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:
1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL

2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.

3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM

4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.

5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.

6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.

7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.

8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.
Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.
Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.
Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.
Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.
Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X		X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Espírito científico	X			X	X			X
ET.7 - Espírito do emprendemento		X				X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes		X				X		
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X	X				X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X				X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X		
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico				
ET.7 - Espírito do emprendemento	X	X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X		X
ET.9 - Educación para a Paz	X	X	X	X
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.				

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.
Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. A resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades. Por outra banda, a competencia dixital será traballada en tódalas unidades tendo en conta o traballo, dentro da súa capacidade, coa pizarra dixital da aula e as actividades interactivas plantexadas. O fomento da creatividade tamén se potencia en todas elas ao facer pensar ao alumnado tanto na resolución como na creación de situacións problemáticas relativas a vida cotiá que lles permitan adquirir eses contenidos significativos para poder aplicarlos no seu día a día.
Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída salvamento marítimo Ferrol terra	Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao mercado (ou supermercado) da vila.	X		
Saída pola Vila de Maníños	Recoñecemento dos sectores productivos da zona (ferretería, panadaría, farmacia. etc.).		X	
Receitas de Entroido	Como actividade complementaria desta unidade proponse facer unha degustación no colexio de distintas receitas do Entroido. A este ciclo correspóndelle elaborar doces, e, neste nivel en concreto, orellas.		X	
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo, desenvolvendo así a convivencia positiva.			X

Observacións:
Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo re collidas na PXA.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Porcentaxe de alumnado que o curso pasado suspendera a materia de matemáticas e que este curso acadou unha valoración positiva. Indicador de logro:50% do alumnado debe ter avaliación positiva.

- Porcentaxe de alumnado que estea repetindo curso e que este curso acadou unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 50% do alumnado debe ter avaliación positiva.
Metodoloxía empregada
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
Medidas de atención á diversidade
- Eficacia e efectividade dos recursos humanos e materiais empregados nas medidas de atención á diversidade. Indicador de logro: 80% de eficacia (mellora nos resultados académicos do alumnado afectado).
Clima de traballo na aula
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Interaccións e reunións suficientes coas familias e co equipo docente en la identificación de dificultades e potencialidades en beneficio dos discentes.

Descrición:

Avaliaremos trimestralmente en relación aos indicadores de logro fixados. No caso de non acadar o indicador de logro proposto, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas na seguinte avaliación parcial ou, se estamos na última avaliación, para incluír na programación do vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, escóitaa das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.
Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.
A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos descubrimentos!	Coido a miña casa (son feliz coa miña familia) e a casa común (coido e melloro a natureza e a todos os seres vivos que me rodean) Relato: A Creación. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea Álbum de Personaxes: Adán e Eva Coido as persoas e melloro o mundo. Plantamos as nosas propias plantas, coidamos delas e vémolas medrar. Traballamos as emocións dos demais e as nosas propias, en asemblea.	14	5	X		
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	Deus quérenos seus amigos. Cantos personaxes na Biblia, que son amigos de Deus, e por que. Como se comunicou Deus cos seus amigos: Relatos de Moisés, Samuel e Elías (álbum de personaxes) Onde atopamos historias de Deus e os seus amigos: a Biblia, como libro sagrado para os cristiáns na Igrexa. Traballamos coa tablet, por grupos. A Biblia como fonte de inspiración artística. Traballamos o autoconcepto e responsabilidade de cada un de nós cara os	16	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	demais	16	5	X		
3	Un grande agasallo: Xesús!	O calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal. Elaboramos unha coroa de Advento na aula. A impotancia do Si de María á mensaxe de Deus! Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar. Relato de Nadal. Álbum de Personaxes: Sagrada Familia, Anxo e Pastores. O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas.. Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco do Nacemento.	15	5	X		
4	Amor. O Mandamento Novo.	Introdución aos sacramentos: O bautismo de Xesús. Mandamento do Amor. O grande agasallo que nos fai o noso Pai, Deus, co seu Fillo: Xesús e o seu mandamento Descubrimos con que palabras Xesús nos transmitiu o seu Amor e construímos entre todos un grande quebracabezas con forma de corazón que enchemos con palabras de accións que transmitan ledicia e mimen o noso corazón Álbum de Personaxes: Os tres Magos de Oriente Relato Bíblico e interpretación na aula: O bo samaritano. A responsabilidade de todos para con todos.	14	5		X	
5	Desde a madeira da túa Cruz!	O calendario litúrxico. Tempo de Coresma, Semana Santa e Pascua. A cruz, a entrega mais grande de Amor , de gratuidade. A gratitude polas boas accións dos demais. Aprendemos a escoitar e a escoitarnos (o noso interior), facemos un pequeno retiro cara o noso interior guiados pola mestra/e, sentíndonos ao pé da Cruz de Xesús. Álbum de Personaxes: Xesús. O Perdón e a súa importancia nas nosas vidas. A paixón de Xesús repasámola cun xogo de Kahoot. Relatos bíblicos de perdón. Interpretamos na aula os distintos papeis dos personaxes. Traballamos a resolución pacífica de conflictos, con exemplos, como facía Xesús coas parábolas. Manualidade de Semana Santa ou/e de Pascua.	15	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Desde a madeira da túa Cruz!		15	5		X	
6	Contigo, que grande equipo!	Personaxes bíblicos que promoven a vida en comunidade: Os apóstolos. A igrexa. Grupo de pertenza con Xesús. Compartimos xuntos tempo de calidade, celebrando a lectura dun relato bíblico de xeito especial: relacionado cos comezos dos apóstolos ou da Igrexa. Taboleiro co scornabot e xoutros xogos, por equipos. Álbum de Personaxes: Os 12 apóstolos de Xesús. Atención especial aos que mais sofren.	14	5			X
7	Celebramos xuntos!	Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de comunicación e transmisión de cultura. Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á Maria, patrón/patroa... Celebramos o inicio da pronta chegada do tempo de vacacións xuntos celebrando coa lectura dun relato bíblico de xeito especial: sobre como vivían os primeiros cristiáns. Lectura no patio para admirar a beleza que nos rodea, se procede. Álbum de Personaxes: Os pais de Xesús María e Xosé; e os seus avós: Xoaquín e Ana, os pais de María Repaso de fin de curso ao tempo que preparamos a nosa carpeta de traballos, se temos.	12	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Novo curso, novos descubrimentos!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respeto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respeto e coidado dos seus compañeiros/as de clase en diversas situacións É autónomo e, ademais está pendente de coidar e de colabora cos demais, se é preciso Respecta o cidado e limpeza no patio durante o recreo e nos momentos de entrada e saída do centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.

UD	Título da UD	Duración
2	Cantos amigos de Deus atopo na Biblia!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Mostra actitudes de respeto, mediación e coidado dos seus compañeiros/as de clase e da natureza no patio, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a amizade.	TI	100
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Trata a Biblia como libro sagrado que é con respecto e cariño Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Iglesia, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

UD	Título da UD	Duración
3	Un grande agasallo: Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica os signos do Advento como tempo de espera Identifica costumes e tradicións na súa familia, no Nadal Recoñece a Xesús coma o agasallo mais importante do Nadal Valora que a importancia do Nadal non son os agasallos senon compartir tempo cos seres queridos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflictan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	Amor. O Mandamento Novo.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para vivir e ser feliz, na súa familia, no colexio cos compañeiros/as	TI	100
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fraxilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Está pendente do novo alumnado e do que se queda só para traballos de grupo Defende os mais desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	Desde a madeira da túa Cruz!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario. Entende que o pai do fillo pródigo perdoa sempre ao seu fillo, Interven nos conflictos, mediando as situacións de xeito pacífico	TI	100
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros.	Nomea acontecementos importantes da vida de Xesús e é consciente da súa dor na Cruz É quen de perdoar en distintas situacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.

UD	Título da UD	Duración
6	Contigo, que grande equipo!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fraxilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Defende os mais desfavorecidos nos grupos e denuncia as situacións que considera inxustas. Trata por igual, con afecto e cariño aos seus compañeiros/as intermediando se é necesario Descubre e nomea situacións nas que necesita ás persoas para ser felices, na familia, no colexio cos compañeiros/as.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Entende que María, a nai de Xesús, e os apóstolos, tiveron momentos de moita alegría, pero outros moi dolorosos e é quen de compartir os seus momentos alegres e complicados co resto dos compañeiros/as.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos xuntos!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	É quen de identificar os cruceiros da súa contorna como manifestacións artísticas que recordan a Xesús na cruz Define a igrexa como lugar de encontro dos cristians	TI	100
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Manifesta respecto ao describir as festas do seu pobo como tradición vivida e compartida en comunidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

Contidos
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - María, a Nai de Xesús. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a
Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.
Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.
Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas póndome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir retos.
E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.
Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.
Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestra, e desde a cooperación no traballo, especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.
En reli, os alumnos/as inícianse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser; irán descubríndoo nos símbolos e signos da súa contorna, no progreso do curso e na humanización consciente,

na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.
Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.
Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:
. Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
. Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.
. Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía.
. Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
. Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4 da LOMLOE, Ensino básico, sinálase que cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe.

b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS
- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS
Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento.
Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.Será unha organización o mais flexible posible.
Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito amosarase parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais e humanos
Recursos espaciais
Distintos recursos materiais
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais e medios audiovisuais
Robots educativos

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe".
Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:
Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzles, biblioteca de aula...
Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas, parábolas en láminas de cores...
Material informático e medios audiovisuais.Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blog, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...
Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental)
Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...
Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.
Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charón, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.
A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades dixitais.
Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio e reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas ou de recuperación, no caso de seren oportunas, así como valorar a necesidade de posibles ampliacións.
E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**14**	**16**	**15**	**14**	**15**	**14**	**12**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...
Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN
a) Parte actitudinal: 45%
Aproveitamento do tempo.
Esforzo e participación con interese en cada sesión.
Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
Respecto ás normas de funcionamento na clase.
Atende e participa nas explicacións.
Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20%
O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.
Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 35%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.
O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa foi apuntado con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, aula virtual e/ou blogue... con propostas sinxelas de reforzo...
Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.
Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.
O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.
A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.
Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.
Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.
Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.
Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer!	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de E-A:
* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
* Igualdade entre mulleres e homes.
* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
* Competencia dixital
* O fomento da creatividade e a formación estética, no alumnado
* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
* Comprensión da lectura. A comprensión lectora, que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
* Expresión oral e escrita, positivas
* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento social e empresarial
* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
* Educación para a saúde
* Educación emocional e en valores
* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:
O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén	Materiais non definidos polo momento	X		
Participaremos en todas aquelas programadas no centro.	Diferentes actividades interdisciplinais organizadas dende os diferentes equipos.	X	X	X

Observacións:
A LOMLOE no artigo 5bis, di:
"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade""

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Avalío constantemente a miña propia práctica docente, establecendo puntos fortes e febles.
O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado
Metodoloxía empregada
Conseguise crear un conflito cognitivo que favoreza á aprendizaxe
Valorouse apropiadamente o traballo cooperativo do alumnado
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación
O alumno/a participa activamente en todo o proceso
Dáse un peso real á observación dentro do traballo da aula
Priorizo os valores cristiáns e os procedimentos sobre os conceptos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación adecuada das novas tecnoloxías no proceso de E-A
Medidas de atención á diversidade
A atención é personalizada e axeitada á diversidade do alumnado
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
Tomouse algunha medida curricular e/ou organizativa para atender ao alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a motivación e participación activa do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias
Participamos en propostas doutros equipos do centro
Potenciamos e favorecemos o espírito de grupo de toda a comunidade educativa
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona ou suxire o centro

Descrición:

Elaboraranse rúbricas que rexistres diferentes aspectos da práctica docente:
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
7.- Préstase atención aos temas transversais?
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos descritores de desempeño?

10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO
Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.
Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa persoa coordinadora do 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:
ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente
-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
* Aos alumnos.
* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

1. Concrecións dos diferentes plans do centro (convivencia, TIC, plan lector)

Buscaremos un ambiente educativo de auténtica convivencia, co obxectivo primordial de crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados, proxectando no alumnado valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.
No marco do plan global dixital de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso estas serán incorporados na práctica da aula.
A lectura de textos é unha práctica común e habitual da clase de relixión. Non en va é a Biblia un piar de referencia da asignatura. Serán asimesmo lidos na clase contos sobre valores, revistas misioneiras, prensa diaria e revistas de variadas materias.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	2º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 12

4.2. Materiais e recursos didácticos 12

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 13

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 13

6. Medidas de atención á diversidade 14

7.1. Concreción dos elementos transversais 15

7.2. Actividades complementarias 16

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 17

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 18

9. Outros apartados 18

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Ciencias Sociais de 2º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
No uso da autonomía que proporciona a normativa vixente, e seguindo as pautas establecidas polo equipo de ciclo e a pola comisión de coordinación pedagóxica, adaptaremos o currículo xeral á realidade do noso centro. Está programación será así o eixo vertebrador do proceso de ensino aprendizaxe.
A área de Ciencias Sociais (a partir de agora, CCSS), ten como obxectivo achegar ao alumnado ao coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, as CCSS deben proporcionar as ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.
Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade (6/7 anos), o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar da/o compañeira/o. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. As relacións sociais son cada vez máis abertas, deixando atrás a tendencia ao egocentrismo no que vivían na etapa anterior.
Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 60 alumnas e alumnos e que conta con 10 alumnos no 2º curso (6 alumnas e 4 alumnos).
O colexio conta con diferentes recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio, unha biblioteca incluída no programa PLAMBE, e un espazo multiusos no que se pode facer, entre outros, representacións teatrais e actividades intergrupais.
Esta programación didáctica planifícase con sete unidades didácticas cunha temporalización trimestral: tres no primeiro trimestre, e dúas no segundo e no terceiro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra e o universo	Nesta primeira unidade didáctica do curso, entre outros aspectos trataremos os principais elementos do universo e a relación co noso planeta, os fenómenos atmosféricos ou os cambios que se producen ao longo das catro estacións.	15	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Estudamos o aire	Traballaremos aspectos relacionados con levar un estilo de vida sustentable e aprenderémoslle ao alumnado a evitar a contaminación atmosférica. Neste sentido, levaremos a cabo unha investigación a través da búsqueda en internet e unha posterior exposición dos resultados sobre a cantidade de CO2 presente na aula de segundo.	15	15	X		
3	Coidamos o medioambiente	Traballaremos a responsabilidade ecosocial e a necesidade de aplicar a regra das tres grandes R (reducir reutilizar e reciclar). Desenvolveremos tamén as orientacións espaciais básicas a través dun plano, mediante xogos.	15	15	X		
4	As nosas familias	Analizaremos a diversidade de modelos de familia a través das familias do noso alumnado, mediante as biografías familiares e as àrbores xenealóxicas.	10	15		X	
5	Hai traballos de mulleres e traballos de homes?	Trataremos os contidos relacionados cos diferentes sectores económicos e as profesións desde unha perspectiva de xénero, centrándonos especialmente nas profesións relacionadas coas tecnoloxías. Veremos tamén nesta unidade didáctica os diferentes medios de transporte, distinguindo entre os de persoas e os de mercadorías.	15	15		X	
6	Vivimos en sociedade	Faremos un achega ao que supón vivir en sociedade a través dos elementos máis próximos ao alumnado: o concello e os seus servizos, a xente (a identidade e diversidade cultural) ou a convivencia (normas e seguridade vial).	15	15			X
7	Investigamos a nosa historia	Achegaremos a historia local ao alumnado a través dun traballo de investigación sinxelo: expresións e producións artísticas locais e obxectos da vida cotiá. Buscaremos facer unha aproximación aos conceptos de cambios e continuidade.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra e o universo	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - A Terra no universo. Elementos, movementos e dinámicas relacionados coa Terra e co universo e as súas consecuencias na vida diaria e na contorna. Secuencias temporais e cambios estacionais. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación.

UD	Título da UD	Duración
2	Estudamos o aire	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - Fenómenos atmosféricos. Observación, reflexión e rexistro de datos atmosféricos. Comprobación do observado nos diferentes medios de comunicación. - Hábitos de vida sustentable. O aire como elemento imprescindible para a vida. A contaminación atmosférica - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

UD	Título da UD	Duración
3	Coidamos o medioambiente	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	100
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Orientacións espaciais, nocións básicas para que lle permitan orientarse nun debuxo, nun plano ou en maquetas simples da contorna máis próxima. - Responsabilidade ecosocial. Accións para a conservación, a mellora e o uso sustentable dos bens comúns. - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
4	As nosas familias	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	100
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural e cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer personaxes históricos, con especial atención ás mulleres relevantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
5	Hai traballos de mulleres e traballos de homes?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais seguindo indicacións.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Posibilidades seguras de procura guiada de información na internet. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medios de transporte máis comúns na contorna, recoñecendo os máis adecuados para as persoas e/ou mercadorías.

UD	Título da UD	Duración
6	Vivimos en sociedade	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	100
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas e algunha das funcións que cumpren.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer as normas básicas como peóns e cidadáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tipos de profesións presentes na contorna próxima e relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía, desde unha perspectiva de xénero: similitudes, diferenzas e ferramentas que empregan. - Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Identidade e diversidade cultural: existencia de realidades diferentes e aproximación ás distintas etnoculturas presentes na contorna. A convivencia cos demais e o rexeitamento ás actitudes discriminatorias. Cultura da paz e non violencia. - A localidade e o seu goberno. O concello e os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía. A pertenza a grupos sociais da localidade: deportivos, recreativos, culturais¿ - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas básicas nos desprazamentos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - A vida en sociedade. Espazos, recursos e servizos da contorna entendidos como bens comúns e compartidos. Formas e modos de interacción social en espazos públicos desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
7	Investigamos a nosa historia	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.

Contidos
- Propostas de traballo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. - Uso de obxectos e artefactos da vida cotiá como fontes para reflexionar sobre o cambio e a continuidade, as causas e as consecuencias. - O ciclo vital e as relacións interxeracionais. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. Tomade conciencia do paso do tempo, ordenando os feitos máis importantes da súa vida, da familia, da súa contorna... - As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta programación didáctica remítese, en primeira instancia, ás liñas de actuación recollidas no currículo da área de Ciencias Sociais, que se desenvolverán ao longo das diferentes sesións da materia.
As unidades didácticas propostas permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa, e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, polo menos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave en relación ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.
En xeral, buscarase favorecer o desenvolvemento integral de cada alumna e alumno, tendo en conta o contexto social no que se desenvolven os procesos de ensino e aprendizaxe e buscando a implicación de todo o centro e da comunidade educativa, con especial consideración ás familias. Potenciarase a educación no respecto pola diversidade e a mellora das relacións sociais, co obxectivo de favorecer un adecuado clima de convivencia escolar e comunitario.
Algúns dos principios metodolóxicos que guiarán a nosa práctica docente son os seguintes:

- Especial atención á diversidade e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa resolución de problemas da vida real.
- Traballo da lectura, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Deseño e posta en práctica de actividades de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

En función da natureza das tarefas propostas, estas levarán a cabo en gran grupo (toda a clase), pequeno grupo, parellas e individual.
Para finalizar, é importante mostrarlle ao alumnado o sentido e a función da tarefa que están a levar a cabo, aludindo á súa funcionalidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libreta e caderno de clase
Computador de aula
PDI

Computadores da sala de informática
Recursos bibliográficos (biblioteca)
Material funxible
Globo terráqueo
Materiais de elaboración propia na aula virtual do centro
Libreoffice writer // Word
Kahoot
Liveworksheets

Empregaremos unha variedade significativa de materiais e recursos didácticos para ofrecer ao alumnado un amplo abano de posibilidades adaptadas á especificidade de cada alumna ou alumno, e das diferentes unidades. Procurarase, na medida do posible, o emprego de materiais e recursos públicos e gratuitos, e, no caso de aplicacións e recursos dixitais, que cumplan os criterios de gratuidade, acceso libre e seguridade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado na área de Ciencias Sociais seguirá dúas liñas:

- A revisión dos informes individualizados e/ou historiais académicos, especialmente para o caso do alumnado que non se coñeza xa de cursos anteriores. De ser posible, procurarase contactar coas persoas titoras do curso anterior.
- A realización de probas sinxelas co fin de coñecer o nivel competencial do alumnado, así como os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes específicas na área de Ciencias Sociais. Procurarase o emprego de diferentes instrumentos de avaliacións adaptados á idade do alumnado.

As probas específicas levaranse a cabo nas dúas primeiras semanas de curso, e terán o obxectivo de adecuar a programación didáctica ás necesidades reais do grupo en xeral e de cada alumna ou alumno en particular. Neste eido cómpre ter en conta o distinto perfil do alumnado:

- Alumnado do centro, coñecido ao terlle impartido docencia o curso anterior
- Alumnado de nova incorporación, con informes individualizados
- Alumnado de nova incorporación sen informes individualizados por proceder do estranxeiro

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de necesidades específicas individuais e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**UD 6**	**UD 7**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**15**	**10**	**15**	**15**	**15**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptacións ou reforzos específicos, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
Pautas:

- No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das diferentes unidades didácticas que compoñen o trimestre.
- Para calificar cada unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores, e para iso levarase un rexistro que resultará de aplicar ou escalas de valoración ou rúbricas.
- Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, traballos individuais, realización de experimentos, de proxectos...

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre. Unidade didáctica 1: 30% + Unidade didáctica 2: 30% + Unidade didáctica 3: 40%
- 2º trimestre. Unidade didáctica 4: 50% + Unidade didáctica 5: 50%
- 3º trimestre. Unidade didáctica 6: 50% + Unidade didáctica 7: 50%

A cualificación final do alumnado, obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos trimestres, segundo os seguintes pesos:

- 1º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- 2º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- 3º trimestre: 34% de peso na cualificación final do curso

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto (no caso de decimais entre 0 e 49), atendendo a razóns pedagóxicas, serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final a concretar.

Criterios de recuperación:

De acordo coa orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regúlase a avaliación nesa etapa educativa, a avaliación será global, continua e formativa. Porén, as cualificacións terán en conta o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos, e o progreso e dificultades de aprendizaxe do alumnado.
O alumnado con cualificacións negativas ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalas, tras seguir un programa de reforzo individualizado, feito que será debidamente comunicado ás familias e/ou responsables polo sistema de comunicación recollido no protocolo de comunicacións do centro (correo electrónico ou mensaxe Abalar).

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.
Na avaliación inicial, e en coordinación co equipo docente e o Departamento de Orientación, desenvolveranse as

seguintes medidas no caso de ser precisas:
Medidas ordinarias
Están destinadas a facilitar a adecuación do currículum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de aprendizase. Sinalamos as seguintes:
1. Como medida de detección de necesidades específicas, propoñemos unha avaliación frecuente que comece a efectuarse, como é preceptivo, no mesmo inicio do curso.
2. Propoñemos unha organización do curso no que o alumnado con mellor adaptación axude e colabore co que menos adaptación presente ás diferentes áreas. Deste xeito, o alumnado convírtese en protagonista do proceso de atención á diversidade.
3. Como medida de atención ao alumnado que manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos ou de madureza intelectual, con respecto ao nivel medio do grupo, propoñemos unha atención paralela que permita proporcionarlles actividades motivadoras que supoñan un maior desafío na busca de información e establezan novos horizontes temáticos e novas conexións entre os contidos, co obxectivo adicional de fomentar a colaboración coas tarefas docentes en beneficio do resto do alumnado.
4. Como medida de atención alumnado que manifeste dificultades con respecto ao nivel medio do grupo serán, así mesmo, atendidos individualmente segundo as necesidades específicas: material complementario que permita achegarse aos obxectivos básicos, adaptación de actividades, etc.
5. Como medida de atención ao alumnado que se incorpore ao curso unha vez comezado, analizaremos cada situación individual en base aos informes persoais por traslado e ás recomendacións do do Departamento de Orientación. En función deses informes propoñemos unha avaliación individualizada, a través dunha entrevista persoal, para determinar o grao de competencia na área. Deseguido, o docente informará ao alumnado implicado, a partir da programación oficial, de todos os aspectos da área que sexan relevantes. Despois de todo isto, o alumnado implicado pasaría a atenderse segundo as medidas que detallamos no punto anterior, o 4 (ou 3 se fose o caso).
Medidas extraordinarias
Están destinadas a atender as necesidades específicas de apoio que requiran modificacións significativas do currículum ou da organización do proceso educativo.
Serán aplicadas cando as medidas ordinarias de atención á diversidade sexan insuficientes. Aplicaranse en casos nos que as barreiras para conseguir os obxectivos da aprendixase sexan extraordinarias, casos que oficialmente se protocolarizan como NEE (necesidades educativas especiais) e/ou NEAE (necesidades específicas de apoio educativo). Nestes casos, o docente coordinarase co profesorado titor, coa coordinación de ciclo e co Departamento de Orientación, para planificar e desenvolver as actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.
Durante o proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporanse medidas de reforzo individualizadas para alumnado implicado.
Á parte da atención especial durante o proceso de ensino, para o alumnado NEE ou NEAE serán deseñadas probas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas.
Atención educativa virtual
O alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas, será atendido a través da aula virtual ou daquelas outras ferramentas que poideran proporcionar as autoridades educativas.
Tal e como indica a lexislación vixente, o alumnado que permaneza un ano máis en 2º de Educación Primaria seguirá un plan específico de reforzo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade		X	X				X
ET.6 - Emprendemento		X	X				X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X		X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X				
ET.11 - Educación para a saúde, incluida a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.				X	X	X	
ET.14 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:
Na área de Ciencias Sociais, os elementos transversais que se elixiron e se distribuíron nas distintas unidades didácticas, traballaranse do seguinte xeito:
1. Os elementos transversais 1 a 3, 7 e 8, 11, 12 e 14, abórdanse no desenvolvemento de cada unidade didáctica, a través das diferentes actividades ordinarias que desenvolven os contidos propostos.
2. Os restantes elementos transversais, abordaranse do mesmo xeito nas unidades sinaladas (actividades ordinarias), e en actividades e conmemoracións específicas: Día de Europa, Día da Declaración dos Dereitos Humandos, Semana da Constitución, Día Mundial do Medioambiente, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a confraria de Barallobre.	Aproveitaremos esta visita para traballar aspectos medioambientais e da relación entre o ser humano e a fauna mariña.	X		
Día Internacional da muller	O 8 de marzo realizaremos unha xornada no centro educativo cos traballos grupais realizados polo alumnado sobre mulleres senlleiras da historia.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á vila e os seus comercios máis representativos.	Aproveitaremos a unidade 6, "Vivimos en sociedade", para facer unha visita ao núcleo da nosa localidade para ver o funcionamento e as características principais dos comercios máis representativos.			X
Radio escolar e robótica.	Ao longo de todo o curso, empregaremos estas ferramentas dixitais co obxecto de mellorar a alfabetización dixital do alumnado.	X	X	X

Observacións:
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación das aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das UD adáptase ás características do grupo de alumnado
As actividades complementarias realizadas son axeitadas
As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía
Metodoloxía empregada
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA)
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar
Utilízanse recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adáptase a secuenciación das tarefas ás necesidades do alumnado
Clima de traballo na aula
Mantense o interese do alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado
Realízase unha coordinación co profesorado con dispoñibilidade horaria que apoia dentro da aula

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.
Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos incluiranse, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.
De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).
Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:
1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:
• Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
• Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
• Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).
3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:
• O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
• A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
• A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
• O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.
A información que se obteña incluirase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 15

4.2. Materiais e recursos didácticos 16

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 17

6. Medidas de atención á diversidade 18

7.1. Concreción dos elementos transversais 19

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 21

9. Outros apartados 22

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro é de liña un, é dicir, ten 6 unidades, sendo 1 delas de educación infantil e 5 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no segundo curso da etapa, polo que conta con sete anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o laboratorio.

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É O NOSO CORPO?	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os cambios do corpo a través do tempo, así como a identificar e coñecer as funcións máis importantes do noso corpo.	15	12	X		
2	APRENDEMOS A COIDARNOS.	O eixe vertebral da unidade xira en torno as funcións vitais do ser humano e os órganos implicados, xunto cos hábitos saudables do benestar emocional e social.	15	12	X		
3	ONDE HAI VIDA?	Nesta unidade acercarase ó alumnado o seu medio natural máis próximo para coñecer de primeira man as adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, fomentando o respecto e o coidado cara os seres vivos e o medio no que viven.	20	12		X	
4	OS ANIMAIS E AS PLANTAS.	A motivación nesta unidade parte sobre o coñecemento das características dos animais e das plantas para a súa identificación e clasificación por parte do alumnado. Ademais, traballarase o coidado do medio no que viven, fomentando	20	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	OS ANIMAIS E AS PLANTAS.	actitudes de respecto cara eles.	20	12		X	
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	Durante esta unidade acercarase ao alumnado ao mundo da materia e dos materiais, coñecendo as súas propiedades e a súa orixe. Ademais, experimentarase coas substancias puras e as mesturas para coñecer de primeira man as súas características, así como coa luz e co son como formas de enerxía presentes na vida cotiá.	15	11			X
6	AS MÁQUINAS.	Nesta última unidade do curso, observaranse as máquinas e aparellos do entorno do alumnado para coñecer os seus compoñentes básicos. Por outra banda, experimentarase e observaranse os efectos das forzas en estruturas sinxelas.	15	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMO É O NOSO CORPO?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.
- Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación.
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	APRENDEMOS A COIDARNOS.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer e identificar as principais partes do corpo e os órganos máis importantes.	PE	25
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	75
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, identificando as emocións propias e as dos demais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.

Contidos
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Introdución das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguras. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	ONDE HAI VIDA?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, propiedades e a organización dos seres vivos do seu entorno.	PE	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	65
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.

Contidos
- As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar en que cobren as súas necesidades. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	OS ANIMAIS E AS PLANTAS.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, propiedades e a organización dos seres vivos do seu entorno.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	DE QUE ESTÁ FEITO?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais de forma guiada.	PE	35
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	65
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer o comportamento da luz e do son na vida cotiá.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.

Contidos
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna en que viven, evitando a degradación do solo, do aire ou da auga. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	AS MÁQUINAS.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analizar o efecto das forzas sobre obxectos de uso común.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna.

Contidos
- Estruturas resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 1 e 2, o alumnado afondará no coñecemento do corpo, os cambios que se producen nel co paso do tempo, identificando as partes do corpo humano e os ósos, articulacións e músculos máis importantes, así como as funcións vitais a través de actividades como a elaboración dunha liña do tempo coas etapas da vida, construción dun esqueleto móbil ou a elaboración dun emociómetro, entre outras.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo das unidades 3 e 4, o alumnado realizará observacións de animais e plantas da súa contorna para coñecer e comprender mellor os seres vivos que os rodean, obtendo e rexistrando datos significativos dos mesmos, como poden ser as características físicas, alimentación, tipo de reprodución ou o crecemento dunha planta.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 5, o alumnado experimentará coas substancias puras e as mesturas heteroxéneas, así como coa luz (descomposición, reflexión e refracción da luz a través de actividades como o disco de Newton ou a reflexión e refracción empregando auga) e co son, analizando e experimentando como se transmite a través de distintos tipos de materia (auga, aire, obxectos sólidos...).

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta, construír un robot empregando material de refugallo, analizar o funcionamento de máquinas e aparellos da súa vida cotiá e realizar construcións sinxelas para analizar os

efectos das forzas sobre elas.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Ademais, o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais e o corpo humano, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.
-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Terra Azul, A caixa do correo,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo,, recuncho da Paz (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

·Recoñecer as características básicas dos animais, plantas e do corpo humano a través dun debuxo.
·Test da figura humana.
· Actividades de comprensión e expresión oral a través de vídeos ou imaxes sobre diferentes tipos de ecosistemas, identificar materiais na aula ou obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento como "Vexo-Penso-Pregúntome".
·Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente, hábitos saudables, ou outras temáticas.
·Realización de actividades dixitais empregando unha tableta ou ordenador.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**20**	**20**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	40	25	35	40	35	30	**34**
Táboa de indicadores	60	75	65	60	65	70	**66**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 35%.

UNIDADE 2: Probas escritas: 25%. Rúbricas: 45%. Lista de Cotexo: 20%. Escala de observación: 10%

UNIDADE 3: Probas escritas: 35%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%. Escala de observación: 5%

UNIDADE 4: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 35%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%. Escala de observación: 5%

UNIDADE 6: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 50%. Lista de Cotexo: 20%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.3 + nota 2ª avaliación x 0.4 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita ou oral sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades, así como o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha

atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais¿

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+ ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.			X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X			
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X					
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...	X		
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.		X	
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...		X	
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.

Actividades adecuadas.
Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Rol do docente.
Temporalización.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Procedementos de avaliación.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliacion do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 11

4.2. Materiais e recursos didácticos 12

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 12

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 13

6. Medidas de atención á diversidade 13

7.1. Concreción dos elementos transversais 14

7.2. Actividades complementarias 14

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 15

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 15

9. Outros apartados 15

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 2º curso de Educación Primaria para a asignatura de Educación Plástica e Visual . O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo; en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, o noso centro forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-2017, co cal quere dicir que a asignatura de Plastica é unha materia bilingüe, pero non por iso queremos darlle menos valor a esta área, a adquisición de contidos e as experiencias que levemos a cabo terán prioridade, sen dúbida, por encima da adquisición da lingua estranxeira.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Arte e experimentación 1	Unidade onde traballaremos diferentes tipos de materiais, tratando de experimentar o máis posible coas súas posibilidades, ás veces de forma guiada e outras de maneira libre. Tamén coñeceremos os traballos de artistas próximas, tanto plásticos coma audiovisuais, tratando de fomentar unha conciencia artística e respetuosa.	30	13	X		
2	Arte e experimentación 2	Unidade de continuación onde seguiremos traballando con diferentes tipos de materiais, tratando de experimentar o máis posible coas súas posibilidades, ás veces de forma guiada e outras de maneira libre. Tamén coñeceremos os traballos de artistas próximas, tanto plásticos coma audiovisuais, tratando de fomentar unha conciencia artística e respetuosa.	30	9		X	
3	Arte e experimentación 3	Unidade de continuación onde seguiremos traballando con diferentes tipos de materiais, tratando de experimentar o máis posible coas súas posibilidades, ás veces de forma guiada e outras de maneira libre. Tamén coñeceremos os traballos de artistas próximas, tanto plásticos coma audiovisuais, tratando de fomentar unha conciencia artística e respetuosa.	30	7			X
4	Celebracións tradicionais e culturais	Unidade que se desenvolverá durante todo o curso, adicada a traballar as expresións artísticas relacionadas coas diversas festividades (Samaín, Nadal, Letras Galegas...), así como a tirar proveito de saídas ou actividades con carácter artístico.	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Arte e experimentación 1	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada,		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
· Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Quenes foron esas galegas?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Encantadas/os de vos coñecer	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. · Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Galegas, revelade quen fostes!".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.
O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir as personaxes galegas de relevancia en cada un dos ámbitos e disciplinas de coñecemento. Cada grupo cooperativo terá asignado un determinado tema:

- Mulleres científicas
- Mulleres escritoras
- Mulleres deportistas
- Mulleres políticas
- Mulleres artistas

...
Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que buscar toda a información recollida das distintas mulleres escollidas na correspondente categoría.

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Buscas na web

...

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre). Album de cromos, revistas, exposición en murais, carnés de identidade con QR, presentación dixital, cartolinas...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e farase un acto especial o Día Internacional da Muller.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Educación en Valores Cívivos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Ordenador (aula de informática)
Cartolinas, pegamento, tesoiras...

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.
Ademais dos recursos materiais citados anteriormente, é necesario destacar o papel dos recursos persoais cos que conta o centro: dúas titoras en aula, persoal especialista en AL e PT, orientadora (compartida con outros dous centros educativos), mestres especialistas, etc.Tamén podemos contar con recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación(orientadora compartida con outro centro) levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Na derradeira UD de cada trimestre, un dos CA traballados será

avaliado .
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.
Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa , poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.
O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.
O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagoxía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.
Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espíritu emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións e presentacións	Exposición do proxecto para todo o centro (salón de actos).			X
Saídas culturais	Teatro e museos	X	X	X

Observacións:

Plantexanse actividades complementarias que proporcionen ao alumnado aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.
Ao longo do curso iremos facendo unha selección das actividades ofertadas segundo a repercusión que poidan ter no proceso educativo do noso alumnado.
O feito de realizar actividades fóra do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse a motivación do alumnado mantendo o seu interese.
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
9. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
10. Estableceuse unha organización de aula favorecendo os diferentes agrupamentos.

Medidas de atención á diversidade
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada trimestre proponse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado durante este periodo e establecer estratexias de mellora.
Os items relacionados pódense presentar en táboas que conteñan unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada trimestre. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente desenvolveuse sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.
Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:
-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
-Analise da adecuación da programación didáctica ao grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
-Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos de cada neno ou nena.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 14

4.2. Materiais e recursos didácticos 16

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 17

6. Medidas de atención á diversidade 18

7.1. Concreción dos elementos transversais 18

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 21

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 22

9. Outros apartados 23

1. Introdución

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquécese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida

individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemológica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Iglesia, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagoxía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponse cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á

aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivo con responsabilidade!	Traballaremos a Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea	14	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivo con responsabilidade!	A misión de Noé	14	5	X		
2	Son de Reli!	Os Sacramentos Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus	14	5	X		
3	Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal!	Calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén).	18	6	X		
4	A mirada de Amor de Xesús!	Xesús e os demais. As situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza.	14	5		X	
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos. Na Semana Santa, a paixón de Xesús Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua.	14	5		X	
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús. A súa misión A misión da Igrexa. Reflexionamos sobre as vocacións	14	5			X
7	Celebramos en comunidade!	Unidos a Deus celebramos a Vida e a misión da Igrexa Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade! Coidamos o que nos rodea. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza.	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivo con responsabilidade!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar.	PE	31
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	TI	69
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo mais inclusivo e equitativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
· A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.
· Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
· Antigo e Novo Testamento.
· A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.
· A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
· Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
· Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
· O coidado da contorna natural e social como casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Son de Reli!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión nos grupos da clase.	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar á cooperación, á resolución pacífica de conflitos e á construción do ben común.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que más interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación dalgún sacramento.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
· Relatos bíblicos de vocación e misión.
· Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
· Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.
· A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.
· Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
· A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dalle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar.	TI	100
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmonos a Xesús nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración

4	A mirada de Amor de Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús.	PE	25
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.	TI	75
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo mais inclusivo e equitativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.

- Tipos de oración: características e diferenzas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade, etc.	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar á cooperación, á resolución pacífica de conflitos e á construción do ben común.		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que más interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais doutras relixións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.
- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.
- A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	PE	33
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús.		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús.	TI	67
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo mais inclusivo e equitativo.		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmonos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. · As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. · Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. · Antigo e Novo Testamento. · Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. · A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.

Contidos
· Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
· Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos en comunidade!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar á cooperación, á resolución pacífica de conflitos e á construción do ben común.	PE	27
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo doutras relixións.		
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.	TI	73
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade, etc.		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús.		
CA1.8 - Observar nas celebracións	Comenta o que más interese lle		

litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmonos a Xesús nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
· Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. · A dignidade do ser humano. · Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. · A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. · María, Nai da Igrexa. · A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. · Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. · Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. · Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. · Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a
Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.
Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.
Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.
Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas póndome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir retos.
E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos

fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas

as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.
Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.
En relixióni, os alumnos/as iníciansе no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, baseada en proxectos, conectada coa vida, lúdica e que esperte o entusiasmo e o interese por saber; igualmente, participativa e con formas de organización que a favorezan. Fomentarase o seu espírito de colaboración e responsabilidade.
4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras.

Para todo isto:
Partirase da avaliación inicial, específica e global. Analizaranse os seus coñecementos previos.
Motivarase adecuadamente, creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.
Para conseguilo, promoverase o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe, con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.
Fomentarase a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar a súa autonomía
Un punto importante será a atención ao ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
Serán tidas en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4 da Lomloe, Ensino básico, sinálase que cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.

- Pequeno grupo.
- Traballo individual.

Os criterios de distribución do alumnado na aula serán establecidos en función das actividades a desenvolver, , e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

c) Organización dos espazos e tempos

O espazo e os tempos serán adaptados as preferencias, características e capacidades do alumnado, xerando diferentes situacións na búsqueda dun ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo o e esteticamente agradable , que permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o máis flexible posible , adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado
Robots educativos

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE ,Ensino básicosinálase, cando tal diversidade o requira , adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.
Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:
*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzles, Biblioteca de aula...
*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes bíblicos, xogos de cartas , parábolas en láminas de cores...
*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app Biblia infantil, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos, e outras.
*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educación para o consumo responsable e a educación ambiental).
*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...
*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.
*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel

de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso precisamos partir dos coñecementos previos que ten o alumnado e a avaliación inicial serve para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias de cada neno/a.
Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención máis específicas, e de recuperación, no caso de se precisaren.
Ao comezo de cada Unidade Didáctica, unha proba inicial valorará os coñecementos previos dos que partimos, mediante un diálogo con de preguntas abertas ,aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**14**	**14**	**18**	**14**	**14**	**14**	**12**	**100**
Proba escrita	31	0	0	25	0	33	27	**16**
Táboa de indicadores	69	100	100	75	100	67	73	**84**

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.
A Avaliación continua: lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os seguintes instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas , traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba escrita.
Os criterios de avaliación son os referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado, son o referente específico para avaliar, describen o que se quere valorar, tanto en coñecementos como en competencias.
Os instrumentos empregados para recoller a información relevante serán: escalas de observación, rexistros, rúbricas, probas escritas...
A porcentaxe do peso específico de cada apartado será:

a) Parte actitudinal:
45% Aproveitamento do tempo.
Esforzo e participación con interese en cada sesión. Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.
Responde as preguntas orais / escritas.

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20% O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.
Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías 35%
Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole..

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa foi indicado con anterioridade. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios con pautas que faciliten o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, a aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo.
De ser necesario, solicitarase asesoramento ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.
Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.
O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.
A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.
Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.
Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.
Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.
Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espíritu científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
  * Igualdade entre mulleres e homes.
* Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
  * Competencia dixital
  * O fomento da creatividade no alumnado
  * Educación para o respecto ao medio ambiente.
  * Educación para a PAZ.
  * Comprensión lectora.
  * Expresión oral e escrita.
  * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
  * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
  * Educación para a saúde.
  * Educación emocional e en valores
* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén van incluídos neste apartado valores fundamentais coma:
O respecto e compañeirismo, a amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén	Material non decidido polo momento.	X		
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos	X	X	X

Observacións:
A LOMLOE no artigo 5bis, di:
A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural,

participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

Para o presente curso académico non se programan actividades extraescolares específicas para a área de Relixión e Moral Católica na etapa de Educación Primaria; mais colaboraremos e participaremos de maneira activa e dentro das posibilidades concretas en todas aquelas que sexan propostas pola comisión de actividades extraescolares ou calquera outro dos equipos do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Metodoloxía empregada
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación?
Dase un peso real á observación do traballo na aula?
Medidas de atención á diversidade
Tomouse algunha medida curricular e/ou organizativa para atender ao alumnado con NEAE?
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a motivación e a participación activa do alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado?

Descrición:

Elaboraranse rúbricas que rexistren:
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? 3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
7.- Préstase atención aos temas transversais? 8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares
10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico: ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente
- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
* Aos alumnos.
* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

1. Concrecións dos diferentes plans do centro (convivencia, TIC, plan lector)

Buscaremos un ambiente educativo de auténtica convivencia, co obxectivo primordial de crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados, proxectando no alumnado valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.
No marco do plan global dixital de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso estas serán incorporados na práctica da aula.
A lectura de textos é unha práctica común e habitual da clase de relixión. Non en va é a Biblia un piar de referencia da asignatura. Serán asimesmo lidos na clase contos sobre valores, revistas misioneiras, prensa diaria e revistas de variadas materias.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	4º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 12

4.2. Materiais e recursos didácticos 12

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 13

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 13

6. Medidas de atención á diversidade 14

7.1. Concreción dos elementos transversais 14

7.2. Actividades complementarias 15

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 15

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 16

9. Outros apartados 16

1. Introdución

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.
Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 4º de EP (8 ou 9 anos), o alumnado atópase en plena fase de maduración cognitiva e social. Son capaces de realizar predicción e asumir os roles que lle toca dentro de un equipo. Poden participar en proxectos cada vez máis complexos e amplían notablemente o seu vocabulario. A programación vai dirixida a 9 alumnos e alumnas de 4º de EP do CEIPP Os Casais de Fene, onde hai alumnado con necesidades de educación específicas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COMO É A TERRA?	Traballaremos aspectos como os fenómenos físicos, os movementos da Terra, as zonas climáticas (especialmente os climas de Galicia). A orientación natural e a través de mapas sinxelos.	15	17	X		
2	O CLIMA. COMO ESTÁ CAMBIANDO?	Unha vez que na UD anterior coñecemos o noso planeta, nesta segunda UD estudaremos diferentes estilos dunha vida sostible, o cambio climático e a responsabilidade ecosocial. Tamén veremos como protexer os diferentes entornos naturais do noso país.	15	17	X		
3	CANTOS SOMOS E ONDE VIVIMOS?	Analizaremos aspectos do noso patrimonio natural e cultural así como as normas para vivir en sociedade	12	12	X		
4	ECONOMÍA E SEGURIDADE VIARIA	Os contidos desta UD serán os diferentes tipos de pago, o diñeiro así como a seguridade viaria.	16	14		X	
5	ESPAÑA E EUROPA	Veremos a organización política e territorial de España e Europa, así como as principais institucións. Nesta UD faremos un proxecto	15	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	ESPAÑA E EUROPA	grupal de investigación.	15	15		X	
6	O PASO DO TEMPO	Os avances no tempo no campo da ciencia e a tecnoloxía, o papel dos individuos ao longo da historia ou a historia da localidade son algúns dos contidos a traballar nesta penúltima UD. Visitaremos un museo nesta UD	12	15			X
7	A IDADE ANTIGA E A PREHISTORIA	Na derradeira UD analizaremos dúas etapas da historia: a Idade Antiga e a Prehistoria. O alumnado fará un proxecto de investigación, buscando información en internet e expoñendo ante os compañeiros/as os seus traballos.	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COMO É A TERRA?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.

Contidos
- Relación dos elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo con determinados fenómenos físicos que afectan a Terra e repercuten na vida diaria e na contorna. - As tecnoloxías da información xeográfica (TIX). A estación meteorolóxica e os seus instrumentos. Relación entre as zonas climáticas e a diversidade de paisaxes. Algunhas características do clima de Galicia. - Mapas e planos en distintas escalas. Técnicas de orientación mediante a observación dos elementos do medio físico e outros medios de localización espacial. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.

UD	Título da UD	Duración
2	O CLIMA. COMO ESTÁ CAMBIANDO?	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relaciona basicamente elementos do medio natural, social e cultural.	PE	45
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	55
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - O cambio climático. Introdución ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. Medidas de mitigación. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana.

Contidos
- Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Diferenzas entre parques nacionais, rexionais e naturais. Os espazos naturais protexidos. O seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
3	CANTOS SOMOS E ONDE VIVIMOS?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.	PE	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	60
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Os costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura da paz e non violencia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
4	ECONOMÍA E SEGURIDADE VIARIA	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna, e de uso sustentable dos recursos naturais, expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.	PE	45
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural.		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Distinguir os principais sinais de tráfico, iniciándose na educación viaria.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	55
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana.

Contidos
- Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección. - O valor, o control do diñeiro e os medios de pagamento. Da supervivencia á sobreprodución. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarias. Mobilidade segura, saudable e sustentable, como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
5	ESPAÑA E EUROPA	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.	PE	60
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.	TI	40
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - A organización política e territorial de España. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de España. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos.

Contidos
- Representación gráfica e cartográfica da poboación con datos obtidos de fontes estatísticas. A organización do territorio en España e en Europa. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Iniciación á investigación e aos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.

UD	Título da UD	Duración
6	O PASO DO TEMPO	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.	PE	60
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.	TI	40
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As pegadas da historia en lugares, edificios, obxectos, oficios ou tradicións da localidade. Os museos como espazo de aprendizaxe e gozo. - Interpretación do papel dos individuos e dos distintos grupos sociais, relacións, conflitos, crenzas e condicionantes en cada época histórica.

UD	Título da UD	Duración
7	A IDADE ANTIGA E A PREHISTORIA	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.	PE	50
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	50
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Estratexias de procuras guiadas de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección e organización). - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. Temas de relevancia na historia (Prehistoria e Idade Antiga). - A función da arte e da cultura no mundo da Prehistoria e da Idade Antiga.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.
A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.
O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.
Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflictirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

-Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:
-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
-Probas de avaliación de distinta dificultade.
-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:
-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Asi mesmo, esta información será incluida na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 14

4.2. Materiais e recursos didácticos 14

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 15

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 15

6. Medidas de atención á diversidade 16

7.1. Concreción dos elementos transversais 16

7.2. Actividades complementarias 17

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 17

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 18

9. Outros apartados 18

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 3º curso de Educación Primaria para a área de linguas estranxeiras: Inglés. O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo, en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, por iso o noso centro leva traballando con Seccións Bilingües dende o curso 2013-14, forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-17 e do programa de Plurinfantil dende o curso 2017-18. Isto permítenos contar cun/ha auxiliar de conversa que nos apoiará ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	This is me	Unidade na traballaremos a presentación e a descrición persoal, así como as actividades do tempo libre de cada un.	20	23	X		
2	Yummy for my tummy	Unidade adicada ao vocabulario e expresións relacionadas coa comida	20	21	X		
3	This is my school	Neste tema traballaremos o vocabulario sobre a escola e as asignaturas, así coma as horas	20	20		X	
4	Where do you live?	Nesta unidade, a temática terá que ver coas cousas que podemos atopar na cidade ou no pobo	20	19		X	
5	Animals marching	Unha unidade sobre os animais e as súas características	20	22			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	This is me	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos relacionados coa escola.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre elas de forma guiada.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como

Contidos
- folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Yummy for my tummy	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.

Contidos
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	This is my school	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.

Contidos
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	Where do you live?	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais de comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.

Contidos
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Animals marching	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar información básica de forma guiada		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

Contidos
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para adquirir a competencia lingüística na lingua estranxeira, é importante traballar catro habilidades esenciais: comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita. Tendo en conta o rango de idade, faremos especial fincapé na comprensión e expresión oral. Este ano contaremos coa axuda dun auxiliar de conversación que axudará ao alumnado a estar máis motivados cara a expresión oral e nos aportará un input lingüístico máis realista. A temática das actividades e recursos empregados terá sempre relación co entorno directo do alumnado e cos seus intereses coa fin de motivalos e conseguir unha aprendizaxe máis significativa.

• Comprensión oral (listening): Para mellorar esta habilidade, aproveitarase o entorno ou situación real máis próximo para o alumnado, é dicir: a propia clase. O profesor/a empregará lingua estranxeira durante a hora de inglés apoiándose, se fose necesario, en imaxes ou mímica para favorecer a comprensión e deixando a lingua materna coma último recurso. Ademais, traballaremos esta habilidade a través de audicións en diferentes formatos e sobre diferentes situacións e temas relacionados cos intereses do alumnado (vídeos, contos, lecturas, audicións de situacións cotiás feitas por nativos, cancións etc.).

• Comprensión escrita (reading): Empregaranse textos en distintos formatos e soportes coa fin de que melloren esta habilidade e se acostumen a usalos, realizaranse actividades nas que teñan que amosar a comprensión escrita a través de preguntas, xogos ou actividades escritas. Por outra banda, para procurar que o alumnado desenvolva o gusto pola lectura terá á súa disposición libros adaptados ao seu nivel de inglés tanto na biblioteca de aula coma na do centro.

• Expresión oral (speaking): Como xa explicamos, a lingua vehicular será a lingua estranxeira, xa que a clase supón a situación real máis próxima e motivadora para o alumnado, así que, ademais de falar en inglés, o profesor/a tamén dotará ao alumnado de ferramentas para desenvolverse eles mesmos no idioma estranxeiro durante a clase (frases típicas, preguntas, etc). Tentarase que o alumnado empregue o inglés para dirixirse ao profesor/a e aos seus compañeiros. Tamén se realizarán todo tipo de actividades destinadas á práctica da linguaxe oral principalmente en pequenos grupos: dramatizacións, “role plays”, xogos, etc.

• Expresión escrita (writing): neste segundo ciclo a escrita comeza a tomar algo máis de relevancia e traballarémola arredor de temáticas de interese para o alumnado

Ademais de desenvolver estas catro habilidades terase en conta a importancia de coñecer e interesarse polas culturas dos diversos países onde se fala inglés e observar as similitudes e diferenzas coa nosa propia cultura. Con esta fin, contaremos especialmente coa persoa auxiliar de conversa, que nos pode aportar información real e actualizada do seu país. Tamén trataremos de traballar con centros e alumnados doutros países a través da plataforma eTwinning e, finalmente, sempre que poidamos, traballaremos este tema integrándoo nas diferentes unidades didácticas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Encerado dixital interactivo smart board.
Xogos de mesa.
Libros infantís na lingua estranxeira.

Posters e murais.
Flascards e wordcards
Recursos variados extaídos de internet: vídeos, cantigas, xogos...
Micrófonos para facer gravacións
Tablet de aula
Diccionarios adaptados
Altofalante

Tratarase de escoller materiais atractivos dos que poidamos obter imput lingüístico o máis achegado á realidade posible, para iso é especialmente útil a conexión a internet e tódolos recursos alí dispoñibles. Por outro lado tamén contamos con materiais que o alumnado poida empregar de maneira máis ou menos autónoma e para practicar a lingua dende as diferentes necesidades do alumnado e en pequenos grupos (coma os micrófonos ou os xogos de mesa), así como materiais que acompañen ou axuden á comprensión (flashcards, diccionarios, etc). O centro conta cun aula propia de inglés, no que as mesas están colocadas en forma de U para favorecer a comunicación, tamén ai espazo para moverse, facer xogos e cantigas TPR, así como unha pequena biblioteca cunha selección de libros escollidos na biblioteca, e outros espazos para traballar en pequenos grupos cando sexa oportuno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias de actuación e dar resposta á diversidade que atopamos na aula. Avaliaremos aspectos como: pronunciación, escoita e comprension oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. Para recoller dita información faremos uso da observación grupal e individual do alumnado en diferentes actividades os primeiros días. A información recollida gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**20**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Realizarase unha avaliación continua do alumnado, prestaremos especial atención e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada crianza dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias no remate do curso.
Os procedementos preferidos para avaliar serán a observación diaria, postas en común, presentacións, probas orais ou escritas, gravacións en audio e video, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, analise do portfolios do alumnado e todas aquelas tarefas do día a día que poidan aportar datos para coñecer o nivel do

alumnado. Por outra banda, os instrumentos de referencia empregados para recoller información, serán os seguintes
- Rúbricas
- Listas de contexo
- Caderno de observación
- Probas orais e escritas

Para obter a cualificación teremos en conta os criterios de avaliación de cada unidade e nivel, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior. A cualificación de cada unidade calcularase da seguinte maneira:
90% - Media ponderada dos estándares de avaliación (cada criterio ten un peso asignado segundo a unidade, o cal ven reflectido no correcpondente apartado da programación)
10% - Participación, nivel de desempeño e o traballo diario.
E, finalmente, o a cualificación de cada trimestre será a media aritmética entre os resultados nas unidades correspondentes.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia,o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. Porporanse tarefas de reforzo e apoio se fose necesario.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
A nosa programación terá en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo coas súas características persoais. Para empezar, debemos deseñar as actividades e organizar as clases dunha maneira inclusiva (DUA), e tamén ofrecer diversas maneiras de expresar e adquirir os coñecementos, agrupar ao alumnado en parellas ou en grupos para facilitar a colaboración, facilitar o movemento na aula, alternar actividades máis calmadas con outras máis activas, ofrecer actividades extra para aqueles ou aquelas que rematen antes e ofrecer apoio e adapatar o traballo para aqueles que tarden máis, etc. Ademáis destas medidas, colaboraremos coas titorías e co departamento de orientación naqueles casos nos que haxa que determinar medidas extraordinarias ou deseñar actividades direfenciadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento da creatividade, do espíritu científico e do emprendemento	X	X	X	X	X
ET.3 - A resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X	X

Observacións:
Reflectimos aquí algúns dos elementos transversais que pensamos traballar ao longo do ano, pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas relacionadas cos países que empregan esta lingua estranxeira	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X
Visitas ao centro	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
Conmemoracións da escola	Samaín - magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X

Observacións:
O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co profesorado. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización e planificación da programación didáctica foi axeitada
Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse variedade de recursos e incluíronse as TIC
Clima de traballo na aula
Empregáronse técnicas de disciplina positiva e de resolución de conflitos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaborouse co resto do equipo docente para levar a cabo as accións en conxunto que fose necesario
Proporcionouse información axeitada ás familias sobre o progreso das súas crianzas

Descrición:

Estos ITEMS serán avaliados durante o transcurso do curso de maneira invividual por parte do profesorado coa intención de reflexionar sobre o modelo de ensino-aprendizaxe e implementar cambios de ser necesario.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. Para avaliar a práctica docente, faremos unha breve análise de cada unidade ao remate da mesma a través da propia aplicación proens. Independentemente, as unidades tamén son susceptibles de seren avaliadas día a día e iremos facendo cambios se fose necesario para adecualas ao noso alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 14

4.2. Materiais e recursos didácticos 15

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 15

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 15

6. Medidas de atención á diversidade 16

7.1. Concreción dos elementos transversais 17

7.2. Actividades complementarias 17

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 17

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 18

9. Outros apartados 18

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 4º curso de Educación Primaria para a área de linguas estranxeiras: Inglés. O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo, en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (verbo) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
7	Expresámonos.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Dada unha páxina web, identifica os diferentes apartados que nela se destacan.	PE	50
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Elabora un texto sinxelo no que dá a súa opinión sobre un tema dado. Inclúe dúas razóns que a xustifican.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa a súa opinión.de xeito ordeado e respectando a dos outros.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Argumenta a súa opinión sobre un tema.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Identifica os dous puntos e puntos suspensivos. Completa oracións con estes signos de puntuación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece e localiza os adverbios nun texto dado.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna, especialmente a dualidade galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural.	Mostra respecto pola lingua empregada polos/as compañeiros/as.	TI	50
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Identifica vocabulario discriminatorio nas conversas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta aos compañeiros/as.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita a opinión de compañeiros/as e identifica as características fundamentais do que expresan.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Expresa a súa opinión de xeito ordeado e respectuoso.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa nas interaccións orais e respecta aos compañeiros/as.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Chegan a un acordo grupal sobre un conflito.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca información nunha páxina web.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara a mesma páxina web en distintos idiomas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.

Contidos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias. - Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Procesos: produción escrita - Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (adverbio) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Arriba o telón!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le un texto teatral sinxelo e responde preguntas de comprensión.	PE	55
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece a importancia das imaxes en folletos e publicidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante.	Elaborar un folleto sinxelo, con informacións concretas e integrando recursos gráficos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Exprésase de xeito coherente na lingua escrita.		
CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e diferencia un texto teatral dun diálogo escrito (uso da raia).		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Diferencia oración e parágrafo.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Localiza preposicións básicas e contraccións das mesmas cos artigos.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende a idea principal dun fragmento teatral.	TI	45
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Dado un produto publicitario, produce un slogan de xeito oral.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le un fragmento teatral e participa na orde correspondente.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Participa na lectura de textos teatrais, respectando a orde.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Busca na biblioteca de aula obras adecuadas aos seus gustos e intereses.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Participa na lectura colectiva de obras teatrais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus intereses, fomentando o gusto pola lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada.	Le varios textos teatrais expresando cal lle gusta máis. Velocidade lectora adecuada ao seu nivel.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos en lingua galega na práctica escolar.	Le en voz alta entoando e interpretando un texto teatral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís), realizando as inferencias necesarias.
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen intereses e gustos.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita

Contidos
- Creación de textos breves utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos en galego procedentes de diversas fontes de información. - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra. - Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto. - Recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro) e elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios, valorando o sentido estético e a creatividade. - Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (preposición) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (pronomes) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos, e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.
En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:
Os alumnos han de iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.
Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade más inmediata do neno.
Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:
-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.
-A expresión oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias personais, a formulación de conxeturas e hipóteses, etc. O profesor fomenta distintos tipos de

situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descobren as posibles actitudes comunicativas.
-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estructurais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.
-A expresión escrita: desenvolvemos a tipología textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; además aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.
Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica.
Esto favorece a súa asimilación, posto que no se plantexan como obxectos extranos, susceptibles de ser memorizados, senon como unha axuda máis para a comunicación.
Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.
Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.
Nesta área os alumnos iníciansе no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.
A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:
- O respecto hacia os seus compañeiros.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- O análisis crítico da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Secuenciación da aprendizaxe cooperativa:
1º trimestre: Promover a cohesión do grupo, establecer normas de funcionamento e practicar unas primeiras estructuras de traballo cooperativo.
2ºtrimestre: Asignar roles dentro do grupo, reforzar as habilidades sociais para a cooperación e introducir a autoavaliación dos equipos de traballo.
3º trimestre:Traballar en equipos estables, incorporar estructuras cooperativas máis complexas e avaliar a dinámica dos equipos.
A ensinanza individualizada promove que cada alumno traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.
Centraremonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva , dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares dos alumnos.
Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.
O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se requiere unha gran coordinación docente donde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.
Fomento da lectura.
O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.
A biblioteca escolar do centro,como elemento fundamental no ensino-aprendizaxe, ten unha organización que favorece o seu uso por parte do todo o alumnado e de todo o profesorado. Cada aula ten garantizada unha hora semanal para o seu uso exclusivo. Ademais diso, os seus fondos nutren as bibliotecas de aula que poden cambiarse no momento en que o profesorado o considere oportuno.
A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual. Na aula

contamos cun club de lectura coordinado pola titora.
A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.
Os que traballaremos en terceiro son: descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, novelas de aventura e fantasía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas) instrutivos (receitas, normas) e poesía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno: libro de testo da editorial escollida.
Libros de lectura: tanto da biblioteca do centro como da biblioteca de aula.
CD e DVD de xogos e contos.
Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.
Dicionario de lingua galega.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiables .
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Xornais e revistas.
Material funxible.
Aula virtual do centro.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados.
Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.
Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:
-Adecuación ao contexto educativo do centro.
-Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
-Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
-A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
-A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
-A variedade das activdades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
-A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
-A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

En 4º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso, aínda que se mantén a mesma titora que rematará o ciclo co grupo. Temos un alumno novo con necesidades específicas.
A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisión e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .
Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:
1. - Intercambio de información do equipo educativo.
- Repeticións e materias pendientes doutros cursos.
- Atención á diversidade: discapacidades psíquicas, motóricas, sensoriais, trastornos grave de conducta.
- Dificultades de aprendizaxe: intelixencia límite, déficit de atención, hiperactividade, dislexia, dificultades específicas.
- Altas capacidades: talento, superdotado,
- Compensación educativa: medio social desfavorecido, escolarización irregular, absentismo, riesgo de abandono escolar, medidas xudiciais ou de protección.
- Incorporación tardía ao sistema educativo: inmigrante, desescolarizado.
- Outros aspectos: intereses, enfermidades, aspectos familiares.
2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.
3.- Probas escritas e orais.
4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto as aprendizaxes).
5.- Entrevistas individuais aos alumnos (formais e informais mediante preguntas na clase) e as familias.
6.- Simulación de situacións, debates.
7.- Resultados das probas iniciais.
8.- Proposta de medidas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**13**	**13**	**13**	**13**	**13**	**12**	**12**	**100**
Proba escrita	55	65	60	65	70	75	50	55	**62**
Táboa de indicadores	45	35	40	35	30	25	50	45	**38**

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:
-Realizaremos unha proba escrita en cada unha das Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.
-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interacións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.
Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala de 1 a 5 como posible resposta.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas: -Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado. -Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión - Partiremos do nivel de cada alumno/a. -Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible. - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagoxía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase: -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a. -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade. -Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.
O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestras titoras e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagoxía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.
Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.
Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.
O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.
Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagoxía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.
En todo caso intentarase:
-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
-Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.
Para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, elaborarase un plan específico de reforzo como se recolle no artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espíritu científico e do emprendemento.				X		X		X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X		X		X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.			X		X		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X		X				X
ET.9 - Educación para a saúde (incluida a afectivo-sexual).	X	X	X		X		X	X

Observacións:

Aínda que todos os elementos trasnsversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.
Traballaranse segundo a programación de aula ainda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.
Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.
Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na elaboración da revista escolar.	Elaboración de traballos para incluir na revista escolar, tendo en conta a variedade de temáticas e formatos: noticias, pasatempos, opinión, fotografías, etc.			X
Asistencia a unha obra de teatro no auditrorio.	Seleccionarase unha obra teatral relativa a calquera dos aspectos traballado nalgunha área e xestionarase a asistencia á mesma.		X	

Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.
Ditas actividades están relacionadas con:
- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:
integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades , a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.
Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao

remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.
Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reunirémonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.
Cuestións:
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12.Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20.Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22.Contribución ao plan de lectura do centro.
23.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	4º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 29

4.2. Materiais e recursos didácticos 31

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 31

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 32

6. Medidas de atención á diversidade 33

7.1. Concreción dos elementos transversais 34

7.2. Actividades complementarias 35

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 35

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 36

9. Outros apartados 36

1. Introdución

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.
Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.
Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.
Número de alumnas e alumnos e distribución:
O nivel conta cun total de 9 alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "O mercado" (ou "O Supermercado"), o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinado diversos recursos. Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas	15	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... e todo en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda.	15	25	X		
2	Os experimentos e as matemáticas	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	25	X		
3	Celebramos o Entroido	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a	15	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Celebramos o Entroido	resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	20		X	
4	As matemáticas e a arte	Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal). A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada. A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.	20	25		X	
5	As matemáticas e os deportes	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza. As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas. A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o	15	25			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	As matemáticas e os deportes	traballo en equipo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	25			X
6	Viaxamos	Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado. Poderá deseñarse de mútiples formas: saída pola contorna, xincana pola escola, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes. As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes. A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.	20	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mercado	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	PE	35
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	65
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99.999 en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 99.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros)
- Estimación razoada de cantidades ata o 99.999 e redondeo en problemas cotiáns mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Expresión de particións, repartición e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá.
- Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.

Contidos
- Relacións - Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999,as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións. - Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións. - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns. - Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos. - Educación financeira - Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas. - Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo. - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes. - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario¿ con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas. - Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas. - Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos. - Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións. - Incerteza - Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedas¿ - Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo. - Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva. - Inferencia - Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo. - Crenzas, actitudes e emocións - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.

Contidos
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os experimentos e as matemáticas	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	PE	25
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	TI	75
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá		
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Magnitude

Contidos

- Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura.
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación.
- Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios¿
- Medición.
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Patróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía (=, ?, >,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa¿
- Crenzas, actitudes e emocións

Contidos
- Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
3	Celebramos o Entroido	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	PE	30
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	TI	70
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá		
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Magnitude
- Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura.
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación.
- Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios¿
- Medición.
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Patróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía (=, ?, >,
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques,

Contidos
- robótica educativa¿ - Crenzas, actitudes e emocións - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
4	As matemáticas e a arte	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	PE	30
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	70
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Interpretación e elaboración de mensaxes e descricións que supoñan a identificación e clasificación de figuras

Contidos
- xeométricas e dos seus elementos (lados, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna. - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións. - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso. - Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, aliñamento, paralelismo, angularidad) e a súa representación. - Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado. - Movementos e transformacións - Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado. - Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados. - Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións. - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver. - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Patróns - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia. - Modelo matemático - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. - Relacións e funcións - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía (=, ?, >,

Contidos
- Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. - Pensamento computacional - Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa¿ - Crenzas, actitudes e emocións - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	**Título da UD**	**Duración**
5	As matemáticas e os deportes	25

Criterios de avaliación	**Mínimos de consecución**	**IA**	**%**

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	PE	20
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	80
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.		
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99.999 en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 99.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros)
- Estimación razoada de cantidades ata o 99.999 e redondeo en problemas cotiáns mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Expresión de particións, reparticións e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá.
- Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións

Contidos

- e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999,as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.
- Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.
- Educación financeira
- Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas.
- Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo.
- Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes.
- Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario¿ con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro.
- Magnitude
- Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempo e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima.
- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura.
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación.
- Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios¿
- Medición.

Contidos

- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido.
- Estimación e relacións
- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.
- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.
- Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais.
- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.
- Organización e análise de datos
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas.
- Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas.
- Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos.
- Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións.
- Incerteza
- Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedas¿
- Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo.
- Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva.
- Inferencia
- Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña.
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.

Contidos
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	Viaxamos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	PE	25
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.		
CA1.1 - Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	75
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de forma guiada, no proceso de resolución de problemas.		
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar sistematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.

Contidos

- Cantidade
- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99.999 en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 99.999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros)
- Estimación razoada de cantidades ata o 99.999 e redondeo en problemas cotiáns mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Expresión de particións, repartición e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá.
- Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas.
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99.999,as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Resolución de problemas cotiáns que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99.999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.
- Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos.
- Educación financeira
- Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas.

Contidos
- Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo. - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes. - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario¿ con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Interpretación e elaboración de mensaxes e descricións que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas e dos seus elementos (lados, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna. - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións. - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso. - Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, aliñamento, paralelismo, angularidad) e a súa representación. - Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado. - Movementos e transformacións - Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado. - Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados. - Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipóteses e construción, argumentación e toma de decisións. - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver. - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Crenzas, actitudes e emocións - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das

Contidos
- emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas. - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo. - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como o é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber: o mercado, os experimentos, as festas, a arte, os deportes e as viaxes permiten unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas. O enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.
A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.
A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...
A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a

resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei ?, que hipótese fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería telo resolto doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.
O profesorado vai ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. A situacións propostas a exploración e o xogo que espertan sempre o interese do alumnado.
Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.
É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos ¿)
Os grupos de traballo en equipo serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Traballaranse aplicando dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.
a) Organización dos espazos e recursos
Aula
Necesitamos dotar á aula dun espazo (andeis, mesas ...) no que poidamos expoñer e gardar os materias necesarios e accesibles ao alumando.
Precisaremos un espazo na parede á altura do alumnado, para representar de xeito gráfico, grande, visible e accesible para todas e todos e dun reloxo/cronómetro dixital para que aprendamos a organizarnos no tempo.
Agrupamentos.
A aula estará organizada para o traballo en equipo coas mesas colocadas en grupos de catro. Nos debates buscarase unha colocación en U ou en asemblea.
b) Organización dos tempos e secuencia proposta
Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarificarase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.
Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:
o Que aprendín?
o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
o Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, kataminos, contas de madeira...
Material manipulativo non convencional:tapóns, pedras, paos, follas...
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.
Nesta programación formúlase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.
É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.
O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.
A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.
Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.
A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un ao comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.
Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.
Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).
Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:
- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con otros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.
No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.
Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:
- A participación en equipo para resolver situacións matemáticas xestionando os conflitos adecuadamente.
- A identificación das emocións básicas en situacións matemáticas e a indicación de estratexias elementais de xestión
- O uso de materiais e esquemas que lle permitan resolver situacións problemáticas sinxelas.
- O recoñecemento de conceptos básicos matemáticos, operacións e interpretación de gráficos, táboas e figuras elementais
- A realización de conxecturas matemáticas a partir de casos concretos da vida diaria.
- A explicación das afirmacións e procesos matemáticos seguidos en situacións contextualizadas
- A expresión oral comprensible da percepción dun proceso matemático sinxelo.
- A interacción e aceptación de roles en equipo para desenvolver e resolver situacións matemáticas
- Identificación de conceptos matemáticos en situacións variadas e cos significados que corresponda a cada situació.n
- A identificación de números, magnitudes, figuras... implicados en situacións cotiás famiiares e escolares.
- A exemplificación de aspectos matemáticos básicos en situacións cotiás.
- Uso de representacións con materiais concretos, debuxos, ... para expresar unha idea matemática
- Uso guiado dalgunha ferramenta tecnolóxica en situación contextualizadas

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**15**	**15**	**15**	**20**	**15**	**20**	**100**
Proba escrita	35	25	30	30	20	25	**28**
Táboa de indicadores	65	75	70	70	80	75	**72**

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de matemáticas de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.
A avaliación das competencias clave da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:
1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL
2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son

fundamentalmente STEM
4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.
7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.
8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.
Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.
Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.
Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.
Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.
Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordes coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real. Trátase de potenciar habilidades e destrezas que leven ao coñecemento de diferentes formas de abordar as solucións matemáticas potenciando a investigación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X		X
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X		X
ET.5 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espí-rito cientí-fico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espí-rito do emprendemento	X		X	X		X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz			X	X	X	
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X		X			X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X		X	X	X	

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.
Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.
Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.
Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.
O resto de temas transversais teñen presenza en, polo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o sou tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros pola contorna	Onde poñeremos en práctica os contidos matemáticos traballados		X	X
Obradoiros matemáticos	Tanto no centro educativo como fóra.		X	X
Excursión de fin de curso	Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo.			X

Observacións:
Cada trimestre terá asociado, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.
Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
-Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva.
- Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada. (Escala de 1 a 4)
- Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe.
- Número de instrumentos de avaliación empregados. Indicador de logro: polo menos emprega 5.
Metodoloxía empregada
- Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70%
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4)
- Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá.
Medidas de atención á diversidade
- Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4)
- Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4)
Clima de traballo na aula
- Porcentaxe de diminución de conflitos producidos con respecto á 1ª avaliación. Indicador de logro: 50% para a 2ª avaliación e 70% para a 3ª avaliación.

Descrición:

Naqueles indicadores nos que se emprega a escala de 1 a 4, no que o 1 será o valor mínimo e o 4 será o valor máximo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.
Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:
- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
-Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	4º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido

	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introdución

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflictido na propia Introdución do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organízase arredor de dous eixes respectivamente:
-percepción e análise
-creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións , de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Cada unha das 4 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 4º nivel remata tamén o 2º ciclo de primaria, algo contemplado nesta PD. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro. Ademais, o remate deste ciclo procura neste centro que o alumnado teña mellorado na súa autonomía, especialmente nas súas producións artísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A estación do outono	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 3º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través do espazo exterior como fío condutor e con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	Chegou o inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través da temática do ceo, do día e da noite como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Aí veñen os maios	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será,	24	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Aí veñen os maios	fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor será a temática dos elementos da terra: o mar e a montaña. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurarase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou da danza.	40	17		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A estación do outono	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: branca, negra (con puntiño e silencios), dobre corchea; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4 e 3/4 (discriminándoos polo acento do pulso).	PE	20
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión e/ou están inspiradas en elementos do título desta UD e elabora un listado con estas, engadindo a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos. Interpreta a figuración do triángulo nos 13 primeiros compases do tema A da música A danza de Anitra de E. Grieg.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 10 pulsos, con grafías non convencionais, de sons: fortes e pianos, outras de longos e curtos; outras de agudos e graves e outras de cresc. e dim.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece e discrimina a diferenza entre o paso base do pasodobre e o do vals.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baila en parella o paso base do pasodobre e o do vals. Conta en alto os pasos dos anteriores mentres os executa (binario ou ternario, respectivamente), acentuando claramente coa voz o 1.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversida-de de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

Contidos
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes co- rrentes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	Chegou o inverno	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a variedade de matices de intensidade da música No salón do rei da montaña de E. Grieg.	PE	20
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión e/ou están inspiradas en elementos do título desta UD e elabora un listado con estas, engadindo a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía (6 c. de 2/4 ou 4 de 3/4; do, mi, sol, la e do agudo; branca con puntiño, branca, negra -e silencios- e dobre corchea). Improvisa (pentatónica) no xilófono sobre unha base musical.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: branca con puntiño, branca, negra -e os seus silencios- e dobre corchea).		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Asocia diferentes movementos da expresión corporal a emocións ou aos elementos representados.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Grupalmente, e sen música, produce unha pequena secuencia corporal de movementos e/ou pasos que represente emocións ou outros elementos para seren adiviñados polo resto.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversida-de de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes co- rrentes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Aí veñen os maios	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama as notas: do-si; do, re e mi agudos. Realiza ditados de 10 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que fan alusión e/ou están inspiradas en elementos do título desta UD e elabora un listado con estas, engadindo a persoa compositora e o xénero e/ou o estilo, entre outros.	TI	80
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Toca na frauta as notas mi-si; do-fa agudos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 ou 3 de 3/4 (notas: do, mi, sol e la; figuras: branca con puntiño, branca, negra e silencio de negra).		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa e utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que crea, para ser guiada por este e interpretada polo resto, unha liña rítmica, outra melódica e outra rítmico-melódico cos elementos traballados.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre os pasos máis característicos do ballet clásico e identifica algúns deles.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Deseña grupalmente sobre papel unha pequena coreografía empregando algúns dos pasos do ballet clásico.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que crea unha pequena historia para ser narrada e dramatizada para coa música A mañá da Suite Peer Gynt de E. Grieg.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversida-de de sons e estruturas rítmicas e melódicas, a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Aplicacións informáticas básicas de gravación e edición de audio: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación e reprodución de obras diversas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes co- rrentes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Principais profesións vinculadas ás artes escénicas. - Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión

Contidos
- corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algúns dos elementos musicais dos diferentes movementos musicais propostos da Suite Peer Gynt de E. Grieg.	TI	100
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre o seu grupo de música e baile ou tipo música e baile favoritos.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha composición musical en partitura (mín.: 4 comp. de 2/4 ou 3 de 3/4) para un conxunto de mín. 2 instrumentos PAI e 2 de PAD.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algúns elementos do pasodobre, o vals e o ballet clásico.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Realiza un traballo individual sobre o seu grupo de música e baile ou tipo música e baile favoritos.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas e experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha coregrafía sobre unha obra ou canción relacionada con algún dos elementos dos títulos das UD1-3 e que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición básica dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais.

Contidos
- Vocabulario específico de uso común en música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes co- rrentes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expres - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento

está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecimento do alumnado, polo outro.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:
-Automatización nalgunhas cuestións a tratar ao longo do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:
-consciencia e colocación da postura corporal
-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto e a frauta doce
-notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia
-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz
-dixitación das notas traballadas na frauta

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:
-recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
-vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
-ligazóns de interese relacionadas coa materia
-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Estoxo
Frauta doce
Cartafol

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo específicamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.
A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virutal servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, cartafol para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:
-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:
-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/danzas/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflictida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa frauta.
A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Proba escrita	20	20	20	0	12
Táboa de indicadores	80	80	80	100	88

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%
-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%
-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:
-1º trim. 25%
-2º trim. 35%
-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:
-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
-se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿). - Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma. - Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura guiada de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminacións, selección e organización). - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados¿) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, as ferramentas e os obxectos necesarios para a súa consecución. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.
Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:
-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Para abordar a función de nutrición e os aparatos que nela interveñen ao longo da unidade 2, empregaremos diversas aplicacións para presentar de xeito máis lúdico os contidos e realizar actividades de ampliación e reforzo.
-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Deste xeito, na unidade 5, realizaremos prácticas sobre os cambios físicos e químicos que experimenta a materia, así como o estudo e experimentación con materiais condutores e illantes de uso cotiá empregando a placa Makey-Makey, programable con Scratch.
-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (hábitos saudables para o coidado do aparato locomotor, uso abusivo das tecnoloxías, ...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas

competencias. Na unidade 3, o alumnado analizará as etiquetas dos alimentos que consumen habitualmente, comprobando se un alimento é nutritivo ou non, recollendo os datos nunha táboa sinxela que elaborarán nun procesador de textos.
-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Así, na unidade 6 o alumnado porá en práctica as forzas que actúan nos corpos a través de experimentación con globos e o peso que poden soportar, ademais da realización dunha polea simple e dobre para levantar un obxecto, empregando materiais de refugallo.
Para levar a cabo estas actividades:
-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo aplicando rutinas de pensamento a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos contidos, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (Dúas columnas, Opinións enfrontadas, A entrevista, Traballo en equipo, si ou non?,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lectura compartida, Parada 3 minutos, Mapa conceptual a catro bandas, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Estrutura 1-2-4, Crebacabezas...).
Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o persoal especialista en AL e PT, profesorado titor, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.
RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...
RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuitos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Makey-Makey...), etc.
RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións como kahoot, genially...para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.
RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, recanto da calma(para

resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:
-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
·Identificar e describir as características básicas das funcións vitais do ser humano a través de actividades de expresión oral e escrita.
·Asemblea sobre hábitos de vida saudables.
·Actividades de comprensión e expresión oral sobre diferentes temáticas: características e propiedades da materia e dos materiais de uso común, plantexar hipóteses a preguntas científicas, propoñer solucións a diferentes problemas, etc.
·Busca de información guiada, empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital, empregando rutinas de pensamento como "Penso - Interésome - Investigo" ou "O semáforo".
A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**15**	**20**	**10**	**15**	**100**
Proba escrita	35	35	40	40	50	35	**38**
Táboa de indicadores	65	65	60	60	50	65	**62**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais e probas obxectivas. Terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.
Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2
A cualificación da avaliación final da materia será a nota media das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.
Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 40% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita/oral sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 60%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.
Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades, así como o plan específico de reforzo para aquel alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.
Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.
Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:
- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.		X	X			
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X		
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.			X	X		
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...		X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Relaxación e xestión de emocións, cociña saudable, primeiros auxilios, prácticas saudables no deporte...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller¿	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Procedementos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Estilo de ensinanza.
Temporalización.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades adecuadas.
Organización dos recursos materiais.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Motivación do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rol do docente.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.
Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:
-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	5º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 17

4.2. Materiais e recursos didácticos 18

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 18

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 19

6. Medidas de atención á diversidade 20

7.1. Concreción dos elementos transversais 20

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 22

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 23

9. Outros apartados 23

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias da natureza nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira, a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro ten 6 unidades, sendo 1 delas de educación infantil e 5 unidades de educación primaria.
O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no quinto curso da etapa, polo que conta con dez anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.
A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, lagoas, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso da horta escolar ou o laboratorio.
Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".
Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.
Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os seres vivos	A unidade aborda os aspectos máis importantes sobre a estrutura e organización dos seres vivos, as súas características e os diferentes reinos onde podemos clasificalos.	20	18	X		
2	Son un animal	Nesta unidade acercaremos ó alumnado ao coñecemento e profundidade das características propias dos animais e as funcións vitais que estes realizan, tendo en conta os animais autóctonos da nosa comunidade autónoma.	20	18	X		
3	Son unha planta?	Ao longo da unidade abordarase a importancia da fotosíntese para a vida dos seres vivos, así como as características máis importantes das plantas e as súas funcións vitais.	15	18		X	
4	Onde viven os seres vivos?	O núcleo motivador da unidade son as relacións que establecen os seres vivos entre eles e co medio que os rodea, así como a relación do ser humano cos ecosistemas e o seu coidado e conservación.	15	18		X	
5	Enerxía e materia	As propiedades da materia, as fontes de enerxía renovables e non renovables, a súa transformación e a influencia na vida cotiá do alumnado serán os contidos a tratar na unidade correspondente.	15	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Novas tecnoloxías	Durante esta última unidade, o alumando coñecerá as características e funcións das máquinas simples e compostas, así como o funcionamento das novas tecnoloxías e a súa importancia na sociedade actual.	15	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os seres vivos	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións.	Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos e as súas características.	PE	50
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e clasificar ós seres vivos nos reinos segundo as súas características.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicciónss razoadas a través da observación.	TI	50
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Desenvovler un prodcuto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿).
- Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e da análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores,

Contidos
- motores, impresión 3D¿).

UD	Título da UD	Duración
2	Son un animal	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e clasificar os animais segundo as súas características.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos.		
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿). - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes¿). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
3	Son unha planta?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e clasificar as plantas segundo as súas características.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións razoadas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos.		
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Desenvovler un prodcuto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿). - Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D¿).

UD	Título da UD	Duración
4	Onde viven os seres vivos?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural coñecendo as relacións que se establecen nel.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar prediccións razoadas a través da observación.	TI	70
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de accións e condutas en favor da sustentabilidade.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿).

Contidos
- Os ecosistemas como lugar onde interveñen factores bióticos e abióticos, mantendo un equilibrio entre os diferentes elementos e recursos. Relacións entre os seres vivos dun ecosistema, cadeas alimentarias, características, compoñentes e tipos de ecosistemas. - Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes¿). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.

UD	**Título da UD**	**Duración**
5	Enerxía e materia	17

Criterios de avaliación	**Mínimos de consecución**	**IA**	**%**
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar e analizar as propiedades da materia, empregando os instrumentos adecuados de forma guiada.	PE	40
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñecer as fontes de enerxía máis importantes e as principais características da enerxía eléctrica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar prediccións razoadas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA3.3 - Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na procura e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais e buscar solucións de forma guiada.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e os beneficios na sociedade.	Identificar os riscos e beneficios dos avances da ciencia e da tecnoloxía.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Desenvovler un prodcuto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunicar o deseño dun producto final explicando os pasos seguidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿). - Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e do volume a través da experimentación. - As fontes de enerxía renovables e non renovables. - A enerxía eléctrica. Os circuítos eléctricos e as estruturas robotizadas. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. - Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable. - Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes¿). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual. - Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e da comunicación, cinema, deporte...). - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.

Contidos
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna. - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D¿). - Presentación dos proxectos desenvoltos, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación e explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

UD	Título da UD	Duración
6	Novas tecnoloxías	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas.	Identificar máquinas simples e compostas de uso cotián e as súas características e funcións.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formular preguntas e realizar prediccións razoadas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar, seleccionar e contrastar información de forma guiada, adquirindo léxico científico básico para as súas investigacións.		
CA1.3 - Deseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseñar e realizar experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, e comunicar as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analizar e comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais para a búsqueda de información e creación de contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e os beneficios na sociedade.	Identificar os riscos e beneficios dos avances da ciencia e da tecnoloxía.		
CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando as necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Formular un problema de deseño que se resolva coa creación dun prototipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Deseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseñar posibles solucións aos problemas expostos empregando diferentes estatexias de forma guiada.		
CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, os dispositivos, as técnicas e os materiais adecuados.	Desenvovler un prodcuto final utilizando ferramentas e dispositivos sinxelos de forma guiada.		
CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunicar o deseño dun producto final explicando os pasos seguidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos¿).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais¿).
- Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información na internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar pola internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados¿) e estratexias de actuación.

Contidos
- Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual. - Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e da comunicación, cinema, deporte...). - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. - Deseño, prototipo, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna. - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D¿). - Presentación dos proxectos desenvoltos, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación e explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

- Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 5 e 6, crearemos maquetas con circuítos eléctricos valorando o uso de diferentes fontes de enerxía, afondaremos nas fontes de enerxía de uso cotiá e na importancia dun uso responsable das mesmas.
-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Como é no caso da unidade 1, na que o alumnado experimentará a través do microscopio para recoñecer os diferentes tipos de células, tanto animal como vexetal. Ao longo da unidade 3, afondaremos no estudo das plantas e como realizan as funcións vitais, elaborando un informe científico sobre a súa reprodución.
-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Así, na unidade 4 o alumnado reflexionará sobre a contorna do centro e os coidados que necesita, levando a cabo unha actividade de aprendizaxe servizo elaborando carteis informativos sobre os seres vivos que habitan na contorna e os seus coidados, empregando para este fin recursos dixitais (programas informáticos, APPs para tablets,...)
-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Como é caso da unidade 5, onde, por equipos, o alumnado deberá indagar sobre as diferentes formas de enerxía que usa ao longo do día para realizar as súas actividades cotiás, suxerindo solucións para reducir o consumo de enerxía a través dunha presentación. Na unidade 6, analizarán o uso e funcionamento das máquinas simples e compostas de uso cotiá, indagando de que materiais están feitas e como funcionan expresando os resultados nun organizador gráfico. Ademais, crearán unha estrutura robotizada sinxela empregando diferentes tipos de materiais.

- Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.
-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.
-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (Grupo nominal, A maleta, Opinións enfrontadas, Páxinas amarelas,...); e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Mapa conceptual a catro bandas, Estrutura 1-2-4, Saco de dúbidas, Crebacabezas,...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina (normal e condutiva), material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...
RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, circuítos eléctricos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey, etc.
RECURSOS DIXITAIS: entornos virtuais de aprendizaxe (EVA) ou aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch ou Scratux, mblock ou makeblock), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.
RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso para todo o grupo, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica.
Esta avaliación levarase a cabo mediante:
-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

·Describir e identificar as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral e empregando recursos dixitais como o Kahoot.
·Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes, e analizalas empregando rutinas de pensamento como "3-2-1-Ponte".
·Visualización dun vídeo sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta para realizar actividades de comprensión e expresión oral.
·Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre diferentes temáticas: características e propiedades da materia e dos materiais de uso común, propoñer hipóteses a preguntas científicas, presentar solucións a diferentes problemas, etc.
·Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.
A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinado alumnado para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**15**	**15**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	50	40	40	30	40	40	**40**
Táboa de indicadores	50	60	60	70	60	60	**60**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

- Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 25%. Escala de observación: 5%.
UNIDADE 2: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 20%. Lista de Cotexo: 40%.
UNIDADE 3: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 30%. Escala de observación: 5%
UNIDADE 4: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 45%. Lista de Cotexo: 25%.
UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 20%.
UNIDADE 6: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 35%. Lista de Cotexo: 25%.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

- Para o cálculo da nota de cada avaliación parcial terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

- A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: NOTA 1ª avaliación x 0.4 + NOTA 2ª avaliación x 0.3 + NOTA 3ª avaliación x 0.3
O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando a cifra que ocupa a posición da décima sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.
Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 60% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 40%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.
Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.
Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.
Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:
- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - A creatividade		X	X		X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento					X	X
ET.7 - O espíritu científico	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X			X		
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X				
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade	X	X	X	X	X	X
ET.12 - A educación para o consumo responsable					X	X

Observacións:
Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións, como por exemplo o Plan Director.	X		
Saídas á contorna	Observación e estudo dos ecosistemas máis próximos.		X	
Saídas culturais	Visita a un museo, exposicións...			X

Observacións:
Poderán deseñarse, en colaboración con outras áreas, actividades relacionadas coas conmemoracións sinaladas no calendario escolar como poden ser: Día Mundial da Saúde, Día do Medio Ambiente, Día dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...
Do mesmo xeito, poderán planificarse distintos obradoiros nos que se traballarán diversas temáticas como a relaxación e a xestión de emocións, a cociña saudable, os primeiros auxilios, as prácticas saudables no deporte...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O reparto dos contidos e CA seleccionados para cada UD é axeitado
A secuenciación e a temporalización das UD adáptase ás características do grupo de alumnado
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
Metodoloxía empregada
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Utilizase unha linguaxe sinxela, clara e ben estruturada na presentación dos novos contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adáptase a secuenciación das tarefas ás necesidades do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Estimúlase o diálogo e/ou actividades de educación emocional como principal vía para a prevención e resolución de conflitos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.
Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluirán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.
A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluirá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.
De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación

parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).
Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:
1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).
3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluirase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 15

4.2. Materiais e recursos didácticos 16

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 17

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 17

6. Medidas de atención á diversidade 18

7.1. Concreción dos elementos transversais 18

7.2. Actividades complementarias 19

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 21

9. Outros apartados 21

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias sociais nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira rural da provincia da Coruña; a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro ten cinco unidades: unha de EI e catro de EP: 1º, 2º, mixta de 3º-4º e mixta de 5º-6º.
A aula de 5º está composta por 5 alumnos. 2 nenos e 3 nenas. Hai que destacar que dentro deste grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.
A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, etc. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso do bosque do colexio.Estes recursos permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Ciencia e tecnología"; o bloque número 2, "O mundo e o desenvolvemento sostible."; o bloque número 3, "Vivir en sociedade"; e o bloque número 4, "Leccións do pasado".
Así o alumnado adquirirá os coñecementos, as habilidades e as actitudes relacionadas co uso seguro de fontes fiables de información. Incidirase na educación para a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, o respecto á diversidade, a actividade etnocultural, a cohesión social, o emprendemento, a valorización e conservación do patrimonio, e a defensa da igualdade efectiva entre mulleres e homes; en definitiva, nenas e nenos comprometidos co planeta e as persoas, que se converterán en adultos con intereses e inquietudes por preservar o medio ambiente que lles rodea.
Todo isto levarase a cabo nas 8 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso planeta: A Terra	Coñeceremos os elementos que forman o Universo, o Sistema Solar e o planeta Terra.	13	10	X		
2	A representación da Terra	Realizaremos un estudo do globo terráqueo, mapas, planos e planisferios. Traballo do eixe de coordenadas a través do programa Scratch. Coñecemento e	13	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	A representación da Terra	práctica coas escalas. Elaboración dun itinerario.	13	10	X		
3	O clima	Analizaremos o clima no noso planeta. Estudo dos diversos climas de España e Galicia. Coñecemento dos elementos e factores do clima. Causas e consecuencias do cambio climático: medidas a adoptar.	13	10	X		
4	Vida sustentable	O desenvolvemento sustentable nas actividades humanas e económicas. Distribución da riqueza. Coñecemento dos obxectivos do desenvolvemento sustentable e dos límites do planeta. A seguridade viaria como elemento dunha vida sá e sustentable (normas, hábitos e causas dos accidentes).	12	8		X	
5	As institucións de Galicia	A organización política local, provincial e autonómica. Representación e participación política. Galicia: institucións, valores e funcións. Proceso de construción da democracia en España.	12	8		X	
6	Poboación	Estudo das variables demográficas e a súa representación gráfica. Comportamento da poboación e a súa evolución. Contraste de zonas urbanas e zonas rurais: o despoboamento.	12	8		X	
7	A Idade Media	Coñecemento sobre as diferentes fontes históricas e relación con feitos históricos da Idade Media. Coñecemento dos distintos feitos históricos da Idade Media. Investigación sobre expresións artísticas e culturais da Idade Media: Camiño de Santiago, Románico e Gótico.	12	7			X
8	A Idade Moderna	Coñecemento sobre as diferentes fontes históricas e relación con feitos históricos da Idade Moderna. Coñecemento dos distintos feitos históricos da Idade Moderna. Investigación sobre expresións artísticas e culturais da Idade Moderna: os descubrimentos, Renacemento e Barroco.	13	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso planeta: A Terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.	PE	30
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	70
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información en investigacións.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.

UD	Título da UD	Duración
2	A representación da Terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	50
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información nas investigacións.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, no contraste e na avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Propor solucións básicas para distintos problemas sociais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.

Contidos
- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.

UD	Título da UD	Duración
3	O clima	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	60
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito sinxelo, os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, cos coidados, coa corresponsabilidade e coa protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Utilizar algunha fonte de información para as súas investigacións.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelaborda de forma máis comprensiba textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate	TI	50
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Demostra capacidade de enriquecer a súa opinión a través dos argumentos doutros compañeiros e compañeiras.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflictos de convivencia.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoaxe coñecida.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).

Contidos
- Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral. - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Ler e escribir nas pantallas	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas.	PE	55
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	45
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan profucir nos medios de comunicación.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora

Contidos
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coa lingua galega e lingua inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das outras áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de transmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.
Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.
Dentro desta aprendizaxe cooperativa imos resaltar os grupos interactivos, nos que dvidiremos ao alumnado en grupos (3 ou 4) e rotaremos distintas actividades polas estacións designadas. Cada tarefa terá un tempo establecido duns 15 ou 20 minutos dependendo do planificado para esa sesión. Debido ao tempo necesario para este tipo de actividade precisamos xuntar dúas sesións de lingua castelá, cousa que faremos os luns, Os grupos interactivos levaranse a cabo quincenalmente. Tamén aproveitaremos estas sesións do luns para elaboración e presentación de traballos grupais.
>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.
>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.
Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.
Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...
O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado.
Portátil de aula e do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de literatura.
Radio escolar e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

O equipo dixital do alumnado será a súa principal ferramenta de traballo, complementada con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.
A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.
Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:
Exame dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**12**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**100**
Proba escrita	34	73	52	37	42	76	34	50	55	**50**
Táboa de indicadores	66	27	48	63	58	24	66	50	45	**50**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude na aula. 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTA UD6) / 3
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8 + NOTA UD9) / 3
A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).
Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Para iso contaremos co mestre/mestra en primeiro lugar, e na medida das dispoñibilidades asignadas pola Dirección, das horas de profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado de PT/AL. Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais. Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan auto-xestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.
No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade didáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en

práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumando, o Departamento de Orientación e o equipo directivo.
Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:
- O profesorado do Plan PROA
-O profesorado especialista de ALe PT de ser o caso, e se así o determina o Departamento de Orientación.
-O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumnas realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.
-O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educacion para a saúde (incluída a sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Emprendemento.	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X
ET.3 - Educación para a paz.	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X
ET.5 - Educacion para a saúde (incluída a sexual).	X

	UD 9
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X

Observacións:
A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao nosa contorna	Consensuar e redactar as observacións lingüísticas e de comunicación feitas no roteiro	X	X	
Saídas culturais (Museos da Coruña)	Visita a diversos museos, exposicións,...Preparación da visita e traballo posterior con exposicións orais.		X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións virán a falar de temas de interese.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	
Excursión fin de curso á Granxa de Ventoso	Xornada de convivencia escolar			X
Revista escolar	Colaboración na realización da revista escolar con artigos, podcasts, gravacións...			X

Observacións:
Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.Asimesmo, aproveitaremos as actividades ofertadas polo Concello e organizacións da zona.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%).
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%.
Metodoloxía empregada
Grao de motivación continuada do alumnado.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os dous mestres/as do nivel.
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
Outros
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.
No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:
>Carácter instrumental, con presencia nas demais áreas curriculares.
>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
>Grao de adquisición de competencias na área.
>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.
Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.
Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.
No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.
Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudios, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.
As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 18

4.2. Materiais e recursos didácticos 19

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 19

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 20

6. Medidas de atención á diversidade 20

7.1. Concreción dos elementos transversais 21

7.2. Actividades complementarias 21

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 22

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 22

9. Outros apartados 22

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 5º curso de Educación Primaria para a área de linguas estranxeiras: Inglés. O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo, en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, por iso o noso centro leva traballando con Seccións Bilingües dende o curso 2013-14, forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-17 e do programa de Plurinfantil dende o curso 2017-18. Isto permítenos contar cun/ha auxiliar de conversa que nos apoiará ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	My world	Unha unidade onde repasaremos e ampliaremos a presentación persoal e as rutinas diarias	15	20	X		
2	Who's the best?	Unidade na que traballaremos a expresión da comparación.	15	20	X		
3	Talking about the past I	Nesta unidade aprenderemos a falar sobre o pasado	15	18		X	
4	Talking about the past II	Unidade de continuación onde seguiremos traballando sobre a expreseión do pasado	20	20		X	
5	Giving instructions	Unidade onde traballaremos a expresión das instruccións e obrigas.	15	10			X
6	A visit to the future	Nesta unidade final falaremos sobre a expresión do futuro.	20	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	My world	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas e iniciar e terminar a comunicación.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.

Contidos
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Who's the best?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado e próximos á súa experiencia.	Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Planificar e participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas de forma guiada en situacións de comunicación mostrando respecto e empatía polos interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.

Contidos
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Talking about the past I	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada	TI	100
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves, sinxelos e útiles adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos breves		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Utilizar de forma guiada en situacións cotiás estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes; e iniciar e terminar a comunicación.		
CA2.3 - Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Iniciarse, de maneira guiada, no rexistro e uso dos progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.

Contidos
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Somos reporteiras e reporteiros.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica linguaxe discriminatoria nun texto escrito.	PE	50
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta un resumo dun debate previo, con indicación de opinións encontradas, e da súa propia.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensiva textos propostos, axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente aumentativos e diminutivos de palabras dadas		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Demostra empatía e coñecemento do argumento do contrario nun debate	TI	50
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Demostra capacidade de enriquecer a súa opinión a través dos argumentos doutros compañeiros e compañeiras.		
CA2.8 - Mobilizar coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos e propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflictos de convivencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e das virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, contextos variados da literatura galega.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoaxe coñecida.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Procesos: interacción oral.
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: produción oral
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e a súa utilización como fonte de información e lecer.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita

Contidos
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Os medios de comunicación	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, en lingua galega identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas	PE	55
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	45
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan producir nos medios de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, a información relevante e a integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Xéneros discursivos - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronome e artigo) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten un carácter esencialmente instrumental, e, xunto coas áreas de Lingua Castelá e Lingua Inglesa, está presente tamén nunha porcentaxe das demais áreas curriculares. É a nosa ferramenta indispensable de comunicación, de trasmisión de coñecementos, e por tal motivo ten un carácter esencialmente social.
Deste xeito defínense unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no quinto curso:
- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.
Dentro deste apartado faremos traballo con grupos interactivos levando a cabo rotacións entre as distintas estacións (3 u 4) nas que haberá unh actividade en cada unha,. Faranse grupos do alumnado e cada rotación durará entre quince e vinte minutos polo que é imprescindible xuntar dúas das sesións semanais. Nestas dúas sesións farase umha explicación previa das actividades, a realización destas e ; posteriormente, unha avaliación conxunta do

traballo realizado. Estes grupo interactivos serán quincenais. N qincena que non se fagan esas dúas sesións xuntas aproveitaranse para actividades de investigación e presentación de traballos.
- Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
- Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os e as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos en función das súas capacidades e necesidades.
- Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumnado quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
- Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais disponibles serán moi útiles.
Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.
Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios...
O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música urbana, popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.
A exposición de ideas colectivas ou individuais requerirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC con texto, gráficos, imaxes, etc

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátiles de alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de ficción.
Radio escolar e salón de actos
Fontes documentais de internet

O equipo dixital do alumnado unha das ferramentas de traballo, xunto con cadernos para realización de anotacións, exercicios, etc. A disposición da aula facilitará os agrupamentos para equipos de traballo, nos que utilizarán estes recursos básicos, así como a propia comunicación oral.
A plataforma EVA Edixgal facilita a comunicación docente/discente nas asignacións de tarefas, e servirá tamén como instrumento de avaliación.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula de titoría serán empregados con regularidade para o desenvolvemento curricular nesta área: programas de radio, representacións teatrais, producións audiovisuais...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha avaliación inicial para a que se adicarán as catro sesións primeiras, e que constará:
Análise dos informes de fin de ciclo sobre cada un dos alumnos e alumnas. Tamén no seu caso, dos informes de alumnado con área non superada no ciclo anterior.
Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
Realizacion dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade de redación, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta
ortografía.
Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algúnha figura literaria empregada no mesmo.
Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**12**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**100**
Proba escrita	34	73	52	37	42	76	34	50	55	**50**
Táboa de indicadores	66	27	48	63	58	24	66	50	45	**50**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude na aula. 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2 + NOTA UD3) / 3
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD4 + NOTA UD5 + NOTAUD6) / 3
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD7 + NOTA UD8 + NOTA UD9) / 3

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).
Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non foron adquiridas. Realizarase a través do mestre ou mestra de área, e de ser preciso contarase co profesorado do Plan PROA ou coa especialista de AL se así o considera o Departamento de Orientación.
Das catro sesións semanais, haberá unha adicada a reforzar e afondar no xa traballado, e aproveitarase para incidir nestas necesidades puntuais.
Terán unha organización de grupos de traballo, que permitan autoxestionar a actividade un grupo de alumnos e alumnas, mentres outros poderán recibir axuda máis concreta.
No comezo do segundo e terceiro trimestre adicarase algunha sesión a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou a cualificación suficiente. No último período de curso, despois da unidade diáctica 9, realizaranse actividades de carácter colectivo nas que poderán poñer en práctica o aprendido no curso, e servirán como recuperación nos casos que o precisen.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.
Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:
- Profesorado do PLan PROA
- O profesorado especialista de AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo interactivo fomenta a formación entre iguais, apotando tos e cada un dos membros do grupo.
- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumn@.
- O docente, nas actividades de grupos, prestará especial atención ao alumnado con máis dificultades, e asignará maior responsabilidade aos que se desenvolven con maior solvencia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos tranversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflictos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro pola nosa contorna	Consensuar e redactar as diferentes situacións comunicativas atopadas durante o roteiro	X	X	
Saídas culturais (Museos da Coruña)	Visita a diversos museos, exposicións,...Preparación da visita e traballo posterior con exposicións orais.		X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións virán a falar de temas de interese.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Excursión fin de curso á Granxa de Ventoso	Xornada de convivencia escolar			X
Revista escolar	Colaboración na realización da revista escolar con artigos, podcasts, gravacións...			X

Observacións:
Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.
Asimesmo, aproveitaremos todas aquelas actividades ofertadas polo Concello e asociacións da contorna que sexan interesantes para a consecución dos obxectivos deste nivel educativo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao de participación do alumnado nas actividades voluntarias (mínimo 50%)
Avaliación positiva nunha porcentaxe de alumnado superior ao 85%
Nivel de intervención activa do alumnado en debates, cun mínimo do 80%
Metodoloxía empregada
Grao de motivación continuada do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades de clase, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Integración activa nas actividades grupais da totalidade do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os docentes do nivel
Grao de coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e alumna
Outros
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía co mestre/a

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre os/as mestres/as do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.
No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:
>Carácter instrumental, con presencia nas demáis áreas curriculares.

>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.
Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:
>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
>Grao de adquisición de competencias na área.
>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
>Avaliación continua do proceso para adoptar as correcións que se precisen con rapidez.
>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación incial, que condicionará as actuacións dende o principio.
Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.
Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.
No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.
Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudios, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.
As incidencias de seguimento quedarán rexistradas no apartado propio desta aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	5º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 31

4.2. Materiais e recursos didácticos 33

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 34

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 35

6. Medidas de atención á diversidade 36

7.1. Concreción dos elementos transversais 36

7.2. Actividades complementarias 37

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 38

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 39

9. Outros apartados 39

1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de m,atemáticas nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira rural da provincia da Coruña; a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro ten seis unidades: unha de EI e cinco de EP: 1º, 2º, 3º, 4º e mixta de 5º-6º.
A aula de 5º está composta por 4 alumnos. 2 nenos e 3 nenas. Hai que destacar que dentro deste grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.
A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser supermercados e tendas. Así como as instalacións do mesmo, como é o caso do bosque do colexio. Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os seis sentidos arredor do concepto de sentido matemático que forman a materia, o bloque número 1 "Sentido numérico"; o bloque número 2, "Sentido da medida"; o bloque número 3, "Sentido espacial"; o bloque número 4 "Sentido alxebraico e pensamento computacional"; o bloque número 5 " Sentido estocástico" e o bloque número 6, "Sentido socioemocional".
Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes necesarias para aplicar a perspectiva e razoamento matemático no planteamento dunha situacion-problema próxima ao seu contexto cotidiano, seleccionar as ferramentas axeitadas para a súa resolución, interpretar as solucións en contexto e tomar decisións estratéxicas. Esta visión das matemáticas desenvolvera as destrezas imprescindibles na formación dunha cidadanía comprometida e reflexiva capaz de enfrentar os desafíos do siglo XXI.
Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "O mercado" (ou "O Supermercado"), o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinado diversos recursos.	20	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... e todo en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda.	20	25	X		
2	Os experimentos e as matemáticas	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	25	X		
3	Celebramos o Entroido	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de	15	20		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Celebramos o Entroido	decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	20		X	
4	As matemáticas e a arte	Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal). A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada. A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.	20	25		X	
5	As matemáticas e os deportes	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza. As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas. A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a	15	25			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	As matemáticas e os deportes	análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o traballo en equipo e o respecto ás persoas; o manexo de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	25			X
6	Viaxamos	Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado. Poderá deseñarse de mútiples formas: saída pola contorna,xincana pola vila, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes. As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes. A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mercado	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	PE	15
CA1.9 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	TI	85
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.		
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.		
CA1.8 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións baseadas no respecto, a igualdade e a resolución de conflitos.		
CA5.3 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contaxe
- Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Cantidade
- Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas.
- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais.
- Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais.
- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras.
- Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Expresión de fraccións e decimais en contextos da vida cotiá: selección da expresión máis adecuada para cada situación previa manipulación, exploración de regularidades e procura de equivalencias.
- Sentido das operacións
- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
- Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.
- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido.

Contidos

- Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade.
- Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.
- Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos.
- Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións.
- Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas.
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiáns.
- Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos¿ de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles.
- Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás.
- Razoamento proporcional
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións...
- Educación financeira
- Identificación de situacións da vida cotiá que requiran dun manexo responsable do diñeiro: a cesta da compra, o aforro, os gastos domésticos, os salarios, as necesidades básicas, as marcas, a calidade e o prezo.
- Resolución individual ou en equipo de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable, con análise crítica das relacións valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo, con emprego de propostas sobre ofertas e rebaixas, para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada.
- Formulación e resolución de problemas de índole financeiro que impliquen a elección dun produto, a análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo, e a xustificación da decisión tomada.
- Magnitude
- Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, masa, capacidade e superficie), do tempo, da temperatura e de ángulos (graos) en situacións habituais e da súa contorna; elección da medida máis adecuada en cada situación.
- Medición
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións (lonxitude, masa, capacidade, tempo e ángulos) no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (analóxicos ou dixitais), elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, coñecemento das equivalencias entre medidas e medición precisa seguindo os procesos adecuados.

Contidos
- Estimación e relacións - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá que impliquen a conversión de unidades. - Resolución de retos e problemas que permitan observar e comprobar a relación existente entre o sistema métrico decimal e o sistema de numeración decimal. - Estratexias para a estimación de medidas do sistema métrico decimal, de ángulos, tempo e temperatura por comparación con unidades de medida coñecidas e a súa aplicación en contextos habituais, con verificación dos resultados, comprobación de se son posibles ou non e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as quendas de intervención, a percepción emocional do tempo¿ na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas. - Organización e análise de datos - Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo en que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. - Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións¿) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas. - Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación. - Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns. - Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo. - Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas. - Incerteza - Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas¿ - Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano. - Inferencia - Coñecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián. - Crenzas, actitudes e emocións. - Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas. - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo. - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
- Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade. - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas. - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado. - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros. - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade - Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula. - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas. - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	Viaxamos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender problemas da vida cotiá a través da reformulación da pregunta, de forma verbal e gráfica.	Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar entre diferentes estratexias para resolver un problema, xustificando a elección.	Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.		
CA1.4 - Obter posibles solucións dun problema, seleccionando entre varias estratexias coñecidas de forma autónoma.	Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.		
CA1.6 - Formular novos problemas sobre situacións cotiás que se resolvan matematicamente.	Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas.	Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.		
CA3.2 - Elaborar representacións matemáticas que axuden na procura e elección de estratexias e ferramentas, incluídas as tecnolóxicas, para a resolución dunha situación problematizada.	Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.		
CA5.8 - Interpretar a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario apropiado e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.		
CA6.1 - Autorregular as emocións propias e recoñecer algunhas fortalezas e debilidades, desenvolvendo así a autoconfianza ao abordar novos retos matemáticos.	Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.		
CA6.2 - Elixir actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como a perseveranza e a responsabilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa, respectuosa e responsablemente, mostrando iniciativa, comunicándose de forma efectiva, valorando a diversidade, mostrando empatía e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente , respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		
CA6.4 - Colaborar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.		
CA6.5 - Formular conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.		
CA6.6 - Utilizar conexións entre diferentes elementos matemáticos mobilizando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.		
CA6.7 - Utilizar as conexións entre as matemáticas, outras áreas e a vida cotiá para resolver problemas en contextos non matemáticos.	Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.		
CA6.8 - Comunicar en diferentes formatos as conxecturas e procesos matemáticos, utilizando linguaxe matemática adecuada.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contaxe

Contidos
- Estratexias para contar e recontar istematicamente e a súa adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 999.999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes como elemento facilitador do cálculo mental e aceptación do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Lectura, escritura, ordenación e representación con materiais manipulativos e a recta numérica de números naturais ata o 999.999 e decimais ata as centésimas. - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de fraccións en textos e contextos familiares e habituais. - Identificación, lectura, escritura, ordenación e representación de números enteiros en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 999.999 e decimais ata as centésimas investigando propiedades e relacións, con explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras. - Estimacións, aproximacións razoadas e redondeo de cantidades con números ata o 999.999 e decimais (ata as centésimas) en problemas cotiáns resoltos con estratexias diversas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Expresión de fraccións e decimais en contextos da vida cotiá: selección da expresión máis adecuada para cada situación previa manipulación, exploración de regularidades e procura de equivalencias. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e os procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade para a aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen a comprensión da utilidade das operacións aritméticas con números naturais, decimais e fraccións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido. - Resolución de problemas contextualizados con operacións aritméticas combinadas (con números naturais, decimais e fraccións) con atención á súa xerarquía, aplicando as súas propiedades, as estratexias con flexibilidade e sentido e os procedementos de cálculo mental, estimacións, algoritmos ou calculadora que se precisen segundo a natureza do cálculo e a súa complexidade. - Creación e formulación de problemas que se resolvan mediante operacións aritméticas (con números naturais, fraccións e decimais) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para a autocorrección de resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso, para a investigación de patróns e propiedades numéricas e como procedemento útil en cálculos complexos. - Construción manipulativa e gráfica de cadrados como produto de factores iguais, investigando patróns e propiedades, como introdución ás potencias e medidas de superficie. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (naturais ata o 999 999 e decimais ata a centésima) e as súas equivalencias; aplicación nas relacións que xera nas operacións. - Comparación e ordenación de números naturais, decimais e fraccións con igual denominador como solución de problemas de situacións cotiás, con interpretación e expresión do resultado exacto ou estimado da comparación e

Contidos
- uso adecuado da simboloxía das relacións numéricas. - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre as operacións aritméticas de suma e multiplicación, suma e resta, resta e división, multiplicación e división, fracción e división; aplicación en contextos cotiáns. - Construción manipulativa e gráfica con pezas de construción, regras, cuadrículas, tramas de puntos¿ de múltiplos e divisores para investigar a relación de divisibilidade. Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores e a relación entre eles. - Investigación e comprobación da relación entre fraccións sinxelas (metade, cuarto, décimo), decimais (0,5, 0,25, 0,10) e porcentaxes (50 %, 25 % e 10 %) en situacións cotiás. - Razoamento proporcional - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo os procesos e as estratexias adecuadas, que impliquen o uso de porcentaxes: rebaixas, contidos nos alimentos envasados, análise deportiva, votacións... - Educación financeira - Identificación de situacións da vida cotiá que requiran dun manexo responsable do diñeiro: a cesta da compra, o aforro, os gastos domésticos, os salarios, as necesidades básicas, as marcas, a calidade e o prezo. - Resolución individual ou en equipo de problemas en situacións cotiás que requiran unha correcta administración do diñeiro e consumo responsable, con análise crítica das relacións valor/prezo, calidade/prezo, mellor prezo, con emprego de propostas sobre ofertas e rebaixas, para comparar e elixir a mellor opción nunha compra simulada. - Formulación e resolución de problemas de índole financeiro que impliquen a elección dun produto, a análise das relacións valor/prezo e calidade/prezo, e a xustificación da decisión tomada. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Interpretación e elaboración de mensaxes e descricións relativas ao seu contorno físico, aos obxectos e á arte con vocabulario adecuado relacionado con figuras e corpos xeométricos, relacións (paralelismo, perpendicularidade, simetría) e posicións ou elementos referenciais (coordenadas, puntos cardinais, distancias, ángulos e xiros). - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables como cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram¿ e o manexo de ferramentas dixitais de xeometría dinámica, realidade aumentada e robótica educativa para a procura de regularidades, comparación e clasificación con criterios sinxelos e explicación do proceso. - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrición de corpos xeométricos en obxectos e imaxes, demostrando curiosidade por descubrir propiedades e relacións, con explicación do proceso. - Estratexias e técnicas de construción de figuras e corpos xeométricos por composición e descomposición, mediante materiais manipulables, instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás) e aplicacións informáticas, con explicación do proceso seguido. - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición co uso de vocabulario adecuado das direccións e da posición relativa en planos e mapas a partir de puntos de referencia (incluídos os puntos cardinais) e indicación relativa de distancias en soportes físicos e virtuais. - Descrición de posicións e movementos no primeiro cuadrante do sistema de coordenadas cartesiano a través de xogos e retos (gráficos, robótica educativa¿), identificando utilidades habituais. - Elaboración de itinerarios sinxelos en planos, bosquexos, mapas e maquetas con representación de situacións da vida cotiá. - Movementos e transformacións - Identificación de figuras transformadas en situacións da vida cotiá, observando translacións e simetrías.

Contidos
- Xeración de figuras transformadas a partir dun patrón, realización de predicións sobre o resultado e contraste das opinións en equipo. - Identificación de figuras semellantes (ampliacións, reducións) en situacións da vida cotiá. - Xeración de figuras semellantes a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial con predición do resultado. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros e áreas de figuras planas (triángulos, cadrados e rectángulos), con contraste de estratexias e resultados. - Resolución de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións. - Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación que hai que resolver. - Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadro, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas. - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos, e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Organización e análise de datos - Identificación de datos cuantitativos e cualitativos da contorna próxima que podemos rexistrar e cuantificar. - Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas; uso desa información na resolución de problemas. - Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo en que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos. - Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos (enquisas, medicións, observacións¿) de maneira individual ou en equipo para aplicar en situacións contextualizadas. - Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras e histograma), con emprego de recursos tradicionais e tecnolóxicos e elección do máis adecuado á situación. - Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda en resolución de problemas en contextos cotiáns. - Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo. - Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición destas. - Incerteza - Identificación da incerteza en situacións da vida cotiá a través da cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos baseados en xogos de cartas, dados, moedas¿ - Investigación sobre a contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano. - Inferencia - Coñecemento da necesidade de mostras cando a poboación é moi grande, procura de exemplos de estudos con mostras no contexto cotián. - Crenzas, actitudes e emocións.

Contidos
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas. - Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo. - O reforzo verbal, a participación, a gradación das dificultades e a identificación de fortalezas como recursos para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero. - Estratexias para desenvolver a autoestima como medio para superar dificultades e afrontar os retos matemáticos con maior seguridade. - Realización de investigacións matemáticas individuais ou en equipo para fomentar a curiosidade, o interese, o pensamento autónomo e crítico e a iniciativa na súa aprendizaxe. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e o gusto polas matemáticas. - Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado. - Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, desenvolvendo a capacidade de adaptarse ou cambiar de estratexias, estimulando o razoamento, con valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros. - Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade - Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e respecto pola diversidade presente na aula. - Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e exixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo: estratexias e dinámicas cooperativas. - Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización de tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatoria de roles en interacción simultánea, a avaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos. - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Dado que os contidos traballados illadamente están desprovistos de significado imos proporcionarlle ao alumnado situacións complexas, como complexa é a realidade, situacións que involucren varios ámbitos do saber: o mercado, os experimentos, as festas, a arte, os deportes e as viaxes permiten unha variedade rica e diversa de situacións de aprendizaxe nas que o alumnado constrúe significativamente os coñecementos que serán as ferramentas que lle permitan resolver interrogantes e problemas.

O enfoque globalizador e activo vai responder mellor á diversidade da aula contemplada dende unha perspectiva socioemocional e de xénero; así axudámoslle a aumentar a súa autoconfianza e perseveranza. Van aparecer momentos de bloqueo e estrés, sabémolo; buscamos xustamente que o noso alumnado aprenda a manexalos e manteña unha actitude positiva, crítica e creativa valorando o erro como fonte de aprendizaxe.

A interacción é fundamental na aprendizaxe das matemáticas. As estruturas, estratexias e dinámicas de aprendizaxe cooperativa propician a resolución conxunta de tarefas e problemas, potencian a atención á diversidade, a inclusión, a igualdade e, en definitiva, a convivencia. As propostas en equipo brindan a oportunidade de intercambio entre o

alumnado, permiten a diversidade de ideas e propostas, favorecen clarificar tarefas, discutir plans, chegar a acordos e consensos, analizar producións... Promoven reflexionar e compartir diferentes maneiras de resolver permitindo aproximarse cada vez máis a un proceso eficaz.

A vivencia, manipulación, representación e abstracción son procesos imprescindibles en calquera situación de aprendizaxe; van poñerse en marcha nas situacións arriba sinaladas, situacións contextualizadas, cheas de sentido nas que están presente a exploración e a investigación e nas que é imprescindible responder a unha pregunta, solucionar un reto, lograr unha construción, representar unha vivencia, resolver problemas...

A resolución de problemas xunto ás destrezas emocionais van da man en cada unidade. O problema representa un desafío para o alumnado, permite que faga uso dos seus coñecementos previos, que incorpore datos de outras áreas, que elabore novos coñecementos ou modifique os adquiridos. O problema supón comprometerse cunha solución, tomar decisións, indagar, explorar, analizar, seleccionar procedementos adecuados, sentir satisfacción por chegar a resultados. Implica procesos variados de interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipóteses de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e idoneidade dos resultados obtidos, e interpretación en contexto, expresión de forma ordenada e explicación do proceso seguido. Na resolución de problemas teñen lugar a lectura, reflexión, planificación, establecemento de estratexias, revisión, comunicación, xustificación e modificación de plan se cumprise. A resolución de problemas permítelle ao alumnado planificar o proceso realizando preguntas apropiadas tales como: que quero descubrir?, que sei ?, que hipótese fago?, como podo facer para descubrir o que desexo?, os resultados relaciónanse coas hipóteses?, está ben expresado o resultado?, ten sentido a solución?, podería telo resolto doutro xeito?, podo aplicar o proceso a problemas similares? Na resolución de problemas entran en xogo unha serie de aspectos metacognitivos e emocionais: autorregulación do proceso, expresión, xestión e autocontrol emocional que non podemos esquecer.

O profesorado vai ser mediador e guía e permitiralle ao alumnado explorar e investigar, fomentando a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, así como o enfrontamento dos retos sen ansiedade. Facilitará o desenvolvemento competencial do alumnado atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. Buscará, coas situacións propostas, a exploración e o xogo para espertar o interese do alumnado.

Máis alá da planificación dos tempos, espazos, agrupamentos e outros recursos iniciais, o profesorado, na interacción co grupo, adapta cada un destes elementos segundo se requira na dinámica da aula ampliando ou modificando tempos necesarios para investigar, tentar estratexias, equivocarse, volver tentar, contrastar, validar procesos e aplicar a nova aprendizaxe a outras situacións contextualizadas.

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ao longo de todo o curso: organizar o traballo e o tempo, ter á man o material necesario (material manipulativo, ordenador, calculadora, gráficos)
Os grupos de traballo cooperativo ou en equipos serán heteroxéneos, mixtos e diversos. Aplicaranse dinámicas para a mellora do ambiente de clase e a cohesión de grupo e periodicamente actividades relacionadas coa valoración do funcionamento dos equipos, a rotación de cargos, a elaboración e revisións dos plans de grupo ou cadernos de equipo, etc.

a) Organización dos espazos e recursos
Aula
Necesitamos dotar á aula dun espazo (andeis, mesas ...) no que poidamos expoñer e gardar os materias necesarios e accesibles ao alumando.
Precisaremos un espazo na parede á altura do alumnado, para representar de xeito gráfico, grande, visible e accesible para todas e todos e dun reloxo/cronómetro dixital para que aprendamos a organizarnos no tempo.
Agrupamentos.
A aula estará organizada para o traballo en grupo cooperativo coas mesas colocadas en grupos de catro. Nos debates buscarase unha colocación en U ou en asemblea.
Ademáis, quincenalmente, traballaremos con grupos interactivos que consisten en facer grupos de traballo de tres ou catro alumn@s qu se distribuirán nas diferentes estacións programadas para ese día nas que haberá unha actividade específica. O alumnado rota polas diferentes estacións nas que permanecerán entre quince ou vinte minutos dependendo do traballo prantexado ese día. Para isto é necesario contar con dúas sesións xuntas desta materia. Están especificadas no horario de clase os xoves. É necesario facelo xa que esta actividade consta dunha dunha explicación previa dos traballos a realizar, a súa elaboración por parte do alumnado e dunha posterior avaliación coxunta.
A semana que non se fai este agrupamento faranse actividades de investigación, de campo e presentacións.

b) Organización dos tempos e secuencia proposta
Lentamente e de forma progresiva imos creando situacións que lle permitan ao alumnado organizar e controlar as súas tarefas con maior autonomía. Buscamos unha secuencia de actividades e unha temporalización das mesmas que permita facer partícipe ao alumnado das decisións relativas ao tempo e no que adaptamos estratexias e recursos de cada unha das tarefas, que ten en conta tanto o conxunto do grupo como os alumnos e alumnas que requiran unha atención específica. Clarificarase de xeito visual e gráfico como se van realizar as actividades e a forma de organizarse para saber que facer antes e despois, como desenvolverse no espazo libremente, respectando o traballo e as decisións das e dos demais, e onde atopar o material que cada actividade esixe.
Outra das actividades que se realizarán diariamente será a dos retos e acertixos con situacións problemáticas de diferentes tipos.

c) Pautas de emprego do material manipulativo:
A manipulación implica o emprego de material, e neste sentido, é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:
- O material presentarase para o seu coñecemento e exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos semidirixidos orientados a unha experiementación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:
o Que aprendín?
o Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
o Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
o Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
o Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
o Podo axudar? Deixo que me axuden?

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátiles Edixgal. PDI
Material manipulativo convencional e non convencional
Material de medidas convencionais: balanzas, básculas, pesas, metros, cintas métricas, recipientes de capacidade, reloxos analóxicos, dixitais e de area.
Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fios, lás, ...
Material de debuxo: regra, escuadra, cartabón e compás.
Cartos: moedas e billetes.
Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet...
Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros, material deportivo en xeral...

O currículo da área de matemáticas fai numerosas referencias á manipulación e ao emprego de material para favorecer a comprensión dos distintos contidos que veñen reflectidos nel, polo tanto, o propio texto xa nos dá unha idea dos que deben ser empregados.

Nesta programación formúlase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario, pero de maneira que non supoña un elemento distractor cando non se precise.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe.
Neste senso a avaliación inicial debe recoller información relevante do alumnado para poder axustar e desenvolver a programación acorde coas súas características, unha aprendizaxe matemática significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias. Nesta área, esta avaliación inicial deberá permitir obter información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións matemáticas diversas poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes.
A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.
Ao comezo de curso é moi importante para definir cal será o proceso educativo que programaremos e desenvolveremos nesa aula en concreto. A recollida de información é un paso fundamental, pois, en función deses datos tomaranse unhas decisións ou outras.
Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante as matemáticas, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...).
Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:
- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con otros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Ao comezo de cada unidade ou proposta de traballo haberá de realizarse unha avaliación inicial durante a cal serán detectadas as ideas, as crenzas, as actitudes, os coñecementos, o control dos procesos matemáticos previos, ... de cara a establecer un adecuado proceso de aprendizaxe significativa.
No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.
Ao comezo de curso será de interese avaliar neste nivel:
- A habilidade para establecer relacións entre os obxectos tendo en conta as caulidades ou atributos dos mesmos (color, forma, tamaño,...).
- A capacidade para empregar cuantificadores básicos (uso funcional de números na vida cotiá, cantidade, número e grafía) e significativos en contexto lúdico e en interacción coas demais persoas (relacións de orde, clasificación e comparación).

- A habilidade de situarse en espazos cotiás, aplicando os seus coñecementos sobre nocións espaciais básicas (relacións topográficas básicas).
- A capacidade de identificar situacións cotiás nas que se precise medir usando o corpo ou outros materiais e ferramentas para realizar medidas.
- A habilidade de organizar a súa actividade ordenado secuencias e usando nocións temporais básicas (o tempo: antes-despois, estacións, ciclos, calendario,...).
- A habilidade de xestionar situacións, retos e problemas mediante a planificación, amosando interese e cooperando coas súas e cos seus iguais.
- A capacidade de ir manexando a frustración ante as dificultades ou problemas empregando algunhas estratexias sinxelas.
- A habilidade de preguntar, identificar preguntas matemáticas e verificar as hipóteses que faga a través da manipulación.
- A capacidade de usar secuencias de accións ou instrucións para resolver tarefas sinxelas; o nivel das habilidades básicas de pensamento computacional.
- As habilidades desenvolvidas para traballar en equipo (respecto, quendas,...)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**15**	**15**	**20**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	15	15	0	0	0	0	**5**
Táboa de indicadores	85	85	100	100	100	100	**95**

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude na aula. 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2
A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.
Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.
Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas.
Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias.
Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.
Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, aos demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autocoñecemento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu?	Como se define a persoa, construción dun autoconcepto axeitado de nós mesmas	16	5	X		
2	Como debo actuar?	Que nos move a actuar, como facelo de xeito responsable e autónomo, as normas que guían as nosas accións.	17	6	X		
3	Eu como ser humano, social e democrático	Fundamentos da vida en sociedade: familia, amor, convivencia democrática con xustiza e paz.	17	6		X	
4	Todas as persoas somos iguais	A corresponsabilidade entre todas as persoas sen exclusión de xénero, raza, etnia, procedencia. Respecto da diversidade.	17	6		X	
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	Actitude respectuosa coa biodiversidade, animais e demáis seres vivos.	16	6			X
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	A ecodependencia, valores e hábitos a desenvolver para habitar nun planeta xusto e sustentable.	17	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de definirse de xeito escrito diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresa oralmente de xeito correcto as súas emocións, afectos e desexos.		
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	É capaz de resolver por escrito un dilema moral de xeito argumentado e respectuoso		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A natureza dos seres humanos: - A igualdade en dignidade de todos os seres humanos. - As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepetibilidade dos individuos. - As características que definen a persoa: - Ser natural, ser vivo, ser animal. - Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir. - Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón. - A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano. - A educación das emocións e dos sentimentos: - A autoestima persoal. - O autocontrol. A xestión dos sentimentos. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Como debo actuar?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Participa canto menos unha vez nos debates na aula adoptando unha actitude respectuosa e dialogada	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir oralmente, recolle ideas e apreciacións do resto de compañeiros e compañeras da aula valorándoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:
- A autonomía da vontade.
- A responsabilidade sobre as accións propias.
- O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros.
- A ética como guía das accións:
- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.
- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.
- O pensamento crítico e ético en acción:
- Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.
- O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinación e exclusión.
- Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos.
- O debate sobre os límites da liberdade de expresión.

UD	Título da UD	Duración
3	Eu como ser humano, social e democrático	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de lei, ética, civismo, democracia, xustiza e paz.	Investiga e fai unha redacción acerca do que significa ser un ser social por natureza, empregando alo menos dous dos conceptos propostos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Explica de xeito escrito e coas súas palabras os dereitos humano fundamentais.		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Elabora un traballo escrito sobre os fenómenos migratorios e propón alo menos dúas solucións de mellora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O ser humano como ser social por natureza: - Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. - A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferencia entre as normas morais e as normas legais. - A democracia como mellor modo de convivencia: - Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia. - O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. - O problema da consecución da xustiza na democracia. - A cultura da paz e da non violencia: - O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. - O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.

UD	Título da UD	Duración
4	Todas as persoas somos iguais	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Escribe unha lista de comportamentos rexeitables coa diversidade recoñecendoos na súa contorna e propón solución para cada un deles.	TI	100
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Coñece e describe as institucións e organizacións de cooperación nacional, local e internacional, dende as da súa vila, ata as mundiais. Elabora por escrito unha síntese da súa actividade		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de debater é capaz de expresarse con respecto, argumentando de xeito crítico sobre cuestións éticas e cívicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: - A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais. - A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. - O respecto da diversidade cultural e das tradicións: - A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural. - O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.

UD	Título da UD	Duración
5	Todos os seres vivos merecemos respecto	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Traballo en grupo nunha exposición interactiva exemplificando conductas incívicas e explicando os dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais.	TI	100
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Avalía 4 alternativas posibles para frear o cambio climático dende a nosa práctica individual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Natureza humana e natureza animal: - Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos. - Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade. - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.

UD	Título da UD	Duración
6	E eu, como podo axudar ao planeta?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Debate na aula de xeito oral, e de xeito argumentado acerca dos actuais debates sobre a protección e coidado dos animais e demáis seres do planeta.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	É capaz de expresarse de xeito crítico a nivel individual e considerar nas súas intervencións as aportacións dos seus compañeiros e compañeiras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable: - O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal. - O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos. - Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sustentable: - O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. - O uso sustentable da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos. - A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade. - A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do solo e dos bosques e da protección do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.
Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, conscente de ser responsable da súa aprendizaxe.
Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

Principios metodolóxicos xerais:
- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.

- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.
O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:
- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitar ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.
- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espíritu crítico.
- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos.
- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de reflexión
Libro de texto (se é o caso)
Apuntamentos ou fichas elaboradas polo profesorado
Recursos audiovisuais
Presentacións multimedia

Cada un destes recursos poderá sen empregado para desenvolver a materia ao longo do curso, sempre tendo en conta a posibilidade de adaptación dos recursos a todo o alumnado de aula, flexibilizando sempre en tempo ou na mesma escolla dos recursos no caso de precisar aplicar varios diferentes na mesma sesión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos na materia de ciencias da natureza.
Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:
- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da
aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.
Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos, observación do traballo na aula, participación en debates,... A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:
o Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e

con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
o Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
o Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
o Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
o Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
o Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe;
especialmente, co titor.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**16**	**17**	**17**	**17**	**16**	**17**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua.
Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.
Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude de traballo na aula. 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

A cualificación da avaliación final da materia será a media aritmética das notas acadadas nos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

Realización dunha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados, que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Con respecto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta as ordinarias: adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Ao mesmo tempo contamos co programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Entre as medidas extraordinarias temos: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria para aquel alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitai, etc.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

- Levar a cabo actividades complementarias relacionadas directamente co currículum e que vimos de expoñer na programación baseadas na colaboración con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espíritu crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:
Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Mural - Violencia machista	Levarase a cabo a realización dun mural no centro no que se represente o rexeitamento total á violencia machista, coordinado por unha persoa graffiteira.	X		
Da paz non só se fala un día	Con motivo do día da paz, traballaremos nun taller con alumnado doutros países que proveñan de países en conflito para reflexionar acerca do tema en primeira persoa e reflexionar sobre a importancia que ten que cada día sexamos conscentes do traballo da paz na convivencia.		X	
Saída a O Ventoso	Todos os alumnos/as do cole participarán desta saída na que se traballe a convivencia.			X

Observacións:
Cada actividade complementaria terá lugar nun trimestre respectivamente, e sempre se adaptará en tempo e forma ao alumnado participante e á materia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Teño en conta o procedimento xeral, a programación, e a avaliación de aprendizaxes de acordo ao proxecto curricular
Aplico criterior de avaliación e de cualficación de acordo ao propostos na programación
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación, na que teño en conta o informe da titoría anterior e o equipo de Orientación do centro
Emprego suficientes criterios de cualificación que atendan de xeito equilibrado á avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Explico de xeito habitual e sistemáticos os traballos que califico e actividades que o alumnado fai para darlles pautas de mellora
Teño en conta a motivación do alumnado á hora de programar actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Emprego diferentes medios de información para familias, profesorado e alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto, indicando no seu seguimento as datas de comezo e final para cada unha delas ao longo do curso.
O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	6º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 4

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 6

4.1. Concrecións metodolóxicas 70

4.2. Materiais e recursos didácticos 71

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 72

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 74

6. Medidas de atención á diversidade 76

7.1. Concreción dos elementos transversais 77

7.2. Actividades complementarias 79

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 80

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 81

9. Outros apartados 82

1. Introdución

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 6º curso de Educación Primaria, realizada en base a concreción Curricular e tendo en conta o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 6º de E. Primaria:

Ámbito cognitivo: están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estimulo.

Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza muscular.

Ámbito afectivo-social: comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a

desempeñar un papel moi importante

Contextualización:

- Centro: CEIP Plurilingüe Os Casais (Maniños -Fene-)
- Unidades: 5 (1 en EI, e 4 en EP)
- Curso: 6º
- Nº alumnos/as: 7 (3 nenas e 4 nenos)
- Contorna: A contorna do centro é eminentemente rural. O centro atópase na zona rural do concello.
- Instalacións: ximnasio, 2 pistas polideportivas exteriores, zona verde no exterior.
- Xornada escolar: continua (08:50 a 13:50)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude empática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos, de actividades físico-deportivas e de ocio, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos!	Presentación, normas, actividades cooperativas. Avaliación Inicial.	6	4	X		
2	Hábitos saudables	Hábitos saudables, alimentación e hixiene postural. Esquema corporal. Prevención de lesións e Primeiros auxilios.	15	9	X	X	X
3	HMB (lanzo e recollo)	Habilidades Motrices Básicas (Lanzamentos e recepcións)	6	5	X		
4	Resistencia	Capacidades Físicas Básicas (Resistencia)	6	5	X		
5	Iniciación ao voleibol	Voleibol	8	6	X		
6	HMB 2 (saltos e desprazamentos)	Habilidades Motrices Básicas (Saltos e desprazamentos)	6	5	X		
7	Velocidade	Capacidades Físicas Básicas (Velocidade)	6	4		X	
8	Exprésate!	Expresión Corporal	6	4		X	
9	Deportes inclusivos	Goalball	8	5		X	
10	Deportes Alternativos	Datchball	6	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Acrosport	Capacidades Físicas Básicas (Coordinación e equilibrio)	5	4		X	
12	Deportes Alternativos II	Balonkorf	8	5			X
13	Xogos populares e tradicionais	Xogos Populares e Tradicionais	7	5			X
14	Desfrutando no medio natural	Actividades no Medio Natural.	7	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica das actividades motrices.		
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Adquirir hábitos de vida saudables e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade		
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa		
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA4.4 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA5.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero, e evitando activamente a súa reprodución.	Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia.		
CA5.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, xerando producións motrices de calidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación.		
CA5.4 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física.		
CA6.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices.		
CA6.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física.		
A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos

porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo compararase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.
Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:
- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como
calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará
simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a
disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases
que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.
A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRIMESTRE (6 UD - 38%):
- UD. 1: 14% = equivalente a un 1,4 da nota 1º trimestre.
- UD. 2(I): 16% = equivalente a un 1,6 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 20% = equivalente a un 2 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

2º TRMESTRE (6 UD - 37%):
- UD. 7: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.

- UD. 2(II): 16% =. equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 20% = equivalente a un 2 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 16% = equivalente a un 1,6 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

3º TRMESTRE (4 UD - 25%):
- UD. 12: 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.
- UD. 13 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.
- UD. 2(III): 22% = equivalente a un 2,2 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 26% = equivalente a un 2,6 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 14)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desarrollo das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.
Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024: - 1º TRIMESTRE (6 UD): 38% equivalente a un 3,8 da nota final
- 2º TRIMESTRE (6 UD): 37% equivalente a un 3,7 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 25% equivalente a un 2,5 da nota final
- ORDINARIA (suma das 14 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para
que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.
No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.
Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e

adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Están sendo valorados polo Departamento de Orientación, porén non precisan de reforzo nin modificacións especiais do currículo.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Non existe ningún no centro.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 6º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo ao que está dirixida esta programación non atopamos alumnado que precise de medidas de atención á diversidade na nosa área podendo seguir o ritmo habitual das sesións de EF.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial			X					
ET.6 - Educación Ambiental			X	X			X	
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión Lectora		X	X		X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita		X	X		X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial						X
ET.6 - Educación Ambiental					X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns.
Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo.
Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.
Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros de clubes deportivos do Concello	Durante os primeiros meses, diferentes clubes e asociaciones deportivas do Concello e a nosa contorna realizarán obradoiros para achegar as actividades deportivas que levan a cabo.	X		
Charlas de nutrición e alimentación	Realizaremos charlas para concienciar ao alumnado da importancia unha boa alimentación e nutrición coma aspecto importante da Nosa saúde.		X	
Xornada de Atletismo Divertido	Xornada na que o alumnado practicará xogos de iniciación a este deporte co alumnado doutros centros do Concello.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			X
Programa de Natación Escolar	Ao longo do terceiro trimestre o alumnado asistirá á Piscina Municipal para participar no programa de natación e traballar habilidades no medio acuático.			X
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			X
Contratos Programas CP Innova: EDUsaúde	Os centros educativos son institucións vitais para contribuír ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividade física como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida. Con este programa o centro pretende proporcionar ao noso alumnado unha información fundada sobre a saúde que lles permite, ademais, contar cun xuízo válido para tomar decisións responsables sobre o coidado da propia saúde, a prevención de enfermidades ou a mellora da calidade de vida	X	X	X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguiuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planifición da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula. Continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e, se é necesario, modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.

- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliacion inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	6º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 13

4.2. Materiais e recursos didácticos 13

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 13

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 14

6. Medidas de atención á diversidade 14

7.1. Concreción dos elementos transversais 15

7.2. Actividades complementarias 15

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 16

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 16

9. Outros apartados 17

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 6º curso de Educación Primaria para a asignatura de Educación Plástica e Visual . O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo; en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, o noso centro forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-2017, co cal quere dicir que a asignatura de Plastica é unha materia bilingüe, pero non por iso queremos darlle menos valor a esta área, a adquisición de contidos e as experiencias que levemos a cabo terán prioridade, sen dúbida, por encima da adquisición da lingua estranxeira.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubrimos o arte 1	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual.	30	10	X		
2	Descubrimos o arte 2	Esta unidade desevolve un pouquiño mais os elementos e contidos da anterior unidade.	30	10		X	
3	Descubrimos o arte 3	Unidade final adicada a afianzar todo o aprendido.	30	9			X
4	Festa!	Unidade que se desevolverá durante todo o curso, adicada a traballar as expresións art¿ticas relacionadas coas diversas festividades, Samaín, Nadal, Letras Galegas..	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubrimos o arte 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais,		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros,		
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais,		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.

Contidos
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. - Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
2	Descubrimos o arte 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas audiovisuais		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais,		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, contraste...).		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. - Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos. - Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos. - Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.

Contidos
- Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	Descubrimos o arte 3	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros	TI	100
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas,		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos audiovisuais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Afondamento no ensino técnico do debuxo. Introdución á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona
- Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de

Contidos
- contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. - Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Técnicas básicas de animación. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	Festa!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensiona
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.
As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.
A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecimento do alumnado, polo outro.
Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:
- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Altofalante
Todo tipo de material apropiado para as artes plásticas
Material de tipo audiovisual dispoñible no centro

O centro conta cun aula de plástica ben iluminada e espaciosa, con todo o necesario para traballar as artes plásticas. No caso das artes audiovisuais, farase uso dos diferentes recursos cos que conta o centro, especialmente na aula maker

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisaranse os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**30**	**30**	**30**	**10**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:
-1º trim.: UD1 90% + UD4 10%
-2º trim.: UD2 90% + UD4 10%
-3º trim.: UD3 90% + UD4 10%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:
-1º trim. 30%
-2º trim. 30%
-3º trim. 40%

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao longo do curso cos seguintes traballos que se propoñan
-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.
Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
A nosa programación terá en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os

diferentes ritmos de aprendizaxe.
Debemos facer propostas para atender o alumnado real que teñamos no grupo coas súas características persoais. Para empezar, debemos deseñar as actividades e organizar as clases dunha maneira inclusiva: ofrecer diversas maneiras de expresar e adquirir os coñecementos, agrupar ao alumnado en parellas ou en grupos para facilitar a colaboración, facilitar o movemento na aula, alternar actividades máis calmadas con outras máis activas, ofrecer actividades extra para aqueles ou aquelas que rematen antes e ofrecer apoio e adapatar o traballo para aqueles que tarden máis, etc. Tendo isto en conta, tamén pode que haxa alumnado con características máis extremas para os que teñamos que deseñar actividades diferenciadas ou moi adaptadas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:
Os elementos transversais, eiquí numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflictidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.

Descrición:

Estos ITEMS serán avaliados ao final de cada trimestre de maneira invividual por parte do profesorado coa intención de reflexionar sobre o modelo de ensino-aprendizaxe e implementar cambios de ser necesario.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.
Para avaliar a práctica docente, faremos unha breve análise de cada unidade ao remate da mesma a través da propia aplicación proens. Independentemente, as unidades tamén son susceptibles de seren avaliadas día a día e iremos facendo cambios se fose necesario para adecualas ao noso alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 27

4.2. Materiais e recursos didácticos 28

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 28

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 29

6. Medidas de atención á diversidade 30

7.1. Concreción dos elementos transversais 30

7.2. Actividades complementarias 31

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 31

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 33

9. Outros apartados 33

1. Introdución

Programación didáctica para a área de Lingua Castelá e Literatura de 6º de primaria.
Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira rural da provincia da Coruña; a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro ten seis unidades: unha de EI e cinco de EP: 1º, 2º, 3º, 4º e unha mixta de 5º-6º.
A aula de 6º está composta por 7 alumnos. 3 nenas e 4 nenos. Hai que destacar que dentro deste grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.
O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Museo do Humor así como diferentes lugares para o lecer como as praias, parques, campo de fútbol e baloncesto...
Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.
Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 60 alumnos e alumnas e que conta con dúas unidades para cada nivel de Primaria.
O colexio, que ten horario de xornada continua, de 8:50 a 13:50, dispón de comedor e servizo de transporte escolar.
O día reservado para atención a familias é o mércores, de 9:00 a 9:40 h.
Tamén somos centro plurilingüe, impartindo a área de Educación Plástica en Inglés, e polo que contamos con auxiliar de conversa.
Cóntase tamén con outros recursos colectivos adecuados para esta área, como é un estudio de radio e tv, unha biblioteca incluída en PLAMBE, ou un salón no que se pode facer representacións teatrais.
Os ultra-portátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.
Centrándonos na propia área de lingua e literatura castelá, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.
Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.
Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.
Así que estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:
- A lingua e os seus falantes.
-Comunicación oral.
-Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
-Educación literaria.
-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

Co remate deste curso, a área pretende contribuír esencialmente para acadar o perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa na maioría do alumando, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Por fin somos os maoires!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna). Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral (presencial, mensaxería instantánea, telefónica...). Canles de comunicación escrita (manuscrita, impresa, dixital...) Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, palabras simples e compostas, maiúsculas/minúsculas.	11	16	X		
2	Escrito queda mellor.	Diversidade lingüística (distintas formas da lingua española). Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (respectar quendas, escoitar, asumir razoamentos alleos, intervir cando corresponda)	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Escrito queda mellor.	Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instrutivos: manuais, guías, prospectos... Substantivo, prefixo e sufixo, normas de acentuación, ditongos e hiatos.	11	16	X		
3	Aprendo e me emociono coa palabra	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais: expositivos, instrutivos, de debate. Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos: textos literarios, de opinión, manuais, descritivos... Elaboración de textos expositivos multimodais que implican procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, etc, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos.	11	16	X		
4	Contos e novelas	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes: artigos, posesivos, demostrativos, . Normas ll/y, c/cc. Concordancia de xénero e número.	11	15		X	
5	A linguaxe poética	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética: métrica e rima. Ritmo, emocións e recursos literarios na linguaxe poética. Pronomes. Uso de: punto, coma, punto e coma dous puntos, puntos suspensivos.	11	15		X	
6	Quen me coñece mellor?	Expresión de vivencias persoais. Experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. O verbo: raíz e desinencia. Uso de b/v	11	16		X	
7	Vivimos en democracia	O debate como forma ordenada de intercambiar ideas, con respecto polas diferentes opinións. Textos argumentativos, informativos e de opinión. Verbos: conxugación, número e persoa. Formas persoais e non persoais. Os xentilicios.	11	15			X
8	Comprendo a túa opinión	O debate: xogo de roles e asimilación da postura contraria. A entrevista: interacción coa persoa entrevistada. Preparación previa e redacción posterior da entrevista. Verbos: tempo, modo e forma. Uso g/j, aumentativos e diminutivos.	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A comunicación no mundo dixital	Comunicación oral no mundo dixital: radio e tv; normas e códigos. A prensa escrita nos distintos soportes: papel, dixital. A inmediatez da información. Palabras invariables: preposicións, conxuncións, adverbios. Palabras compostas e as súas regras ortográficas.	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Por fin somos os maoires!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un breve texto narrativo con coherencia e claridade.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe texto de 100 palabras aproximadamente con acentuación e puntuación correctas.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos informativos lidos previamente cun vocabulario propio, de maneira axeitada.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Expresa unha consideración equilibrada entre as dúas linguas oficiais.	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego /inglés en función do contexto social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Amosa consideración cara persoas doutras linguas e culturas.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Resume e reinterpreta unha conversa oral breve.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido, comprendendo opinións diferentes, manifestando a opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 30''		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Xéneros discursivos
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.

Contidos
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Escrito queda mellor.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Traduce de maneira espontánea ao castelán un texto lido en galego.	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Resume correctamente un texto de 150/200 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Recoñece coa súa lectura a tipoloxía dun texto: literario, instrutivo, informativo.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redactar texto de 150/200 palabras con claridade, vocabulario preciso e non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e deseño axeitado, integrando correctamente imaxes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diversa tipoloxía con corrección ortográfica e de puntuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica nomes, verbos, e adxectivos nun documento escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras, a través do contexto ou por medio de uso de diccionario dixital ou físico.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa respecto e consideración polas distintas maneiras de falar dos demais.	TI	27
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.	Comunícase cos demais con respecto e igual consideración.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo, abstense de desacreditar a opinión dos demais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Demostra comprensión dos razoamentos dos demais, aportando a opinión propia en función deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Xéneros discursivos

Contidos
- Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendo e me emociono coa palabra	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Identifica nun texto oído de 200 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas.	PE	53
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito a proposta da mestra/e.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e idea central nun texto breve.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos multimodais, nos que inclúe a información aportada por elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un texto dixital no que se inclúan elementos textuais e paratextuais, con coherencia e harmonía.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diferente tipoloxía con estrutura, ortografía e vocabulario correctos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica en textos os nomes, verbos, adverbios e adxectivos.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Expresa as súas ideas con claridade, vocabulario e xestualidade axeitados.	TI	47
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias persoais.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.	Xestiona correctamente o procedemento de procura e devolución de libros na biblioteca.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un texto orixinal a partir de dúas ou máis fontes, citándoas.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Realiza presentación dun texto multimodal elaborado previamente, argumentando con corrección, con apoio dos elementos paratextuais.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.	Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: produción oral.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Procesos: comprensión lectora
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados , expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación,

Contidos
- funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais. - Procesos: produción escrita - Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais. - Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos. - Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Contos e novelas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos narrativos como contos ou novelas con definición da trama e personaxes principais.	PE	32
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto con intención literaria, cunha estrutura completa (presentación, no e desenlace).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece textos literarios de tradición oral pola súa tipoloxía, e crea novos a partir de modelos.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora breves textos literarios con corrección gramatical e ortográfica.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece nun texto escrito os grupos nominal e verbal, e identifica nomes, verbos, adxectivos e adverbios.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais.	Redacta resumos de obras literarias coas ideas principais.	TI	68
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Expresa con claridade instrucións ou peticións, empregando vocabulario axeitado.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Completa a lectura da maioría de textos do seu interese, sen deixalos a medias.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios de calquera xénero.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Amosa continuidade de lectura de textos nos momentos lectores.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte e matiza opinións persoais nos debates literarios.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para comentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Redacta valoración propia sobre unha lectura dun texto literario da súa escolla.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	Amosa preferencias por algún tipo de literatura, e explica as razóns.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente no club de lectura do nivel.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.	Participa con interese en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Asocia a lectura dun texto literario a unha época ou movemento cultural determinado.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelabora textos de propia creación anterior, con mellora na súa claridade e riqueza de vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Procesos: comprensión lectora
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados , expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.

Contidos
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. - Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra. - Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	A linguaxe poética	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e rima dun poema, recoñecendo as estrofas.	PE	42

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos para cancións ou recitado con acompañamento musical (regueifa, rap,...) a partir dunha base rítmica.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos da linguaxe literaria e a diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Analiza un texto poético, identificando sentido literal e sentido figurado.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe texto poético breve, coidando a rima, métrica e correcta ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisa e corrixe ortográficamente textos poéticos propios ou de compañeiros e compañeiras.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Constrúe poemas con sentido completo e rima axeitada.	TI	58
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Participa activamente nos comentarios de obras literarias en verso.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa en grupo valoración persoal sobre poemas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Expresa preferencias temáticas ou de autor en foros literarios de poesía.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer, información e coñecemento cultural.	Expresa gusto pola literatura en calquera das súas facetas.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza momentos na biblioteca para comentar lecturas cos compañeiros, amosando as súas preferencias.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.	Participa activamente en lecturas expresivas líricas ou dramáticas.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Recoñece mensaxe e intención en cancións e versos recitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu intereses e gustos. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. - Interpretación autónoma e compartida de textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.

Contidos
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Identificación de recursos literarios. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Quen me coñece mellor?	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Defínese nun texto escrito con linguaxe axeitada e variedade de características.	PE	76
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Redacta vivencias propias utilizando linguaxe variada, axeitada e con sintaxis correcta.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta, con posterior revisión, texto de carácter descritivo con corrección gramatical, vocabulario axeitado e adecuada estrutura.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora un texto descritivo proposto, de maneira que modifique as características, utilice novas palabras, e acade un resultado orixinal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelaborar un texto previamente elaborado por un alumno ou alumna, para conseguir unha mellor comprensión do mesmo, modificando vocabulario, estrutura, e ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisar ortográficamente texto presentado, corrixindo correctamente erros de b/v, h, m/n, g/j		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Comunica aos demais as súas emocións con vocabulario axeitado.	TI	24
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Valora as cualidades dos demais fóra de prexuízos de calquera condición nos textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: produción escrita
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Vivimos en democracia	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta parte final dun texto incompleto, con resolución creativa e posible.	PE	34
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un artigo de opinión sobre un tema social de interese, expresando razoamento claro e criterio propio.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Redacta breve acta de debate con vocabulario axeitado e ortografía correcta.		
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Manifesta respecto polas opinións dos demais en toda circunstancia.	TI	66
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos	Expresa opinións persoais de maneira coherente e fluída.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Nas conversas grupais demostra respecto polas quendas, escoitando as intervencións dos demais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel, a partir de experiencias e interaccións orais.	Utiliza vocabulario axeitado ao contexto nas diferentes situacións de comunicación.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Incorpora as opinións alleas para adaptar a súa opinión na procura da resolución dialogada de conflitos ou na construción de opinión colectiva.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Utiliza con regularidade recursos seguros na procura de información e evita utilizar enlaces publicitarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.

Contidos
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivas, narrativas, dialogadas, expositivas) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos. - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados , expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade. - Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Comprendo a túa opinión	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece elementos de linguaxe discriminatoria nun texto escrito, e redacta de maneira alternativa.	PE	50
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta en procesador de textos resumo de debate, no que expresa as opinións enfrontadas e a conclusión final.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta sobre un problema social, expresando opinión propia e respecto pola diversidade.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelaborar para facer máis comprensible, e con axuda de dicionario, textos propostos, extraídos de informacións de carácter técnico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Corrixir textos breves para evitar discriminación na perspectiva de xénero e acadar correcta ortografía.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Escoita as opinións dos demais no debate, argumentando a súa propia en función daquelas.	TI	50
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Asimila parte das opinións alleas na súa propia argumentación.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Demostra capacidade de consensuar solucións en situacións de conflito.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.	Localiza información necesaria na biblioteca e en internet para documentarse sobre algunha persoa coa intención de entrevistala.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de prexuízos e discriminación dende a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral. - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	A comunicación no mundo dixital	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta resumo de noticias aparecidas nunha sección de xornal dixital.	PE	54
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un texto de prensa proposto.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Elabora conclusións sobre un artigo de opinión en prensa, con vocabulario e ortografía correctos.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Demostra hábito de consultar información da actualidade a través dos medios de comunicación social.	TI	46
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Localiza en grupo usos discriminatorios da linguaxe nun xornal.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recoñece e utiliza recursos de internet seguros para a procura de información, e aplica medidas básicas de seguridade para protexer a súa privacidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Procesos: interacción oral
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.

Contidos
- Xéneros discursivos - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos. - Procesos: produción escrita - Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Galega e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.
Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:
>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os/as docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos e alumnas en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en

biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.
Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua castelá como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

Por outra banda, destacar que no relativo a organización da aula, dentro do horario semanal do alumnado, dipuxéronse dúas sesión seguida desta materia os luns (primeira e segunda sesión) de xeito que nos permita o desenvolvemento de actividades grupais, como as investigacións, exposicións, búsqueda de información e os grupos interactivos. Neste caso contamos con catro grupos conformados por tres alumnos/as cada un, que se irán modificando cada 15 días aproximadamente. Deste xeito pretendemos favorecer a comunicación, o respeto e a igualdade entre todos eles.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado.
Portátil de aula, do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, con recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia.
Radio escolar, aula multimedia, e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal. Utilizará cadernos e outro material para escritura manual como complemento ás ferramentas dixitais.
A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.
A plataforma EVA Edixgal será o instrumento principal de interacción e secuenciación de tarefas docente/discente, e servirá tamén como control avaliativo.
Haberá outros espazos do centro con uso regular, como son a biblioteca, a radio escolar ou o espazo para representacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso, utilizando tres sesións, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o seu grao de consecución de obxectivos do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:
Exame do expediente de cada alumno e alumna, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación.
Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
Redacción dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de

elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
Redacción dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades ddácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**12**	**11**	**100**
Proba escrita	34	73	53	32	42	76	34	50	54	**50**
Táboa de indicadores	66	27	47	68	58	24	66	50	46	**50**

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignada.
As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.
Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude na aula. 10%

A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).
Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.
Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, con horario de profesorado con dispoñibilidade horaria ou de profesorado especialista de PT ou AL..
Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.
No remate da unidade didáctica 9, adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.
Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:
>Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
>O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
>O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
>O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	X	X				X	X	
ET.6 - Educacion emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento.	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X
ET.3 - Educación para a paz.	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X

	UD 9
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).	
ET.6 - Educacion emocional e en valores.	

Observacións:
A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais (Museos da Coruña)	Visita a diversos museos, exposicións,...Preparación da visita e traballo posterior con exposicións orais.		X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións virán a falar de temas de interese.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Excursión fin de curso a O Ventoso	Xornada de convivencia escolar			X
Revista escolar	Colaboración na realización da revista escolar con artigos, podcasts, gravacións...			X
Saídas pol contorna	Consensuar e redactar as observacións lingüísticas e de comunicación feitas no roteiro	X	X	

Observacións:
Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Avaliación positiva do alumnado nunha procentaxe superior ao 85%.
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.

Metodoloxía empregada
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre as dúas mestras/mestres do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado dos dous grupos. Isto require unha perfecta coordinación entre as dúas mestras do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.
No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:
>Carácter instrumental, con presencia nas demais áreas curriculares.
>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.

Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
>Grao de adquisición de competencias na área.
>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial dos dous grupos, que condicionará as actuacións dende o principio.
Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.
Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.
No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.
Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	6º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 4

4.1. Concrecións metodolóxicas 16

4.2. Materiais e recursos didácticos 17

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 18

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 18

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 19

7.2. Actividades complementarias 19

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 20

9. Outros apartados 21

1. Introdución

A presente programación didáctica corresponde ao 6º curso de Educación Primaria para a área de linguas estranxeiras: Inglés. O CEIPP Os Casais é un centro de tipo rural con moi pouco alumnado e cunha comunidade escolar variada na que o nivel socio-cultural das familias é moi heteroxéneo, en xeral, de tipo medio e, ás veces, medio-baixo.
Temos un grande compromiso coa adquisición da lingua estranxeira, por iso o noso centro leva traballando con Seccións Bilingües dende o curso 2013-14, forma parte da Rede de Centros Plurilingües dende o curso 2016-17 e do programa de Plurinfantil dende o curso 2017-18. Isto permítenos contar cun/ha auxiliar de conversa que nos apoiará ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	About me	Unidade na que repasaremos e ampliaremos o vocabulario para falar dun mesmo, aficcións e tempo libre.	15	20	X		
2	World records	Unidade na que traballaremos o comparativo e o superlativo.	15	20	X		
3	In the past I	Unidade na que traballaremos sobre o tempo pasado.	15	18		X	
4	In the past II	Ampliación da anterior unidade na que seguiremos traballando sobre o pasado e as súas formas.	20	20		X	
5	Giving instructions	Unidade onde repasaremos e ampliaremos a maneira de dar instruccións e expresar a obriga	15	10			X
6	What's next	Unha unidade sobre os tempos futuros	20	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	About me	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintas aulas e zonas do centro.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global		
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización e planificación da programación didáctica foi axeitada
Metodoloxía empregada
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse variedade de recursos e incluíronse as TIC
Clima de traballo na aula
Empregáronse técnicas de disciplina positiva e de resolución de conflitos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaborouse co resto do equipo docente para levar a cabo as accións en conxunto que fose necesario
Proporcionouse información axeitada ás familias sobre o progreso das súas crianzas

Descrición:

Estos ITEMS serán avaliados durante o transcurso do curso de maneira invividual por parte do profesorado coa intención de reflexionar sobre o modelo de ensino-aprendizaxe e implementar cambios de ser necesario.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias. Para avaliar a práctica docente, faremos unha breve análise de cada unidade ao remate da mesma a través da propia aplicación proens. Independentemente, as unidades tamén son susceptibles de seren avaliadas día a día e iremos facendo cambios se fose necesario para adecualas ao noso alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 5

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 28

4.2. Materiais e recursos didácticos 29

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 29

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 30

6. Medidas de atención á diversidade 31

7.1. Concreción dos elementos transversais 31

7.2. Actividades complementarias 32

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 32

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 33

9. Outros apartados 34

1. Introdución

Programación didáctica para a área de Lingua Galega e Literatura de 6º de primaria.
Estamos nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con bastante dispersión.
Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.
Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados arredor de 60 alumnos/as e que conta con cinco unidades en total: unha de EI e catro de EP. Quinto forma parte dunha aula mixta con 6º.
En 6º de primaria hai un grupo con 7 discentes.
O colexio, que ten horario de xornada continua, de 8:50 ata, dispón de comedor, madrugadores e servizo de transporte escolar.
Asimesmo, somos centro Plurilingüe na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicada unha auxiliar de conversa.
Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos no que se pode facer representacións teatrais.
Os portátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.
Centrándonos na propia área de Lingua Galega e Literatura, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación.
Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen á súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.
Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.
Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos:
- A lingua e os seus falantes.
-Comunicación oral.
-Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
-Educación literaria.
-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.
Formúlanse 9 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Outra vez por aquí!	Identidade lingüística (linguas da nosa contorna.) Bloque 2: Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, telefónica, mensaxería instantánea. Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa e dixital... Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, palabras simples e compostas, maiúsculas/minúsculas.	11	16	X		
2	Somos investigadores e investigadoras.	Diversidade lingüística (distintas formas do galego) Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral (escoitar, respectar quendas, asumir razoamentos alleos, intervir cando corresponda). Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instructivos (manuais, guías, prospectos...) Sustantivo, prefixo e sufixo, normas de acentuación, ditongos e hiatos.	11	16	X		
3	Cantas cousas novas!	Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais (expositivos, instructivos, de debate). Recoñecemento de diferentes tipos de	11	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Cantas cousas novas!	textos escritos (literarios, de opinión, manuais, descritivos...) Elaboración de textos expositivos multimodais que implican procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación, con asignación de diferentes roles no grupo. Adxectivos	11	16	X		
4	Os meus sentimentos.	A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. Determinantes (artigo, posesivo, demostrativo, numeral e indefinido). Normas de uso cc/ct, Uso do "h". Concordancia de xénero e número	11	15		X	
5	As posibilidades la lingua.	A poesía recitada e as cancións. Estrutura da linguaxe poética, métrica e rima. A linguaxe poética, ritmo, emocións e recursos literarios. Pronomes. Uso de: punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos.	11	15		X	
6	Cómo son?	Expresión de vivencias persoais. As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, memorias, descricións de persoas. O verbo, raíz e desinencia. Uso de "b" e "v".	11	16		X	
7	Cómo nos entendemos!	O debate como forma ordeada de intercambio de ideas, con respecto polas diferentes opinións, Textos expositivos, argumentativos, informativos e de opinión. O verbo (conxugación, número e persoa.) Formas persoais e non persoais. Os xentilicios.	11	15			X
8	Son periodista.	O debate (xogo de roles e asimilación da postura contraria). A entrevista (interacción coa persoa entrevistada) A entrevista (preparación previa e redacción) Bloque 6: O verbo (tempo, modo e forma). Uso da "x" e "s". Aumentativos e diminutivos.	12	15			X
9	Comunicámonos	A comunicación oral por medios dixitais (radio e TV) normas e códigos. A prensa escrita nos distintos soportes, papel, dixital. A inmediatez da información. Palabras invariables: preposicións, adverbios, conxuncións. Palabras compostas e as súas reglas ortográficas	11	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Outra vez por aquí!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe un breve texto narrativo con coherencia e claridade	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe texto de 100 palabras aproximadamente con acentuación e puntuación correctas		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos informativos lidos previamente cun vocabulario propio, de maneira axeitada.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Expresa unha consideración equilibrada entre as dúas linguas oficiais.	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego /inglés en función do contexto social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Amosa consideración cara persoas doutras linguas e culturas.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume e reinterpreta unha conversa oral breve		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido, comprendendo opinións diferentes, manifestando a opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 30''		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Procesos: produción oral - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal,

Contidos
- puntuación, concordancia básica e acentuación. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos investigadores e investigadoras.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Traduce de maneira espontánea ao galego, un texto lido en castelán	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Resume correctamente un texto de 150/200 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Recoñece coa súa lectura a tipoloxía dun texto: literario, instrutivo, informativo.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un texto de 150/200 palabras con claridade, vocabulario preciso e non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e deseño axeitado, integrando correctamente imaxes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diversa tipoloxía con corrección ortográfica e de puntuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica nomes, verbos, e adxectivos nun documento escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras, a través do contexto ou por medio de uso de dicionario dixital ou físico.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa respecto e consideración polas distintas maneiras de falar dos demais.	TI	27
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Comunícase cos demáis con respecto e igual consideración		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo, abstense de desacreditar a opinión dos demais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Demostra comprensión dos razoamentos dos demais, aportando a opinión propia en función deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.

Contidos
- Contexto - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Procesos: produción oral - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Xéneros discursivos - Procesos: comprensión lectora - Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos. - Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantas cousas novas!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 200 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas.	PE	53
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito a proposta da mestra/e		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e idea central nun texto breve.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos multimodais, nos que inclúe a información aportada por elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un texto dixital no que se inclúan elementos textuais e paratextuais, con coherencia e harmonía.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diferente tipoloxía con estrutura, ortografía e vocabulario correctos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica en textos os nomes, verbos, adverbios e adxectivos.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade, vocabulario e xestualidade axeitados.	TI	47
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e vocabulario axeitado vivencias persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Xestiona correctamente o procedemento de procura e devolución de libros na biblioteca		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un texto orixinal a partir de dúas ou máis fontes, citándoas.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Realiza presentación dun texto multimodal elaborado previamente, argumentando con corrección, con apoio dos elementos paratextuais.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Procesos: produción oral
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e

Contidos
- argumentación. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega. - Procesos: produción escrita - Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información. - Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto. - Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais. - Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos. - Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Os meus sentimentos.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos narrativos como contos ou novelas con definición da trama e personaxes principais.	PE	32
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto con intención literaria, cunha estrutura completa (presentación, nó e desenlace).		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece textos literarios de tradición oral pola súa tipoloxía, e crea novos a partir de modelos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora breves textos literarios con corrección gramatical e ortográfica.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece nun texto escrito os grupos nominal e verbal, e identifica nomes, verbos, adxectivos e adverbios.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Redacta resumos de obras literarias coas ideas principais.	TI	68
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade instrucións ou peticións, empregando vocabulario axeitado		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Completa a lectura da maioría de textos do seu interese, sen deixalos a medias.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios de calquera xénero.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Amosa continuidade de lectura de textos nos momentos lectores.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte e matiza opinións persoais nos debates literarios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Redacta valoración propia sobre unha lectura dun texto literario da súa escolla.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Amosa preferencias por algún tipo de literatura, e explica as razóns.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente no club de lectura do nivel.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Participa con interese en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Asocia a lectura dun texto literario a unha época ou movemento cultural determinado.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelabora textos de propia creación anterior, con mellora na súa claridade e riqueza de vocabulario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.

Contidos
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d - Contexto - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise. - Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. - Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra. - Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes co castelán e con outras linguas. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	As posibilidades la lingua.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e rima dun poema, recoñecendo as estrofas	PE	42
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos para cancións ou recitado con acompañamento musical (regueifa, rap,...) a partir dunha base rítmica.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Analiza un texto poético, identificando sentido literal e sentido figurado.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe texto poético breve, coidando a rima, métrica e correcta ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisa e corrixe ortográficamente textos poéticos propios ou de compañeiros e compañeiras.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Constrúe poemas con sentido completo e rima axeitada.	TI	58
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Participa activamente nos comentarios de obras literarias en verso.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa en grupo valoración persoal sobre poemas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Expresa preferencias temáticas ou de autor en foros literarios de poesía.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Expresa gusto pola literatura en calquera das súas facetas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza momentos na biblioteca para comentar lecturas cos compañeiros, amosando as súas preferencias.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Participa activamente en lecturas expresivas líricas ou dramáticas.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Recoñece mensaxe e intención en cancións e versos recitados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía).
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.

Contidos
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise. - Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras. - Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en xeral, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal. - Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal. - Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais do contorno galego. - Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados. - Creación de textos literarios de maneira libre, en galego e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados. - Identificación de recursos literarios. - Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	**Título da UD**	**Duración**
6	Cómo son?	16

Criterios de avaliación	**Mínimos de consecución**	**IA**	**%**
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Defínese nun texto escrito con linguaxe axeitada e variedade de características.	PE	76
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Redacta vivencias propias utilizando linguaxe variada, axeitada e con sintaxis correcta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta, con posterior revisión, texto de carácter descritivo con corrección gramatical, vocabulario axeitado e adecuada estrutura.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua galega de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora un texto descritivo proposto, de maneira que modifique as características, utilice novas palabras, e acade un resultado orixinal.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelabora un texto previamente elaborado por un alumno ou alumna, para conseguir unha mellor comprensión do mesmo, modificando vocabulario, estrutura, e ortografía.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Revisa ortográficamente texto presentado, corrixindo correctamente erros de b/v, h, m/n, g/j		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Comunica aos demais as súas emocións con vocabulario axeitado.	TI	24
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Valora as cualidades dos demais fóra de prexuízos de calquera condición nos textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.

Contidos
- Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestándolle especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. - Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Cómo nos entendemos!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta parte final dun texto incompleto, con resolución creativa e posible	PE	44
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un artigo de opinión sobre un tema social de interese, expresando razoamento claro e criterio propio.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Explica brevemente un proceso de investigación previo.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Redacta breve acta de debate con vocabulario axeitado e ortografía correcta.		
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas.	Manifesta respecto polas opinións dos demais en toda circunstancia.	TI	56
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa opinións persoais de maneira coherente e fluída.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Nas conversas grupais demostra respecto polas quendas, escoitando as intervencións dos demais.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Utiliza vocabulario axeitado ao contexto nas diferentes situacións de comunicación.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Incorpora as opinións alleas para adaptar a súa opinión na procura da resolución dialogada de conflitos ou na construción de opinión colectiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral

Contidos
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade. - Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Son periodista.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece elementos de linguaxe discriminatoria nun texto escrito, e redacta de maneira alternativa.	PE	50
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta en procesador de textos resumo de debate, no que expresa as opinións enfrontadas e a conclusión final.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta sobre un problema social, expresando opinión propia e respecto pola diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora para facer máis comprensible, e con axuda de dicionario, textos propostos, extraídos de informacións de carácter técnico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Corrixe textos breves para evitar discriminación na perspectiva de xénero e acadar correcta ortografía.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Escoita as opinións dos demais no debate, argumentando a súa propia en función daquelas.	TI	50
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Asimila parte das opinións alleas na súa propia argumentación		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Demostra capacidade de consensuar solucións en situacións de conflito.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Localiza información necesaria na biblioteca e en internet para documentarse sobre algunha persoa coa intención de entrevistala.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de prexuízos e discriminación dende a perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.

Contidos
- Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e rexeitando a discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral - Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Comunicámonos	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Redacta resumo de noticias aparecidas nunha sección de xornal dixital.	PE	54
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un texto argumentativo expresando a súa opinión sobre un texto de prensa proposto.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Elabora conclusións sobre un artigo de opinión en prensa, con vocabulario e ortografía correctos.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Demostra hábito de consultar información da actualidade a través dos medios de comunicación social.	TI	46
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Localiza en grupo usos discriminatorios da linguaxe nun xornal.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recoñece e utiliza recursos de internet seguros para a procura de información, e aplica medidas básicas de seguridade para protexer a súa privacidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto
- Xéneros discursivos
- Procesos: interacción oral
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral
- Construción, comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a planificación e produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.

Contidos
- Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Procesos: produción escrita - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Castelá e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.
Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:
>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.
>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos/as en función das súas
capacidades e necesidades.
>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.
>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.
Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 9 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.
Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.
Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...
O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario, así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.
A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

Por outra banda, destacar que no relativo a organización da aula, dentro do horario semanal do alumnado, dipuxéronse dúas sesión seguida desta materia os venres (cuarta e quinta sesión) de xeito que nos permita o desenvolvemento de actividades grupais, como as investigacións, exposicións, búsqueda de información e os grupos interactivos. Neste caso contamos con catro grupos conformados por tres alumnos/as cada un, que se irán modificando cada 15 días aproximadamente. Deste xeito pretendemos favorecer a comunicación, o respeto e a igualdade entre todos eles.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado
Portátil de aula e do docente, e PDI
Espazo EVA Abalar, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia.
Radio escolar, aula multimedia, e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal. Utilizará cadernos e outro material para escritura manual como complemento ás ferramentas dixitais.
A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.
A plataforma EVA Edixgal será o instrumento principal de interacción e secuenciación de tarefas docente/discente, e servirá tamén como control avaliativo.
Haberá outros espazos do centro con uso regular, como son a biblioteca, a radio escolar ou o espazo para representacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso, utilizando tres sesións, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o seu grao de consecución de obxectivos do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:
Exame do expediente de cada alumno/a, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación.
Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortográfica.
Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.
Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**11**	**12**	**11**	**100**
Proba escrita	34	73	53	32	42	76	44	50	54	**51**
Táboa de indicadores	66	27	47	68	58	24	56	50	46	**49**

Criterios de cualificación:

Con carácter xeral, determinaranse o criterios de cualificación en cada unidade didáctica en función das porcentaxes asignadas.
As táboas de indicadores obteranse durante o desenvolvemento das sesións conforme a rúbricas e listas de control nas que se valide o grao de consecución de cada un dos criterios de avaliación, en relación co mínimo esixido.
hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.
As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas.
Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.
Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados e utilizaranse as seguintes porcentaxes:

- Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade. 50%
- Realizacion do traballo na aula. 30%
- Realizacion de traballos específicos na casa. 10%
- Valoración da actitude na aula. 10%

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:
NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2
NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2
NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2
A nota obtida na avaliación trimestral será a media ponderada de todos os resultados obtidos, en función do seu peso porcentual. Esta nota será numérica sen decimais, e asociada á súa correspondente cualificación verbal (Insuficiente/Suficiente/Ben/Notable/Sobresaliente).
Para o cálculo da nota final, dado o carácter instrumental e progresivo da área, aplicarase unha fórmula na que cada avaliación vai incrementando o peso na avaliación final, de acordo a esta secuencia: nota final= nota 1ª av + 2x nota 2ª av + 3x nota 3ª av /6.

-

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.
Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña

dende o DO, co profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado especialista de PT ou AL..
Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.
No comezo do segundo e terceiro trimestre adicaranse dúas sesións a reforzar de forma global o aprendido no trimestre anterior, incidindo especialmente no alumnado que non acadou cualificación suficiente.
No remate da unidade didáctica 9, adicaranse catro sesións á realización de actividades de carácter colectivo onde poderán poñer en práctica o aprendido durante o curso, e servirán como recuperación nos casos que se precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada unha das unidades didácticas avaliarase por proba escrita e por listas de control.
As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo.
Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:
>Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
>O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
>O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
>O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento	X	X				X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X				X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	X	X				X	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Emprendemento	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X
ET.3 - Educación para a paz	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X

	UD 9
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual)	
ET.6 - Educación emocional e en valores	

Observacións:
A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna	Consencuar e redactar as observacións lingüísticas e de comunicación feitas no roteiro	X	X	
Saídas culturais (Museos da Coruña)	Visita a diversos museos, exposicións,...Preparación da visita e traballo posterior con exposicións orais.		X	
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais ou outras institucións virán a falar de temas de interese.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Excursión fin de curso ao Muíño de Pedroso	Xornada de convivencia escolar			X
Revista escolar	Colaboración na realización da revista escolar con artigos, podcasts, gravacións...			X

Observacións:
Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Avaliación positiva do alumnado nunha procentaxe superior ao 85%.
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.

Metodoloxía empregada
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Grao de motivación continuada do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os/as docentes do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.
No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:
>Carácter instrumental, con presencia nas demais áreas curriculares.
>Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.
Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:
>Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
>Grao de adquisición de competencias na área.
>Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
>Deseño claro de criterio de avaliación que perfile con claridade os mínimos esixidos.
>Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
>Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
>Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
>Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
>Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
>Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.
Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.
Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.
Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	6º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 33

4.2. Materiais e recursos didácticos 35

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 35

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 36

6. Medidas de atención á diversidade 37

7.1. Concreción dos elementos transversais 38

7.2. Actividades complementarias 39

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 39

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 40

9. Outros apartados 41

1. Introdución

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.
Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.
Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira rural da provincia da Coruña; a cal conta con gran cantidade de zonas verdes. Este centro ten seis unidades: unha de EI e cinco de EP: 1º, 2º, 3º, 4º e unha mixta de 5º-6º.
A aula de 6º está composta por 7 alumnos. 3 nenas e 4 nenos. Hai que destacar que dentro deste grupo atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.
O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Museo do Humor así como diferentes lugares para o lecer como as praias, parques, campo de fútbol e baloncesto...
Somos EDIXGAL, e por tanto, cos recursos vinculados a este modelo.
Os ultra-portátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestras do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.
Formúlanse 6 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		2-3	2-4
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			1-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrita, gráfica, multimodal e a terminoloxía matemática apropiadas, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas	1-2-3-5		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de	15	25	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mercado	forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. Coa proposta "O mercado" (ou "O Supermercado"), o alumnado poderá traballar nas matemáticas combinado diversos recursos. Os sentidos matemáticos con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa e graficamente o resultado,... e todo en relación coa educación financeira, en situacións de compra e venda.	15	25	X		
2	Os experimentos e as matemáticas	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	25	X		
Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe".
Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:
Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzles, biblioteca de aula...
Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas, parábolas en láminas de cores...
Material informático e medios audiovisuais.Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blog, o robot escornabot e gafas de Realidade Virtual, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...
Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental)
Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...
Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.
Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charón, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.
A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades dixitais.
Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio e reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas ou de recuperación, no caso de seren oportunas, así como valorar a necesidade de posibles ampliacións.
E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**10**	**20**	**20**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...
Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN
a) Parte actitudinal: 45%
Aproveitamento do tempo.
Esforzo e participación con interese en cada sesión.
Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
Respecto ás normas de funcionamento na clase.
Atende e participa nas explicacións.
Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20%
O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.
Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 35%
Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...
Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.
O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa foi apuntado con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, aula virtual e/ou blogue... con propostas sinxelas de reforzo...
Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitarei axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.
Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.
O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.
A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.
Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.
Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.
Plantéxanse actividades moi sinxelas, máis manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.
Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destacaremos os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixos vertebradores de todo o proceso de E-A:
* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
* Igualdade entre mulleres e homes.
* Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
* Competencia dixital
* O fomento da creatividade no alumnado
* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
* Educación moral e para a PAZ.
* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
* Expresión oral e escrita, positivas
* Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
* Educación para a saúde.
* Educación emocional e en valores.
* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do lecer e do tempo libre.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:
O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familia, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén	Materiais non definidos polo momento	X		
Participaremos en todas aquelas programadas no centro.	Diferentes actividades interdisciplinais organizadas dende os diferentes equipos.	X	X	X

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:
"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade""

Para o presente curso académico non se programan actividades complementarias específicas para a área de relixión, mais participaremos, en función das posibilidades concretas en cada caso, en todas aquelas programadas por o equipo de actividades extraescolares, a biblioteca escolar ou calquera outro equipo do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalío constantemente a miña propia práctica docente, establecendo puntos fortes e febles.
Metodoloxía empregada
Conseguise crear un conflito cognitivo que favoreza á aprendizaxe
Valorouse apropiadamente o traballo cooperativo do alumnado
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación
O alumnado participa activamente en todo o proceso
Dáse un peso real á observación do traballo de aula
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos sobre os conceptos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación axeitada das novas tecnoloxías
Medidas de atención á diversidade
A atención é personalizada e axeitada á diversidade do alumnado
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Tomouse algunha medida curricular e/ou organizativa para atender ao alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a motivación e a participación activa do alumnado

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e implicación das familias
Participamos en propostas doutros equipos do centro
Potenciamos e fortalecemos o espírito de grupo do conxunto da comunidade educativa
Outros
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro

Descrición:

Elaboraranse rúbricas que rexistres diferentes aspectos da práctica docente:
1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
7.- Préstase atención aos temas transversais?
8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos descritores de desempeño?
10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO
Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.
Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa persoa coordinadora do 3º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A avaliación do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:
ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente
-Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
* Aos alumnos.
* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

1. Concrecións dos diferentes plans do centro (convivencia, TIC, plan lector)

Buscaremos un ambiente educativo de auténtica convivencia, co obxectivo primordial de crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados, proxectando no alumnado valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.
No marco do plan global dixital de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso estas serán incorporados na práctica da aula.
A lectura de textos é unha práctica común e habitual da clase de relixión. Non en va é a Biblia un piar de referencia da asignatura. Serán asimesmo lidos na clase contos sobre valores, revistas misioneiras, prensa diaria e revistas de variadas materias.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 60

4.2. Materiais e recursos didácticos 68

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 70

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 71

6. Medidas de atención á diversidade 71

7.1. Concreción dos elementos transversais 72

7.2. Actividades complementarias 76

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 77

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 78

9. Outros apartados 79

1. Introdución

Esta programación didáctica planifica unha proposta globalizada das tres áreas de educación infantil:

- Comunicación e Representación da Realidade (CRR).
- Crecemento en Harmonía (CH).
- Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC).

Para a súa elaboración se ten en conta o marco normativo que regula o currículo da etapa:

- O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

A programación divídese en 7 unidades didácticas (UD):

- 6 UD secuenciais . En cada trimestre están plantexadas 2 unidades didácticas cun obxectivo diferente (aínda que se denominan secuenciais, en cada trimestre impartiranse combinadas no tempo xa que as UD de tipo artístico vinculadas coas festas tradicionais se impartirán arredor das datas das celebración de cada trimestre):

a) UD de investigación onde se propoñen actividades variadas relacionadas co eixe temático de cada trimestre:

- 1º trimestre: o mundo que nos rodea (coñecer como é a sociedade, as civilizacións, as diferenzas entre a contorna na que se vive e outras contornas máis afastadas).
- 2º trimestre: o mundo animal (coñecer as características da fauna tanto da contorna próxima como doutras partes do mundo; desenvolver actitude de respecto cara os animais).
- 3º trimestre: o mundo vexetal (coñecer o mundo verde: prantas, flores, vexetais, froitas; desenvolver actitude de coidado do medio ambiente).

b) UD creativa e artística para abordar as festas tradicionais de cada trimestre con traballos que sirvan para explorar a creatividade e a expresión artística do alumnado.

- 1 UD transversal. Impartirase durante todo o curso para reforzar a educación en valores como a igualdade, a non discriminación, a tolerancia..., a implementación de rutinas do día a día, a aprendizaxe de normas e hábitos sociais ou a xestión das emocións.

Respecto ás características do centro, destácanse estes datos por ter relevancia na posta en práctica desta programación:

a) Trátase dun CEIP dunha liña nas dúas etapas con varias aulas mixtas. Unha destas aulas é a de infantil que conta con 7 nenos/as de 4º, 4 de 5º e 1 de 6º. Isto permite que traballemos con grupos interniveis colaborativos en diferentes actividades organizadas pola biblioteca como poden ser apa-amadriñamentos lectores, toma de decisións e organización de festivais, etc.

b) Está situado en Maniños, zona rural de Fene, poboación costeira. Aínda que a nosa contorna conta con zonas verdes e nos desplazamos andando a lugares próximos da vila, non sempre é posible e temos que contratar transporte, que ás veces é inviable para realizar algunhas actividades extraescolares.

c) O centro dispón dunha biblioteca deseñada con mobiliario apropiado tanto para o alumnado de educación infantil como de educación primaria, o cal permite combinar as clases na aula ordinaria con clases empregando a biblioteca. Tamén dispón no espazo exterior dunha zona de horta e bosque.

c) As persoas especialistas de música, educación física e inglés de educación primaria dispoñen de horario para poder apoiar o labor docente (ver aclaración no apartado 9 da programación)

A programación didáctica estará en continua revisión para modificar ou adaptar aqueles aspectos, tanto no curso actual como de cara a vindeiros cursos, que poidan mellora o proceso de ensino e aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1				1	
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1	1	1

Descrición:

Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia, aliñados co marco normativo e pedagóxico establecido, buscan garantir que os nenos e nenas adquiran habilidades, coñecementos e valores que faciliten o seu desenvolvemento cognitivo, social, emocional e físico. Algúns destes obxectivos inclúen:
- Desenvolvemento dá autonomía persoal: Fomentar a adquisición de habilidades que permitan ao alumnado gañar independencia, como o autocuidado, a alimentación e a hixiene.
- Socialización e integración: Promover a capacidade de establecer relacións positivas con outros nenos e adultos, favorecendo a convivencia e o respecto pola diversidade.
- Comunicación e linguaxe: Potenciar o uso da lingua oral e a comprensión verbal para que os nenos comuníquense de maneira eficaz e adquiran as bases da lectoescritura.
- Exploración e coñecemento do mundo: Impulsar a curiosidade pola contorna natural e social, estimulando o interese por descubrir, experimentar e resolver problemas.
- Creatividade e expresión artística: Fomentar a expresión creativa a través de diferentes formas artísticas como o debuxo, a música e o movemento.
Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia están deseñados para proporcionar un marco pedagóxico integral que impulse o desenvolvemento de competencias fundamentais nos nenos, preparándoos para etapas posteriores da aprendizaxe e para a súa plena integración na sociedade.
Estes obxectivos non só promoven un crecemento equilibrado do neno, senón que tamén contribúen ao desenvolvemento de competencias clave que serán fundamentais ao longo da súa vida educativa e persoal e que podemos atopar neste apartado.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo no que vivimos	Esta unidade didáctica ten como eixe temático o coñecemento da contorna e do mundo. Proporanse actividades de exploración e investigación sobre as civilizacións, as viaxes, a cidade, etc. co obxectivo de que o alumnado entenda como é o mundo no que vivimos. A primeira parte da unidade didáctica centrarase principalmente en actividades para axudar ao alumnado na súa adaptación ao centro e á aula e a coñecer ás outras nenas e nenos, así como a persoa docente.	213	X		
2	Artellando	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións das festas tradicionais do primeiro trimestre: magosto, samaín e, especialmente nadal. Potenciaranse os traballos máis creativos e as formas de expresión plástica, musical e audiovisual.	75	X		
3	Que animalada!	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo animal e todos os aspectos que poden estar relacionados. As actividades neste trimestre terán como nexo o coñecemento da fauna da contorna próxima, da súa importancia no ecosistema, así como de coñecer animais doutras partes do mundo (isto permitirá relacionar esta temática coa temática da UD1).	140		X	
4	Festa rachada	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coa celebración do Entroido no segundo trimestre. Abordaranse os costumes e as tradicións típicas do entroido a través da gastronomía, da preparación do desfile etc.)	48		X	
5	Cos pés na terra	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo vexetal: todas as plantas, flores, vexetais, froitas. Esta UD permitirá relacionar o mundo vexetal coas aprendizaxes da UD1 e UD3: profesión asociadas, importancia da flora na sociedade e no ecosistema, a convivencia da flora e da fauna etc.	124			X
6	O poder das palabras	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións do día do libro (23 de abril) e do día das letras galegas (17 de maio). As actividades porán o foco na literatura e lingua galega, así como nos hábitos de lectura e de percibir a lectura como unha forma de ocio importante para o desenvolvemento persoal.	40			X
7	Xuntos máis fortes	Esta unidade didáctica é transversal e está plantexada para impartirse durante todo o ano. Traballarase de xeito paralelo co resto de unidades didácticas dada a súa importancia no proceso educativo das nenas e dos nenos xa que pretende traballar aspectos das relacións sociais (xestión de conflitos, de emocións, relaxación, dinámicas de cohesión de grupo...), de autocoñecemento (autorregulación emocional...), de	200	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Xuntos máis fortes	rutinas de aula (asemblea, encargados, tarefas diarias como recoller a aula, limpar...).	200	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo no que vivimos	213

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.		TI
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento		
CA1.1.1. - Vivenciar e experimentar motrizmente co seu corpo para progresar no seu coñecemento e desenvolvendo equilibrio, percepción sensorial e coordinación no movemento.	Experimenta motrizmente co seu corpo para progresar no seu coñecemento e na coordinación no movemento.	
CA1.1.1. - Mostrar curiosidade e interese por establecer diferentes relacións entre obxectos.	Establece algunha relación entre obxectos.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal		
CA1.2.1. - Sinalar e nomear as diferentes partes do corpo en si mesmo e nos demais segundo a súa idade ou madurez.	Sinala e nomea as diferentes partes do corpo en sí mesmo segundo a suá idade ou madurez.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.		
CA1.4.1. - Identificar algúns elementos xeométricos básicos.	Identifica algún elemento xeométrico.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.		
CA2.7.1. - Amosar interese por participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira, a través de xogos, cancións...	Mantén a atención un período máis ou menos longo cando se realizan xogos ou cancións.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2.1. - Coñecer a través da observación distintos fenómenos naturais.	Coñece algún fenómeno natural.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.		
CA3.4.2. - Realizar actividades relacionadas co autocoidado desenvolvendo progresivamente confianza na súa realización.	Realiza algunha actividade relacionada co coidado da contorna.	
CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.		
CA3.5.1. - Adaptarse paulatinamente ás rutinas da escola establecidas para o grupo.	Adáptase progresivamente a algunha rutina da escola establecida para o grupo	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.		
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.		
CA4.4.1. - Mostrar interese por relacionarse coas persoas de referencia na escola	Mostra interese por relacionarse coa mestra/e.	
CA4.4.1. - Descubrir profesións próximas á súa vida cotiá valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece algunha profesión próxima á súa vida cotiá.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.		
CA5.3.1. - Desfrutar escoitando a lectura de diferentes textos literarios pola persoa adulta	Escoita nos momentos de lectura de contos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Asentamentos e actividades da contorna. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Artellando	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.		TI
CA1.2.1. - Familiarizarse os cuantificadores básicos máis significativos (moito, pouco...).	Diferencia os cuantificadores moito e pouco.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen		
CA1.3.1. - Experimentar e identificar as percepcións sensoriais exteroceptivas captadas a través dos sentidos.	Experimenta algunha percepción sensorial exteroceptiva captada a través dos sentidos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		
CA2.3.1. - Mostrar interese por participar en xogos dirixidos e espontáneos.	Mostra interese por participar nalgún xogo dirixido e espontáneo.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.		
CA4.5.1. - Participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando.	Participa nalgunha festa organizada no centro.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.		
CA4.8.1. - Mostrar interese por participar en distintas tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna con actitude de respecto.	Participa nalgún evento ou celebración cultural presentes na súa contorna programada na escola.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.		
CA6.2.1. - Explorar as posibilidades sonoras do corpo, de diferentes obxectos e dalgúns instrumentos de percusión.	Amosa interese polas posibilidades sonoras do corpo e dalgúns obxectos e intrumentos de percusión.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.		
CA7.2.1. - Explorar diferentes materiais e técnicas para elaborar creacións plásticas.	Explora algún material plástico e algunhas técnicas diferentes nas súas elaboracións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.

Contidos
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.

UD	Título da UD	Duración
3	Que animalada!	140

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento		TI
CA1.1.1. - Vivenciar e experimentar motrizmente co seu corpo para progresar no seu coñecemento e desenvolvendo equilibrio, percepción sensorial e coordinación no movemento.	Participa nalgunha proposta motriz explorando o seu corpo e movementos para mellorar o equilibrio, percepción sensorial e coordinación motriz.	
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal		
CA1.2.1. - Sinalar e nomear as diferentes partes do corpo en si mesmo e nos demais segundo a súa idade ou madurez.	Sinala e nomea as partes básicas do corpo (cabeza, tronco, extremidades) en sí mesmo e nos demais, segundo a súa idade ou madurez.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.		
CA1.4.1. - Identificar algúns elementos xeométricos básicos.	Identifica algunha figura xeométrica básica (círculo, cadrado, triángulo).	
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz		
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.		
CA1.5.1. - Moverse no espazo en relación ás nocións espaciais básicas traballadas.	Desprázase no espazo de xeito preciso seguindo indicacións relacionadas cos conceptos espaciais arriba- abaixo, diante-detrás.	
CA1.5.1. - Controlar progresivamente o seu corpo, adaptando a súa resposta motriz aos demais, aos obxectos e ao espazo.	Axusta a súa resposta motriz respectando aos seus compañeiros e compañeiras e interactuando con eles nas actividades físicas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3.2. - Mostrar interese por participar en xogos dirixidos e espontáneos cos iguais, axustando progresivamente as súas interaccións cos demais.	Presta atención ás explicacións sobre xogos.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.		
CA2.7.1. - Amosar interese por participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira, a través de xogos, cancións...	Mantén a atención un período máis ou menos longo cando se realizan xogos ou cancións e participa nalgunha actividade.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.		
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.		
CA3.1.1. - Percibir e discriminar algúns sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo.	Participa en xogos de conciencia fonolóxica.	
CA3.1.1. - Mostrar unha actitude de respecto e coidado cara o medio natural e animal.	Amosa actitudes que poñen de manifesto a súa preocupación polo medio natural e os animais, non danándoos.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.		
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Conta aos iguais ou á mestra situacións ou acontecementos da súa vida.	
CA3.5.1. - Identificar trazos de seres vivos e inertes.	Nomea algunha diferencia entre os seres vivos e os inertes.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.		
CA5.3.1. - Desfrutar escoitando a lectura de diferentes textos literarios pola persoa adulta	Escoita nos momentos de lectura de contos.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.		
CA5.4.1. - Descubrir e explorar a beleza da linguaxe literaria a través da participación en actividades de aproximación á literatura infantil.	Participa e amosa interese polas lecturas	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe determinados sons traballados.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.		
CA8.2.1. - Moverse libremente adaptando o seu movemento ao dos demais e ao espazo nas propostas de expresión corporal.	Participa nalgunha proposta de expresión musical que requira movemento corporal.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Os seres vivos e as súas características. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Uso do baile e da danza como medios de expresión.

UD	Título da UD	Duración
4	Festa rachada	48

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.		TI
CA1.2.1. - Familiarizarse os cuantificadores básicos máis significativos (moito, pouco...).	Diferencia os cuantificadores moito e pouco.	
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz		
CA1.5.1. - Controlar progresivamente o seu corpo, adaptando a súa resposta motriz aos demais, aos obxectos e ao espazo.	Controla progresivamente o seu corpo, adaptando a súa resposta motriz ao espazo.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.		
CA1.6.1. - Vivenciar corporalmente a súa posición en relación aos obxectos e demais persoas usando vocabulario topolóxico (arriba, abaixo...) básico, coa axuda do adulto.	Sitúase arriba-abaixo, diante-detrás en relación aos obxectos e demais persoas coas axuda da mestra.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.		
CA4.1.1. - Participar en xogos e diversas situacións da vida cotiá	Participa nalgunha das actividades diarias da aula e nalgún xogo.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.		
CA4.6.1. - Identificar algúns dos seus personaxes máis relevantes do patrimonio cultural de Galicia.	Nomea algún dos personaxes máis relevantes do patrimonio cultural traballados na aula.	
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.

Contidos
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Os seres vivos e as súas características. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
6	O poder das palabras	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.		TI
CA2.4.1. - Progresar na verbalización das súas necesidades e sentimentos.	Identifica en sí mesmo e as demais persoas as emocións básicas e consigue verbalizalas.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.		
CA2.6.1. - Iniciarse na resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o pensamento computacional.	Resolve algunha tarefa empregando o pensamento computacional.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.		
CA2.8.1. - Mostrar interese por participar en xogos e actividades colectivas, desenvolvendo progresivamente actitudes non discriminatorias nas relacións cos demais.	Mostra interese por participar en xogos cunha actitude non discriminatoria.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.		
CA4.6.1. - Identificar algúns dos seus personaxes máis relevantes do patrimonio cultural de Galicia.	Nomea á persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.		
CA6.4.2. - Gozar do proceso de expresar emocións a través das manifestacións musicais e culturais (cancións, bailes, ritmos...).	Expresa algunha emoción a través de manifestacións musicais, como por exemplo bailes.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.		
CA6.6.1. - Participar na interpretación musicada de contos, poemas, creacións artísticas...	Participa,con axuda do adulto, na interpretación musicada de contos, poemas, creacións artísticas...	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.		
CA7.2.1. - Explorar diferentes materiais e técnicas para elaborar creacións plásticas.	Explora algúns materiais plásticos e algunhas técnicas diferentes nas súas elaboracións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.		
CA7.6.1. - Participar na realización de creacións plásticas a partir de contos, poemas, pezas musicais...	Participa na realización dalgunha creación plástica.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Habilidades do pensamento computacional. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.

UD	Título da UD	Duración
7	Xuntos máis fortes	200

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.		TI
CA1.1.1. - Participar espontáneamente nas diferentes conversas levadas a cabo na aula sobre diferentes temáticas, respectando as opinións dos demais.	Fai aportacións de xeito espontáneo nas conversas levadas a cabo na aula, respectando as opinións dos demais.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións		
CA1.4.1. - Avanzar na construción dunha autoimaxe positiva recoñecendo progresivamente as súas posibilidades e limitacións.	Identifica algunhas das súas posibilidades.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade		
CA1.7.1. - Ser quen de verbalizar algunhas características iguais e diferentes entre as persoas.	Verbaliza algunha característica igual e diferente entre as persoas.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.		
CA2.5.1. - Manifestar interese por manter comunicación a través da fala coas demais persoas.	Diríxese a través da fala ás demais persoas na aula (iguais ou mestra).	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.		
CA2.6.1. - Ser quen de pedir axuda cando o precisa.	Pide axuda á mestra cando ten dificultade para facer algo.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.		
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.		
CA3.2.1. - Ser quen de comprender mensaxes sinxelos.	Leva a cabo instrucións básicas, de só unha orde, na aula.	
CA3.2.1. - Recoñecer hábitos de hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece algún hábito de hixiene corporal e bienestar.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta e cumpre as normas de seguridade.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.		
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Nomea algún motivo da importancia dos seres vivos (plantas ou animais) e amosa actitudes empáticas cara eles.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6.1. - Colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Colabora nalgunha tarefa levada a cabo na aula.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.		
CA4.1.1. - Desenvolver un sentimento de pertenza á escola e ao grupo-aula creando e valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen.	Amosa actitudes de respecto e empatía cara os seus compañeiros e compañeiras.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.		
CA4.7.1. - Experimentar resolución de conflitos con mediación adulta.	Manifesta unha actitude positiva na resolución de conflitos mediada pola mestra.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.

Contidos
- Relacións de parentesco. - A escola. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación combina e relaciona as aprendizaxes do currículo das tres áreas planificando 7 unidades didácticas, deseñadas dun xeito aberto e amplo para dar cabida a diferentes propostas globalizadas de aprendizaxe, que sexan estimulantes e con interese para o grupo de alumnado en cada momento do curso. Deste modo, para cada un dos trimestres plantéxanse tres unidades didácticas:
Dúas unidades didácticas diferentes en cada trimestre cada unha delas cun obxectivo diferente:

- Unidades didácticas de investigación (UD1, UD3 e UD5): presenta a oportunidade de conectar cos intereses reais das nenas e dos nenos a través da elaboración de proxectos ou pequenas investigacións sobre diversas temáticas, permitindo afondar nas mesmas en función das características persoais do alumnado.
- Unidades didácticas "creativa e artística" (UD2, UD4 e UD6): orientada ás festividades, conmemoracións, acontecementos especiais, festas tradicionais, etc. que teñen lugar durante o curso escolar, abordándoa desde unha perspectiva lúdica e creativa e cun enfoque artístico.

E unha unidade didáctica transversal (UD7) durante todo o

curso que aborda aspectos relacionados coa educación emocional e a dimensión social que raramente van desconectados do quefacer diario da aula.
Polo tanto en cada trimestre impartiranse tres unidades:

- 1º trimestre: UD1, UD2 e UD7
- 2º trimestre: UD3, UD4 e UD7
- 3º trimestre: UD5, UD6 e UD7

De xeito xeral, teranse en conta estes aspectos no deseño das actividades propostas en cada unidade didáctica:

- Darase moita importancia á afectividade: as nenas e os nenos deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- O papel da mestra ou mestre será a de guía, animadora e de apoio e acompañante no proceso de aprendizaxe. Así todas as propostas estarán centradas no alumnado e a mestra ou mestre axudará a que as nenas e nenos procedan por si mesmos e aprendan a través das propostas e dos materiais e tamén a través das observacións entre elas e eles.
- Fomentarase un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización.
- Favorecerase que o alumnado exprese libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e por iso débense crear as condicións para que sexa escoitado, aceptado e respectadas nas súas diferencias

(fundamentalmente a través das asembleas e círculos).

- Valorarase o erro como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.
- O ambiente de aprendizaxe será amable e agradable, cómodo e seguro, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relación coas persoas e cos obxectos.

Como indicacións particulares respecto a cada unha das áreas, destácanse as principais liñas de actuación:

Área de Comunicación e Representación da Realidade (CRR):

- Crearanse as condicións necesarias para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen primar ningunha por enriba das demais.
- Favorecerase un vínculo de apego seguro, e para elo a mestra ou mestre debe acoller afectuosamente as mensaxes do alumnado e ofrecer contacto físico cálido e atención plena.
- Crearase un ambiente de comunicación pracenteiro para as nenas e nenos: oferta de modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria; a persoa docente deberá coidar as súas intervencións.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe que favorezan a transferencia entre as diversas linguaxes e formas de comunicación e expresión e que poñan ao alcance do

alumnado variedade de técnicas, recursos e materiais.

- Favoreceranse propostas de aprendizaxe nas que convivan a linguaxe musical e a corporal, así como a expresión visual e plástica, e unha introdución natural e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital.
- Darase moita importancia á comunicación oral (intercambios orais variados para que as nenas e nenos avancen na escoita activa, establecemento de quendas de intervención, construción de discursos cada vez máis coherentes, emprego de fórmulas de cortesía, etc.).
- Empregaranse as diferentes linguas nestes intercambios orais, con especial énfase nas da propia contorna. Estas linguas incorporaranse nas rutinas cotiás, nos xogos, en cancións..., o que permitirá unha inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos.
- No referente á aproximación a lingua escrita, favorecerase o contacto con diferentes tipos de textos e porase especial énfase no aspecto funcional do código escrito (nos prerrequisitos necesarios para o acceso a esta linguaxe: coordinación óculo - manual, fortalecemento da musculatura da man, interiorización da direccionalidade dereita-esquerda, concienciación fonolóxica, memoria auditiva, etc.)
- Resaltarase o valor da biblioteca, tanto a biblioteca do centro como a propia da aula, para achegarlles o mundo literario, como fonte de información e como un espazo máis onde desenvolver a creatividade.

Área de Crecemento en Harmonía (CH):

- Respectaranse os ritmos e as características individuais de cada alumna e alumnado.
- Proporanse proposta de aprendizaxe motivadoras que partan dos coñecementos e experiencias previas do alumnado e nas que valoren os propios logros. Deste modo garantirase a significatividade das aprendizaxes e a funcionalidade do que van aprender.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións (as propostas desenvolverán aspectos motrices que favorezan a autonomía; a participación en xogos e actividades psicomotrices, pero sempre atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado; a capacidade de aprender por si mesmos; a promoción do en equipo; e actividades que potencien a curiosidade, a creatividade e a sensibilidade).
- Aproveitaranse as rutinas e outras actividades cotiás como momentos significativos favorecedores do traballo globalizado, incorporando a verbalización das accións coa finalidade de interiorizar as secuencias e iniciar hábitos saudables e de autocoidado.
- Empregarase o xogo simbólico para recrear situacións da vida cotiá buscando as interaccións cos demais, desde a participación, a colaboración, a empatía e a interacción positiva.

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC):

- Procuraranse ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación e o

emprego dunha metodoloxía activa.

- Aproveitarse a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que lle rodea.
- Contextualizaranse as propostas de aprendizaxe a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade.
- Promoverase o emprego de nocións matemáticas, espaciais e temporais, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e o método científico.
- Favorecerase a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas dun xeito progresivamente creativo e autónomo, onde se desenvolva tanto a capacidade de aprender por si mesmos como o traballo en equipo.
- Favorecerase un achegamento á contorna máis próxima fomentando a súa exploración activa e o seu coñecemento, pero tamén dando cabida ao descubrimento daquela realidade algo máis afastada a través de experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecelas.
- Promoverase o coñecemento dos elementos propios da cultura galega, pero tamén doutras, sempre desde unha perspectiva aberta e con actitudes de respecto e de aprecio.

Agrupamentos

Para levar a cabo diversas propostas e actividades deseñades, estableceremos distintos tipos de

agrupamento, favorecendo así a atención á diversidade do alumnado:

- Gran grupo, procurando un espazo amplo que permita unirnos, escoitarnos, vernos e compartir. Este agrupamento será especialmente favorecedor nas asembleas, conversas, presentación de materiais ou propostas, dinámicas de grupo e círculos proactivos, lectura grupal de contos ou outros textos literarios, xogos en gran grupo, sesións de psicomotricidade, xogos e actividades musicais (como danzas, bailes, actividades de ritmos...).
- Pequeno grupo ou parellas, que sirva tanto para encontros casuais como intencionais. Este tipo de agrupamento empregarase en xogos de mesa, xogo simbólico, actividades deseñadas nos diferentes ambientes da aula (espazos ou recantos), pequenas tarefas de investigación, propostas sensoriais e manipulativas, actividades colaborativas e cooperativas... Darase un tempo na xornada diaria que favoreza o pequeno grupo ou as parellas dun xeito natural, onde as nenas e nenas libremente poidan realizar as propostas de aprendizaxe, favorecendo deste modo a axuda mutua e o proceso de imitación que tan importante é na aprendizaxe nesta etapa.

- Procuraranse momentos e espazos para estar sos destinados á relaxación, a tranquilidade, o descanso, o soño, o pensamento... Estes momentos poderán ser dirixidos, sobre todo en propostas que requiran dunha

maior concentración e atención ou dunha guía máis estruturada por parte da mestra ou mestre. Ou tamén poderán xurdir dun xeito natural durante a xornada diaria, xa que as crianzas poden precisar de tempos de calma sen que estean previamente programados nun momento determinado.

Espazos:

- Empregarase a aula de referencia pero tamén se empregarán de forma habitual outros espazos do centro como a biblioteca, a zona de horta escolar, aula de música ou o ximnasio.
- A aula de referencia está distribuída por ambientes de aprendizaxe, tentando manter a conexión entre todos eles. Os materiais están dispostos de xeito que favorecen a autonomía e a libre elección por parte do alumnado
- O deseño dos espazos debe favorecer os tipos de agrupamentos dun xeito cómodó.
- Coidarase de que o material sempre estea ben presentado e invite tanto ao seu uso como a súa recollida posterior.
- Priorizaranse cores neutras e naturais na decoración da aula, sen sobrecargar o ambiente de estímulos visuais excesivos.

Aspectos a ter en conta no deseño das propostas de aprendizaxe:

- Flexibilidade: organización flexible dos espazos e do tempo, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.

- Ambiente de calma e tranquilidade: planificados desde unha perspectiva de calma e tranquilidade, afastada da aceleración e poñendo o énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos ou resultados obtidos.
- Combinación de tempos:

a) combinaranse tempos de rutinas con tempos destinados a outras actividades específicas (relacionadas coa vida cotiá e con propostas que favorezan a adquisición das aprendizaxes máis curriculares), sempre respectando as características e necesidades de cada un das crianzas.
b) combinaranse momentos onde teñan cabida as necesidades de movemento das nenas e nenos e os tempos de contacto coa natureza nos espazos exteriores
c) intercalarase actividades máis libres e autónomas con outras máis guiadas pola mestra ou mestre.
d) combinaranse momentos de xogos grupais e individuais cos agrupamentos libres e cos organizados pola persoa docente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible (pinturas, papeis, cartolinas, pegamento...)
Material sensorial (xogos sensoriais, mesa de luz e materiais para empregala, caixas de area...)
Material de expresión artística (utiles diversos, pinturas, arxila...)
Material de psicomotricidade (colchonetas, módulos de gomaespuma, cordas, aros, pelotas...)
Material non estructurado (de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...)
Material de construción (cartóns, tubos, bloques...)
Material lóxico-matemático (regretas, policubos, bloques lóxicos, tangram, ábacos...)

Material de lectoescritura e concienciación fonolóxica (alfabetos móviles, letras de lixa, caixas de sons...)
Materiais e instrumentos musicais (tambores, maracas, pandeiros...)
Material de xogo simbólico (bonecas, vaixela, tendais e pinzas...)
Ferramentas tecnolóxicas (ordenador de aula, tableta de aula, proxector, escornabot...)
Recursos dixitais (vídeos educativos ou de temáticas diversas relacionados cos proxectos en curso, aula virtual)
Recursos impresos (contos e libros diversos, fotocopias...)

A aula conta con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado e, a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades.
Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos ollos e das mans, precisando andeis baixos e accesibles.
Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida e facilitarase o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas,... Ademais, rotaranse e/ou cambiaranse periodicamente.
O material que se emprega nunha aula de infantil pode ser tanto e tan diverso que o organizamos por categorías para facilitar a súa enumeración. Cómpre indicar que o material dunha categoría pode formar parte doutras categorías, pero para evitar repeticións indícase soamente nunha delas:

- Material funxible: material que se vai gastando co uso como pegamentos, gomas de borrar, lapis de cores, papeis de todo tipo: charol, pinocho, seda...,
- Material sensorial: material para estimular os cinco sentidos e realizar propostas sensitivas como mesas de luz e retroproxectores, caixas de luz e o material para empregalas, caixas de area, sacos de pesos, torre rosa, bloques de cilindros, tabletas de cores, caixas de teas...
- Material de expresión artística: materiais para as propostas artísticas como tesoiras, troqueles, materiais para traballar o barro, tales como moldes e ferramentas... arxila, pasta de papel, barro, pinturas diversas: témperas, acuarelas, ceras, rotuladores...
- Material de psicomotricidade: material para sesións de psicomotricidade como bloques de gomaespuma, colchonetas, bancos, escaleira de braquiación, pelotas, aros, cordas, teas...
- Material non estruturado: resúmese como un caixón de sastre xa que engloba aquel material que se emprega nas aulas e que non ten cabida noutras categorías. Dentro desta categoría englobariamos o material de refugallo: tubos, cartóns, tapas...; elementos da natureza como pedras, palos, follas...; pezas soltas: botóns, tapas, botes, anacos de madeira...
- Material de construción: material creado especificamente para tal fin como xogos de construción, pezas de madeira... e tamén material doutros tipos que podemos empregar nas nosas construcións na aula: tubos e pranchas de cartón, botes de iogur...

- Material lóxico-matemático: material para traballar os conceptos matemáticos e a lóxica: xogos diversos, policubos, números de lixa, bloques lóxicos, dados, regretas, ábacos, tangrams...
- Material de lectoescritura e conciencia fonolóxica: materiais que axudan nas actividades de ensino-aprendizaxe relacionados coa lectoescritura e conciencia fonolóxica, tales como alfabetos móbiles, letras de lixa, tarxetas de imaxes, audios diversos...
- Materiais e instrumentos musicais: instrumentos musicais como xilófonos, pandeiros, crótalos... e tamén outros materiais que teñen un uso para fins musicais como lazos, vasos...
- Material de xogo simbólico; esta categoría é moi ampla xa que nas aulas de Infantil pode haber moito e variado material deste tipo, dende vaixela e louza para a cociña, como a propia cociña en sí, bebés e bonecas diversas con todos os seus complementos, ata disfraces e xogos diversos para recrear profesións diferentes.
- Ferramentas tecnolóxicas: ordenador para o uso docente e panel dixital, proxector, escornabots e beebots....
- Recursos dixitais: vídeos educativos de temáticas relacionadas coas unidades didácticas e aplicacións para realizar exercicios.
- Recursos impresos: materiais diversos como posibles traballos en papel realizados pola mestra e fotocopiados para a totalidade da clase, libros de consulta e de lectura, contos...

Cómpre tamén describir a importancia dos espazos polo seu carácter educativos e o seu uso como recursos para enriquecer as actividades e propostas das nosas unidades didácticas. Os espazos, tanto do centro como da propia contorna ou vila así como os servizos que esta ofrecen, serán un recurso moi potente para reforzar o traballo dos contidos e axudar no proceso de ensino e aprendizaxe.

As propostas da aula, tal e como se recolle no apartado de metodoloxía, serán activas e manipulativas, polo que todo o material non estruturado e que aporte a natureza será empregado ao longo de todo o curso en diferentes actividades plantexadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro para dispor de información sobre cada alumna e alumno de cara á sesión de avaliación inicial onde se tomarás decisións para a toma de medidas que favorezan a aprendizaxe de cada alumna ou alumno ou do grupo en xeral.

Tipo de información que se desexa obter de cada alumna ou alumno: neste curso, interesa especialmente observar o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades que presenta. Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida da aprendizaxe (para esta fin tomarase como referencia a programación do curso anterior para observar e avaliar os coñecementos do alumnado do grupo).

Técnicas e métodos que se pretenden desenvolver para a obtención de información:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.
- Observación e diagnóstico do estado físico, emocional.
- Observación sobre os coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Información aportada polas familias nos cursos anteriores.
- Análise e estudio das actas de avaliacións finais do curso anterior, informes da titora e outros posibles

documentos de interese.
Unha vez feita a observación e recollidos os datos, analizaranse para realizar a avaliación do alumnado.
Na sesión de avaliación inicial, teranse en conta a análise aportada por todo o equipo docente do grupo para chegar a acordos de como adaptar a programación para atender as necesidades individuais do alumnado e do grupo.
No caso de alumnado que se matricula ao longo do curso escolar, realizarase a avaliación inicial nese momento, para o que será de axuda entrevistarse coa familia, falar coa persoa titora do centro do que ven (se é que estivo escolarizado). Unha vez feita a avaliación deste alumnado, realizaranse adaptacións oportunas.
En 4º curso prestarase atención especialmente o estado físico e emocional do alumnado ademais de posibles limitacións ou dificultades. Observarase tamén en profundidade a adaptación do neno ou nena ao centro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

O alumnado recibirá unha cualificación cuantitativa global en cada área e tamén recibirá unha cualificación naqueles criterios de avaliación seleccionados en cada trimestre e na avaliación final como susceptibles de ser informados ás familias. O reparto dos criterios de avaliación nas UD e nos trimestres está plantexando de menos a máis, é dicir, hai un reparto progresivo tanto do logro que se pretende co CA (menor esixencia no 1º trimestre que no 3º) como no número de CA de cada trimestre (menor número de CA no 1º trimestre que no 3º trimestre dado que o alumnado debe ir progresado pouco a pouco).
A escala de estimación para valorar tanto a globalidade de cada área como os criterios de avaliación está formada por 3 categorías:

- Sen dificultade: a alumna ou o alumno ten pleno dominio do que o criterio recolle e superou o mínimo de consecución establecido para o mesmo.
- En proceso: a alumna ou o alumno realizou progresos na consecución do criterios de avaliación pero aínda non adquiriu o mínimo de consecución.
- Con dificultade: a alumna ou o alumno non adquiriu o mínimo de consecución nin fixo progreso na adquisición do criterio

Se algunha alumna ou alumno non logrou a cualificación de "Sen dificultade" nalgún criterio de avaliación do curso anterior, este será tido en conta pola mestra ou mestre para proceder ao reforzo das aprendizaxes vinculada a ese criterio.
Terase en conta que se un alumno ou alumna se avalía "En proceso" e, sobre todo, "Con dificultade" nun criterio de avaliación nalgún dos trimestres, deberá traballarse de xeito individualizado con esa alumna ou alumno para poder superar ese criterio de avaliación.
Se na avaliación final, algún criterio de avaliación segue a estar cualificado como "Con dificultade", terase en conta de cara a elaborar os informes de final de curso e de etapa.

Criterios de recuperación:

Este apartado non se aplica nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Para adecuar as medidas e accións educativas a cada alumna e alumno e cumprir cos principios de inclusión, igualdade e non discriminación prestarase atención a:

- A organización dos espazos de forma que cumpra criterios de accesibilidade.
- A adecuación dos tempos e rutinas en base ás necesidades do alumnado (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares. Se ben é certo que os tempos están condicionados polos tempos do centro educativo, débense respectar na aula os tempos individuais de cada nena e neno, adaptando as actividades ás súas capacidades e ritmos de aprendizaxe. Resulta tamén importante contar nas rutinas diarias con tempos de actividade e de descanso.

- A organización da aula por recunchos, espazos diferenciados e polivalentes, dotados dos materiais e dos recursos necesarios para as diferentes propostas de aprendizaxe. (Esta organización permite unha atención máis personalizada do alumnado e, polo tanto, adecuada ás súas necesidades, ao proceso de socialización en pequenos grupos e a ofrecer actividades máis afíns cos seus gustos e intereses).
- A aplicación dos principios do modelo DUA.
- A flexibilidade e accesibilidade de materiais: os materiais que se empreguen na aula deben ser o suficientemente flexibles no uso para poder dar resposta os obxectivos que pretendemos como a imaxinación, a espontaneidade e a creatividade do alumnado.
- O emprego de metodoloxías colaborativas e cooperativas e de metodoloxías de gamificación e xogo que favorezan a inclusión e unha aprendizaxe adaptadas aos ritmos psicoevolutivos.
- A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de cada alumna e alumno.
- O emprego das TIC como elemento motivador para o alumnado (aplicacións para a estimulación da linguaxe, do razoamento ou da atención dunha forma divertida, motivadora e adaptable a todo o alumnado)
- A estimulación continua da iniciativa e do interese por aprender do alumnado.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
- A secuenciación das tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
- O traballo con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Intervir dende un enfoque multidisciplinar (titoría, departamento de orientación, familia ou titores legais, servizos sanitarios, servizos sociais, etc.).
- Colaboración co departamento de orientación sempre que sexa preciso.

Cando as medidas ordinarias non sexan suficiente, terase que contar co apoio do departamento de orientación e/ou mesmo coa intervención das especialidades de audición e linguaxe ou pedagoxía terapéutica, así como decidir a aplicación doutras medidas extraordinarias dependendo de cada caso. Destaca aquí a importancia da avaliación inicial do alumnado e da detección temperá das necesidades do alumnado.
Todas as medidas extraordinarias propostas deberán cumprir cos requisitos e co procedemento de autorización regulado na normativa de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo.							X
ET.2 - Coeducación e Igualdade.	X		X		X	X	X
ET.3 - As habilidades comunicativas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A nosa cultura.		X		X		X	
ET.5 - Creatividade e emprendemento.	X		X		X		
ET.6 - Educación medioambiental para o consumo responsable e sustentable.			X		X		
ET.7 - Os afectos e emocións.							X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.8 - Educación para a saúde e hábitos de vida saudables.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son abordados desde a complementariedade e a interdisciplinariedade, formando parte da propia dinámica do proceso de ensino e aprendizaxe.

- A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo. Promoverase a resolución pacífica e a través do diálogo dos conflitos que xurdan no grupo. Esta etapa educativa caracterízase polo egocentrismo como característica psicoevolutiva e polo o conflito cos demais como forma do proceso evolutivo. Este elemento transversal aplicarase, especialmente, a través do diálogo, nas asembleas, na resolución pacífica de conflitos, insistindo no respecto cara os demais e a un mesmo.
- A coeducación e igualdade. A igualdade de xénero é un aspecto de vital importancia para a sociedade na que vivimos e que debemos de abordar xa dende a educación infantil, cun trato igualitario nas nenas e nenos, co uso dunha linguaxe non sexista, así como visibilizando mulleres e homes que se dedican a oficios tradicionais e socialmente adxudicados a un ou outro sexo. Tamén é de interese abordar, a través do xogo simbólico, o uso das cores, e aproveitar as conversas ou as situacións que se poidan dar a nivel espontáneo na aula para fomentar o uso dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, así como a coeducación e a igualdade..
- As habilidades comunicativas. A comunicación é a

base de intercambio do ser humano e son múltiples os sistemas de intercambio comunicativo que podemos empregar. Ser quen de expresar o que se quere dicir e entender correctamente o que se nos di é un elemento básico para unha convivencia pacífica e que evita problemas ou condutas non desexadas ao longo do tempo. Debemos abordar a comunicación oral a través de diálogos ou historias contadas polo alumnado. É importante dar tempo para que se expresen, conten e falen. .
Tamén a expresión plástica, musical ou visual transmiten unha intención comunicativa que se abordará, especialmente, nas unidades didácticas referidas ás festas tradicionais.

- A nosa cultura. A través das festas tradicionais, da participación e da interacción nas mesmas darase a coñecer a cultura propia (de onde vimos e de onde somos). Cobra especial importancia a colaboración coas familias, a presenza das mesmas na aula para colaborar en distintas actividades, as asociacións da contorna próxima e as actividades complementarias
- A creatividade e o emprendemento. A creatividade será un aspecto artístico e estilístico na realización de actividades relacionadas coas diferentes linguaxes. Este elemento transversal tamén ten relación coa resolución de problemas e a consecución dunha maior autonomía na resposta ás distintas actividades.
- Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable. O coidado do medio ambiente trabállase

mediante a adquisición de hábitos relacionados coa reciclaxe, a utilización axeitada dos recursos, a separación de residuos nas merendas, o coñecemento do mesmo e as problemáticas que afectan á súa conservación. Intégranse aquí a flora e a fauna, así como os aspectos relacionados co cambio climático.

- O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional. Apréndese a través da emoción, polo que debemos coidar o mundo emocional do alumnado, axudalo a recoñecer o que lle pasa nun momento determinado, poñéndolle nome e, pouco a pouco, ir superando determinadas situacións. É importante respectar as emocións dos demais e saber cando se molesta a alguén, así como pedir desculpas.
- A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable. Aplicarase por exemplo aproveitando as merendas do alumnado a media mañá, aprendendo a respectar tempos de actividade e descanso, na hixiene de mans, así como en nas unidades didácticas nos que se trate o coidado do corpo ou as institucións e especialistas que encargados do coidado da nosa saúde.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	Durante os proxectos que xurdan na aula os invitaremos a diferentes persoas para que actúen como experton na materia que estamos a traballar.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Convidarase a diferentes persoas a ler un conto ao alumnado. As persoas poderán ser tanto a familia, como alumnado de primaria ou outras persoas externas.	X	X	X
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros,recollida de roupa ou tapóns,etc	X	X	X
Madriña/padriño de lectura	Cada alumna/o terá como madriña/padriño de lectura a un alumno do terceiro ciclo de educación primaria para facer tarefas conxuntas de hábitos de lectura.		X	X
Saída a un espazo natural da contorna próxima	Visitarase un espazo natural como complemento para coñecer un hábitat natural e poder coñecer a súa flora e fauna. Esta actividade complementa os eixos temáticos da UD2 e UD3.		X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Teatro, maios, correlingua....	Todas aquelas que xurdan durante o curso relaciondas na PXA	X	X	X

Observacións:

Además destas actividades complementarias directamente relacionadas co currículo das áreas de infantil, o alumnado tamén participará nas conmemoracións e actividades de centro elixidas dentro do curso escolar e recollidas na programación xeral anual, concretamente:

- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As temáticas elixidas para as unidades didácticas (sociedade, fauna, flora, festas tradicionais de cada trimestre) resultaron adecuadas aos intereses do alumnado.
Os elementos transversais seleccionados foron tratados no curso.
As actividades complementarias propostas foron apropiadas para a aprendizaxe do alumnado.

Metodoloxía empregada
A avaliación do alumnado permitiu axustar e adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe aos intereses do alumnado.
A metodoloxía (xogo, proxectos de investigación, traballo colaborativo) fomentou a curiosidade e facilitou a aprendizaxe significativa.
A combinación de tempos (rutinas-actividades curriculares-movemento-descanso-grupos-individualidade...) resultou adecuada para manter o interese pola aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O deseño e a decoración da aula favoreceu distintos tipos de agrupamentos e un clima cálido e motivador de aprendizaxe.
Os recursos e os materiais empregados fomentaron o interese e a curiosidade no alumnado e foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas foron variadas e diferentes para adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento do alumnado.
As medidas de atención á diversidade adoptadas foron adecuadas para o alumnado.
Clima de traballo na aula
O clima da aula foi tranquilo, agradable e cómodo tanto para o alumnado como para a persoa docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O equipo docente do grupo colaborou, reuniuse cando se precisou e tomou decisións conxuntas sobre a aprendizaxe do alumnado.
As familias participaron nas actividades (actividades complementarias, reunións, titorías) que se lles propuseron.

Descrición:

Empregaranse estes indicadores de logro como método de autoavaliación do proceso de ensino e de aprendizaxe. No seguimento final da programación, no final de curso, valorarase cada un destes indicadores de logro cunha escala de 3 ítems: alto, medio, baixo (a través da aplicación Proens). A información aportada servirá para revisar a programación didáctica e a práctica docente de cara a mellorar o proceso de ensino e de aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase a través da aplicación informática Proens, unha vez ao trimestre co obxecto de dispor de información para que sexa valorada e analizada polo equipo de ciclo. Ao finalizar o trimestre c, ompletarase a información do seguimento das UD coa data de finalización, as sesións reais realizadas, o grao de cumprimento respecto do planificado, así como as propostas para mellora a unidade didáctica.
No caso de producirse algunha desviación recollerase o motivo.
A información será valorada e analizada na reunión do equipo de ciclo de cara a tomar decisión de axuste do planificado durante o curso escolar e de ir propoñendo melloras para o vindeiro curso.

9. Outros apartados

1. Apoio no labor docente das/os especialista de primaria

Hai dispoñibilidade horaria no centro para que os especialistas de primaria apoien o labor docente:

- Mestra/e de lingua inglesa realizará unha aproximación á lingua estranxeira e plástica.
- Mestra/e de música terá especial relevancia nas UD 2, 4 e 6 nas que a música terá un protagonismo especial na preparación de actuacións para o festival de nadal ou do desfile de entroido.
- Mestra/e de educación física terá especial relevancia nos aspectos relacionados co movemento, os hábitos de control do corpo e a educación para a saúde.

Todos colaborarán seguindo indicacións da/o titora e contextualizando a aprendizaxe na UD que se está a impartir nese momento.

2. Sobre a temporalización das unidades didácticas

O traballo globalizado dificulta establecer un número de sesións para cada UD. No reparto das 840 sesións que se deben impartir (24 sesións á semana) tense en conta:

- As datas das sesións de avaliación no centro. En torno a 14 semanas lectivas no 1º trimestre, 10 semanas no 2º trimestre e 12 semanas no 3º trimestre.
- A UD7 transversal calcúlase sobre tres semanas/ trimestre.
- A UD 2 ten 3 tres festas asociadas, unhas 3 semanas
- A UD 4 ao centrarse no entroido implicaría 2 semanas
- A UD 6 implicaría menos de 2 semanas

Partindo destes cálculos establécese a duración de cada UD, que debe entenderse como orientativa para a posta en práctica da programación

3. Período de adaptación

O artigo 4 da Orde do 30 de maio de 2023 , establece os centros poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso que se concretará anualmente na normativa que establece o calendario escolar para cada curso académico e en ningún caso poderá superar o mes de setembro.

- A planificación temporal. Os primeiros días levarase a cabo un horario reducido. Progresivamente irase ampliando o horario ata a xornada completa.
- Durante este primeiros días levaranse a cabo actividades de coñecemento da aula e do centro.
- Durante este período as titoras/es terá máis horas de apoio da mestra/e de apoio ou profesorado en horario de garda.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	4º Inf.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 11

4.2. Materiais e recursos didácticos 11

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 11

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 12

6. Medidas de atención á diversidade 12

7.1. Concreción dos elementos transversais 13

7.2. Actividades complementarias 13

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 13

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 14

9. Outros apartados 15

1. Introdución

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuir á formación integral do alumno/a, desenvolvendo especialmente a súa capacidade trascendente, facilitándolle unha proposta de sentido para á súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.
É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte dende a infancia. Neta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o arrodea e a relacionarse con el. nestre proceso, desenvolvido no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese n camiño para a aprendizaxe. O sentido trascendente da vida, capacidade básica do individuo, está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propia de cada idade, nos símbolos e sgnos da súa contorna, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolveran todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa a capacidade trascendente. O ensino relixioso pretende contribuír así á calidade da educación, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currrículo.
Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución Española está garantida actualmente polo Acordo subscrito entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan òsible as garantías constitucionais.
O ensino relixioso católico na Educación Infantil, parte da experiencia do neno/a de 3 a 6 en referencia a tres grandes áreas.
A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.
Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.
- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.
- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.
- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.
- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticos gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Deus é noso Pai		6	X		
2	O Nacimento de Xesús		8	X		
3	Xesús é o meu amigo		5		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Semama Santa		6		X	
5	María nai de Xesús		5			X
6	A Igrexa casa de todos		5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Deus é noso Pai	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros	
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.

Contidos
- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - Identidade cristiá e contorna social.

UD	Título da UD	Duración
2	O Nacimento de Xesús	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (igrexa, escultura)	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.

Contidos
- A oración de Xesús.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús é o meu amigo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	TI
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece a Xesús como modelo de amizade	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
4	Semama Santa	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Axuda a xerar espazos pacíficos baseados na figura de Xesús.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebración da Pascua cristiá	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

UD	Título da UD	Duración
5	María nai de Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	TI
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa casa de todos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...)	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - A vida cristiá en comunidade. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.
Para a atención personalizada , na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal.
Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.
A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.
A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.
Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria,
imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil
Materiais para producción artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Imaxes de distintas producción artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura)
Monicreques
Materiais audiovisuais

Os materiais para producción artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.
Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.
Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou perxonases dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades
Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.
Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na evaluación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecimento.
Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as conductas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.
Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.
A diversidade de actividades, materais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.
Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.
- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades
específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.
- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.
- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.
- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X					
ET.4 - Educación para a sostenibilidade e a ecoloxía	X		X			
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X			
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.		X	

Observacións:

Para o presente curso escolar non se programan actividades complmentarias específicas para a área de relixión (agás o belén), mais participaremos e colaboraremos de forma activa, dentro das posibilidades, en todas aquelas programadas pola biblioteca escolar , o equipo de actividades extraescolares ou calquera outro dos equipos do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.

Metodoloxía empregada
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Vinculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Clima de traballo na aula
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Outros
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.
Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A LOMLOE establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.
Ao ser unha avaliación continua lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:
* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de Educación Infantil.
* e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que a mestra saiba si pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI	CASE SEMPRE	CASE NUNCA	NON	PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente
- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Adquisición dos alumnos dos contidos da área programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
* Aos alumnos.
* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade
- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplícanse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados

1. Concrecións dos diferentes plans do centro (convivencia, TIC, plan lector)

Buscaremos un ambiente educativo de auténtica convivencia, co obxectivo primordial de crear un clima de respecto e harmonía, que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respectados, proxectando no alumnado valores cristiáns e humanos de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia.
No marco do plan global dixital de centro sobre as tecnoloxías da información e da comunicación, integrar as TIC no proceso educativo é unha aposta ineludible. Por iso estas serán incorporados na práctica da aula.
A lectura de textos é unha práctica común e habitual da clase de relixión. Non en va é a Biblia un piar de referencia da asignatura. Serán asimesmo lidos na clase contos sobre valores, revistas misioneiras, prensa diaria e revistas de variadas materias.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 72

4.2. Materiais e recursos didácticos 75

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 76

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 77

6. Medidas de atención á diversidade 77

7.1. Concreción dos elementos transversais 78

7.2. Actividades complementarias 79

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 80

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 81

9. Outros apartados 81

1. Introdución

Esta programación didáctica planifica unha proposta globalizada das tres áreas de educación infantil:

- Comunicación e Representación da Realidade (CRR).
- Crecemento en Harmonía (CH).
- Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC).

Para a súa elaboración se ten en conta o marco normativo que regula o currículo da etapa:

- O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

A programación divídese en 7 unidades didácticas (UD):

- 6 UD secuenciais . En cada trimestre están plantexadas 2 unidades didácticas cun obxectivo diferente (aínda que se denominan secuenciais, en cada trimestre impartiranse combinadas no tempo xa que as UD de tipo artístico vinculadas coas festas tradicionais se impartirán arredor das datas das celebración de cada trimestre):

a) UD de investigación onde se propoñen actividades variadas relacionadas co eixe temático de cada trimestre:

- 1º trimestre: o mundo que nos rodea (coñecer como é a sociedade, as civilizacións, as diferenzas entre a contorna na que se vive e outras contornas máis afastadas).
- 2º trimestre: o mundo animal (coñecer as características da fauna tanto da contorna próxima como doutras partes do mundo; desenvolver actitude de respecto cara os animais).
- 3º trimestre: o mundo vexetal (coñecer o mundo verde: prantas, flores, vexetais, froitas; desenvolver actitude de coidado do medio ambiente).

b) UD creativa e artística para abordar as festas tradicionais de cada trimestre con traballos que sirvan para explorar a creatividade e a expresión artística do alumnado.

- 1 UD transversal. Impartirase durante todo o curso para reforzar a educación en valores como a igualdade, a non discriminación, a tolerancia..., a implementación de rutinas do día a día, a aprendizaxe de normas e hábitos sociais ou a xestión das emocións.

Respecto ás características do centro, destácanse estes datos por ter relevancia na posta en práctica desta programación:

a) Trátase dun CEIP dunha liña nas dúas etapas con varias aulas mixtas. Unha destas aulas é a de infantil que conta con 7 nenos/as de 4º, 4 de 5º e 1 de 6º. Isto permite que traballemos con grupos interniveis colaborativos en diferentes actividades organizadas pola biblioteca como poden ser apa-amadriñamentos lectores, toma de decisións e organización de festivais, etc.

b) Está situado en Maniños, zona rural de Fene, poboación costeira. Aínda que a nosa contorna conta con zonas verdes e nos desplazamos andando a lugares próximos da vila, non sempre é posible e temos que contratar transporte, que ás veces é inviable para realizar algunhas actividades extraescolares.

c) O centro dispón dunha biblioteca deseñada con mobiliario apropiado tanto para o alumnado de educación infantil como de educación primaria, o cal permite combinar as clases na aula ordinaria con clases empregando a biblioteca. Tamén dispón no espazo exterior dunha zona de horta e bosque.

c) As persoas especialistas de música, educación física e inglés de educación primaria dispoñen de horario para poder apoiar o labor docente (ver aclaración no apartado 9 da programación)

A programación didáctica estará en continua revisión para modificar ou adaptar aqueles aspectos, tanto no curso actual como de cara a vindeiros cursos, que poidan mellora o proceso de ensino e aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1		1	
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1	1		
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1			1		
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1	1	1

Descrición:

Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia, aliñados co marco normativo e pedagóxico establecido, buscan garantir que os nenos e nenas adquiran habilidades, coñecementos e valores que faciliten o seu desenvolvemento cognitivo, social, emocional e físico. Algúns destes obxectivos inclúen:
- Desenvolvemento dá autonomía persoal: Fomentar a adquisición de habilidades que permitan ao alumnado gañar independencia, como o autocuidado, a alimentación e a hixiene.
- Socialización e integración: Promover a capacidade de establecer relacións positivas con outros nenos e adultos, favorecendo a convivencia e o respecto pola diversidade.
- Comunicación e linguaxe: Potenciar o uso da lingua oral e a comprensión verbal para que os nenos comuníquense de maneira eficaz e adquiran as bases da lectoescritura.
- Exploración e coñecemento do mundo: Impulsar a curiosidade pola contorna natural e social, estimulando o interese por descubrir, experimentar e resolver problemas.
- Creatividade e expresión artística: Fomentar a expresión creativa a través de diferentes formas artísticas como o debuxo, a música e o movemento.
Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia están deseñados para proporcionar un marco pedagóxico integral que impulse o desenvolvemento de competencias fundamentais nos nenos, preparándoos para etapas posteriores da aprendizaxe e para a súa plena integración na sociedade.
Estes obxectivos non só promoven un crecemento equilibrado do neno, senón que tamén contribúen ao desenvolvemento de competencias clave que serán fundamentais ao longo da súa vida educativa e persoal e que podemos atopar neste apartado.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo no que vivimos	Esta unidade didáctica ten como eixe temático o coñecemento da contorna e do mundo. Proporanse actividades de exploración e investigación sobre as civilizacións, as viaxes, a cidade, etc. co obxectivo de que o alumnado entenda como é o mundo no que vivimos.	213	X		
2	Artellando	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións das festas tradicionais do primeiro trimestre: magosto, samaín e, especialmente nadal. Potenciaranse os traballos máis creativos e as formas de expresión plástica, musical e audiovisual.	75	X		
3	Que animalada!	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo animal e todos os aspectos que poden estar relacionados. As actividades neste trimestre terán como nexo o coñecemento da fauna da contorna próxima, da súa importancia no ecosistema, así como de coñecer animais doutras partes do mundo (isto permitirá relacionar esta temática coa temática da UD1).	140		X	
4	Festa rachada	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coa celebración do Entroido no segundo trimestre. Abordaranse os costumes e as tradicións típicas do entroido a través da gastronomía, da preparación do desfile etc.)	48		X	
5	Cos pés na terra	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo vexetal: todas as plantas, flores, vexetais, froitas. Esta UD permitirá relacionar o mundo vexetal coas aprendizaxes da UD1 e UD3: profesión asociadas, importancia da flora na sociedade e no ecosistema, a convivencia da flora e da fauna etc.	124			X
6	O poder das palabras	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións do día do libro (23 de abril) e do día das letras galegas (17 de maio). As actividades porán o foco na literatura e lingua galega, así como nos hábitos de lectura e de percibir a lectura como unha forma de ocio importante para o desenvolvemento persoal.	40			X
7	Xuntos máis fortes	Esta unidade didáctica é transversal e está plantexada para impartirse durante todo o ano. Traballarase de xeito paralelo co resto de unidades didácticas dada a súa importancia no proceso educativo das nenas e dos nenos xa que pretende traballar aspectos das relacións sociais (xestión de conflitos, de emocións, relaxación, dinámicas de cohesión de grupo...), de autocoñecemento (autorregulación emocional...), de rutinas de aula (asemblea, encargados, tarefas diarias como recoller a aula, limpar...).	200	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo no que vivimos	213

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.		TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.		
CA1.1.1. - Participar espontáneamente en situacións comunicativas de diverso tipo levadas a cabo na aula, tanto con adultos e con iguais, respectando turnos de palabra e diferencias individuais.	Participa de maneira espontánea en situacións comunicativas.	
CA1.1.1. - Facer series, comparacións e e agrupacións de elementos atendendo ás súas cualidades e atributos físicos.	Realiza series , comparacións e agrupacións en base a un atributo.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen		
CA1.3.1. - Recoñecer as percepcións sensoriais extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen.	Identifica algúns estímulos sensoriais externos captados a través dos sentidos: texturas, cores, olores, sons.	
CA1.3.2. - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas verbalizando as sensacións que producen.	Identifica algunhas sensacións internas que experimentan a través dos sentidos corporais relacionados co equilibrio e a postura.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.		
CA1.4.1. - Identificar algúns elementos xeométricos básicos, facendo relacións con elementos da súa contorna.	Identifica algunhas figuras xeométricas básicas (círculo, cadrado, triángulo).	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.		
CA1.8.1. - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas (antes, despois...) ordenando temporalmente feitos referidos ás rutinas e actividades da escola.	Emprega correctamente as nocións antes-despois en relación ás rutinas da aula e momentos da xornada escolar.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		
CA2.3.1. - Participar en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo, axustando progresivamente as súas interaccións cos iguais.	Participa nalgún momento de xogo dirixido e espontáneo axustando progresivamente a súa interacción.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.		
CA2.7.1. - Participar en situacións comunicativas en lingua estranxeira a través de xogos, cancións...	Participa en xogos e cancións en lingua extranxeira.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.		
CA3.3.1. - Identificar as características dos elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	Identifica os elementos naturais imprescindibles na vida das persoas: vexetación , animais, auga, aire, sol e identifica a lo menos unha característica de cada un deles.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.		
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.		
CA3.4.1. - Realizar actividades relacionadas co autocoidado desenvolvendo progresivamente confianza na súa realización	Realiza nalgunas actividades relacionadas co autocoidado.	
CA3.4.1. - Descubrir e recoñecer elementos senlleiros do patrimonio natural da súa contorna.	Recoñece e nomea algún dos elementos do patrimonio natural do seu pobo traballados na aula.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.		
CA3.5.1. - Identificar características básicas dos seres vivos máis próximos a eles e as súas diferencias cos seres inertes.	Nomea algunha diferencia e algunha similitude entre os seres vivos e os inertes e algunha das súas características.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.		
CA4.4.1. - Coñecer e identificar servizos públicos básicos para a vida en sociedade valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica algún servizo básicos para a vida en sociedade da súa contorna.	
CA4.4.2. - Coñecer e identificar algunhas organizacións e institucións de axuda á sociedade valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica algunha organización da súa contorna de axuda á sociedade.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.		
CA5.3.1. - Gozar compartindo a escoita de textos literarios.	Goza na escoita de contos.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe sons e identifica algún deles.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora as posibilidades expresivas do seu corpo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA1.8.1. - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas (antes, despois...) ordenando temporalmente feitos referidos ás rutinas e actividades da escola.	Emprega correctamente as nocións antes-despois en relación as rutinas da aula e momentos da xornada escolar.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Usa as dúas linguas cooficiais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		
CA2.3.1. - Participar en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo, axustando progresivamente as súas interaccións cos iguais.	Participa nalgúns xogos dirixidos e espontáneos axustando progresivamente a súa interacción.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.		
CA2.7.1. - Adaptar os seus intereses e preferencias ás actividades levadas a cabo na aula.	Amósase flexible para adaptarse ás distintas actividades.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.		
CA3.2.1. - Ser quen de comprender mensaxes e identificar as intencións comunicativas dos demais.	Comprende mensaxes emitidas por outras persoas.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.		
CA3.6.1. - Explorar as posibilidades comunicativas que ofrece a combinación da linguaxe oral con outras linguaxes.	Xoga coa linguaxe oral e outras linguaxes.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.		
CA4.1.1. - Amosar iniciativa na realización de encargos e tarefas confiando nas súas posibilidades	Amosa iniciativa e autonomía realizando tarefas sen que se lles dea a orde explícita.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.		
CA4.5.1. - Explorar as posibilidades comunicativas que ofrece a combinación da linguaxe escrita con outras linguaxes.	Xoga coa linguaxe oral e outras linguaxes.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.		
CA4.6.2. - Identificar algúns dos seus personaxes máis relevantes do patrimonio cultural de Galicia.	Identifica á persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.		
CA4.8.1. - Mostrar interese por coñecer e participar nas diferentes costumes e tradicións presentes na contorna valorándoas e gozando delas	Participa nalgún evento ou celebración cultural presentes na súa contorna programada na escola.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificas algunhas característica dalgún texto.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.		
CA5.4.1. - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Aporta algunha opinión nas actividades e conversas realizadas tras a lectura de textos literarios coa axuda da mestra.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.		
CA6.5.1. - Ser quen de verbalizar gustos, preferencias e opinións sobre distintas propostas musicais (bailes, cancións, ritmos...).	Da opinións sobre as propostas musicais que lle gustan e as que non.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.

Contidos
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números¿ - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.

UD	Título da UD	Duración
7	Xuntos máis fortes	200

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións		TI
CA1.4.1. - Construír unha imaxe propia positiva experimentando paulatinamente para coñecer as súas posibilidades e limitacións, mostrando confianza nas tarefas cotiás e ao enfrentarse a novas situacións.	Amosa confianza en sí mesmo/a na realización de tarefas cunha actitude positiva cara sí mesmo/a, aceptando limitacións e valorando puntos fortes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.		
CA2.1.1. - Identificar e manifestar os propios sentimentos, emocións e vivencias.	Identifica e manifesta sentimentos de tristeza, dor e alegría.	
CA2.1.2. - Identificar diferentes sentimentos e emocións nos demais, mostrando interese por coñecer como se senten.	Identifica sentimentos de tristeza e dor nos demais e tenta axudar.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.		
CA2.4.1. - Verbalizar as súas necesidades e sentimentos, progresando no control dos impulsos.	Expresa as súas necesidades e sentimentos básicos: fame, frío- calor, dor.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.		
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.		
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.		
CA2.5.1. - Manifestar interese por comunicarse coas demais persoas a través da fala empregando algunhas expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega expresións de convencións sociais básicas (grazas, por favor, ...)	
CA2.5.1. - Responder de forma cada vez máis autónoma aos retos que se lle propoñen.	Ten iniciativa e leva a cabo tarefas sen necesidade de que a mestra indique todos os pasos.	
CA2.5.1. - Avanzar nun control progresivo de tolerancia á frustración ante situacións novas e descoñecidas.	Pide axuda cando o precisa e reflexiona, con axuda da mestra, sobre as súas reaccións emocionais.	
CA2.5.2. - Adaptar o seu comportamento ás diferentes situacións que se poden dar na escola.	Adapta o seu comportamento ás situacións que se dan na escola.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.		
CA2.6.1. - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás.	Pide e ofrece axuda.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.		
CA3.1.1. - Mostrar unha actitude de respecto, coidado e protección cara o medio natural e animal máis próximo á súa contorna a través de hábitos e rutinas da aula e do centro.	Participa nalgunhas actividades realizadas na aula e o centro para coidar o medio natural e animal.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.		
CA3.2.1. - Recoñecer hábitos saudables (durmir, hixiene tanto no espazo da aula como do propio corpo, beber auga, facer exercicio, alimentación sa...)	Recoñece algún hábito saudable.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Identifica algunha acción que pode danar o medio ambiente e os animais.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.		
CA4.1.1. - Identificar o seu núcleo familiar e ser quen de explicalo aos iguais valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen.	Explica aos demais a relación cos membros da súa familia máis próxima.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.		
CA4.2.1. - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Comunícase de xeito efectivo co grupo de iguais e mantén relacións positivas tanto co grupo como coa mestra.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.		
CA4.3.1. - Participar en xogos e actividades colectivas, relacionándose cos demais con respecto evitando actitudes discriminatorias.	Recoñece algún hábito saudable.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.		
CA4.5.1. - Reproducir, a través do xogo simbólico cos iguais, accións, condutas e situacións diversas, desfrutando do xogo en si.	Xoga cos iguais e reproduce situacións ou condutas.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.		
CA4.6.1. - Mostrar interese por participar en conversas sobre as normas sociais e de convivencia.	Verbaliza o seu punto de vista sobre as normas sociais e de convivencia en algunha das conversas levadas a cabo na aula sobre este tema.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.		
CA4.7.1. - Colaborar en la resolución de pequenos conflitos cunha actitude positiva.	Participa en situacións de resolución de conflitos aportando o seu punto de vista ou opinión e escoitando a do outro.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.		
CA6.3.1. - Respectar as producións musicais dos demais, amosando unha progresiva empatía.	Respecta as producións musicais dos demais .	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.		
CA7.5.1. - Respectar as producións plásticas dos demais, amosando unha progresiva empatía.	Respecta as producións plásticas dos demais .	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.		
CA8.3.1. - Respectar a expresión corporal e dramática dos demais, amosando unha progresiva empatía.	Respecta a expresión corporal dos demais .	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.

Contidos
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Relacións de parentesco. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá. - Respecto polas producións alleas. - Respecto cara ás producións alleas. - Respecto cara ás producións alleas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación combina e relaciona as aprendizaxes do currículo das tres áreas planificando 7 unidades didácticas, deseñadas dun xeito aberto e amplo para dar cabida a diferentes propostas globalizadas de aprendizaxe, que sexan estimulantes e con interese para o grupo de alumnado en cada momento do curso. Deste modo, para cada un dos trimestres plantéxanse tres unidades didácticas:
Dúas unidades didácticas diferentes en cada trimestre cada unha delas cun obxectivo diferente:

- Unidades didácticas de investigación (UD1, UD3 e UD5): presenta a oportunidade de conectar cos intereses reais das nenas e dos nenos a través da elaboración de proxectos ou pequenas investigacións sobre diversas temáticas, permitindo afondar nas mesmas en función das características persoais do alumnado.
- Unidades didácticas "creativa e artística" (UD2, UD4 e UD6): orientada ás festividades, conmemoracións, acontecementos especiais, festas tradicionais, etc. que teñen lugar durante o curso escolar, abordándoa desde unha perspectiva lúdica e creativa e cun enfoque artístico.

E unha unidade didáctica transversal (UD7) durante todo o curso que aborda aspectos relacionados coa educación emocional e a dimensión social que raramente van desconectados do quefacer diario da aula.
Polo tanto en cada trimestre impartiranse tres unidades:

- 1º trimestre: UD1, UD2 e UD7
- 2º trimestre: UD3, UD4 e UD7
- 3º trimestre: UD5, UD6 e UD7

De xeito xeral, teranse en conta estes aspectos no deseño das actividades propostas en cada unidade didáctica:

- Darase moita importancia á afectividade: as nenas e os nenos deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- O papel da mestra ou mestre será a de guía, animadora e de apoio e acompañante no proceso de aprendizaxe. Así todas as propostas estarán centradas no alumnado e a mestra ou mestre axudará a que as nenas e nenos procedan por si mesmos e aprendan a través das propostas e dos materiais e tamén a través das observacións entre elas e eles.
- Fomentarase un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización.
- Favorecerase que o alumnado exprese libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e por iso débense crear as condicións para que sexa escoitado, aceptado e respectadas nas súas diferencias (fundamentalmente a través das asembleas e círculos).

- Valorarase o erro como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.
- O ambiente de aprendizaxe será amable e agradable, cómodo e seguro, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relación coas persoas e cos obxectos.

Como indicacións particulares respecto a cada unha das áreas, destácanse as principais liñas de actuación:
Área de Comunicación e Representación da Realidade (CRR):

- Crearanse as condicións necesarias para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen primar ningunha por enriba das demais.
- Favorecerase un vínculo de apego seguro, e para elo a mestra ou mestre debe acoller afectuosamente as mensaxes do alumnado e ofrecer contacto físico cálido e atención plena.
- Crearase un ambiente de comunicación pracenteiro para as nenas e nenos: oferta de modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria; a persoa docente deberá coidar as súas intervencións.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe que favorezan a transferencia entre as diversas linguaxes e formas de comunicación e expresión e que poñan ao alcance do alumnado variedade de técnicas, recursos e materiais.
- Favoreceranse propostas de aprendizaxe nas que convivan a linguaxe musical e a corporal, así como a expresión visual e plástica, e unha introdución natural e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital.
- Darase moita importancia á comunicación oral (intercambios orais variados para que as nenas e nenos avancen na escoita activa, establecemento de quendas de intervención, construción de discursos cada vez máis coherentes, emprego de fórmulas de cortesía, etc.).
- Empregaranse as diferentes linguas nestes intercambios orais, con especial énfase nas da propia contorna. Estas linguas incorporaranse nas rutinas cotiás, nos xogos, en cancións..., o que permitirá unha inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos.
- No referente á aproximación a lingua escrita, favorecerase o contacto con diferentes tipos de textos e porase especial énfase no aspecto funcional do código escrito (nos prerrequisitos necesarios para o acceso a esta linguaxe: coordinación óculo - manual, fortalecemento da musculatura da man, interiorización da direccionalidade dereita-esquerda, concienciación fonolóxica, memoria auditiva, etc.)
- Resaltarase o valor da biblioteca, tanto a biblioteca do centro como a propia da aula, para achegarlles o mundo literario, como fonte de información e como un espazo máis onde desenvolver a creatividade.

Área de Crecemento en Harmonía (CH):

- Respectaranse os ritmos e as características individuais de cada alumna e alumnado.
- Proporanse proposta de aprendizaxe motivadoras que partan dos coñecementos e experiencias previas do alumnado e nas que valoren os propios logros. Deste modo garantirase a significatividade das aprendizaxes e a funcionalidade do que van aprender.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións (as propostas desenvolverán aspectos motrices que favorezan a autonomía; a participación en xogos e actividades psicomotrices, pero sempre atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado; a capacidade de aprender por si mesmos; a promoción do en equipo; e actividades que potencien a curiosidade, a creatividade e a sensibilidade).
- Aproveitaranse as rutinas e outras actividades cotiás como momentos significativos favorecedores do traballo globalizado, incorporando a verbalización das accións coa finalidade de interiorizar as secuencias e iniciar hábitos saudables e de autocoidado.
- Empregarase o xogo simbólico para recrear situacións da vida cotiá buscando as interaccións cos demais, desde a participación, a colaboración, a empatía e a interacción positiva.

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC):

- Procuraranse ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación e o emprego dunha metodoloxía activa.
- Aproveitarse a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que lle rodea.
- Contextualizaranse as propostas de aprendizaxe a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade.
- Promoverase o emprego de nocións matemáticas, espaciais e temporais, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e o método científico.
- Favorecerase a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas dun xeito progresivamente creativo e autónomo, onde se desenvolva tanto a capacidade de aprender por si mesmos como o traballo en equipo.

- Favorecerase un achegamento á contorna máis próxima fomentando a súa exploración activa e o seu coñecemento, pero tamén dando cabida ao descubrimento daquela realidade algo máis afastada a través de experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecelas.
- Promoverase o coñecemento dos elementos propios da cultura galega, pero tamén doutras, sempre desde unha perspectiva aberta e con actitudes de respecto e de aprecio.

Agrupamentos
Para levar a cabo diversas propostas e actividades deseñades, estableceremos distintos tipos de agrupamento, favorecendo así a atención á diversidade do alumnado:

- Gran grupo, procurando un espazo amplo que permita unirnos, escoitarnos, vernos e compartir. Este agrupamento será especialmente favorecedor nas asembleas, conversas, presentación de materiais ou propostas, dinámicas de grupo e círculos proactivos, lectura grupal de contos ou outros textos literarios, xogos en gran grupo, sesións de psicomotricidade, xogos e actividades musicais (como danzas, bailes, actividades de ritmos...).
- Pequeno grupo ou parellas, que sirva tanto para encontros casuais como intencionais. Este tipo de agrupamento empregarase en xogos de mesa, xogo simbólico, actividades deseñadas nos diferentes ambientes da aula (espazos ou recantos), pequenas tarefas de investigación, propostas sensoriais e manipulativas, actividades colaborativas e cooperativas...

Darase un tempo na xornada diaria que favoreza o pequeno grupo ou as parellas dun xeito natural, onde as nenas e nenas libremente poidan realizar as propostas de aprendizaxe, favorecendo deste modo a axuda mutua e o proceso de imitación que tan importante é na aprendizaxe nesta etapa.

- Procuraranse momentos e espazos para estar sos destinados á relaxación, a tranquilidade, o descanso, o soño, o pensamento... Estes momentos poderán ser dirixidos, sobre todo en propostas que requiran dunha maior concentración e atención ou dunha guía máis estruturada por parte da mestra ou mestre. Ou tamén poderán xurdir dun xeito natural durante a xornada diaria, xa que as crianzas poden precisar de tempos de calma sen que estean previamente programados nun momento determinado.

Espazos:

- Empregarase a aula de referencia pero tamén se empregarán de forma habitual outros espazos do centro como a biblioteca, a zona de horta escolar, aula de música ou o ximnasio.
- A aula de referencia está distribuída por ambientes de aprendizaxe, tentando manter a conexión entre todos eles. Os materiais están dispostos de xeito que favorecen a autonomía e a libre elección por parte do alumnado
- O deseño dos espazos debe favorecer os tipos de agrupamentos dun xeito cómodó.
- Coidarase de que o material sempre estea ben presentado e invite tanto ao seu uso como a súa recollida posterior.
- Priorizaranse cores neutras e naturais na decoración da aula, sen sobrecargar o ambiente de estímulos visuais excesivos.

Aspectos a ter en conta no deseño das propostas de aprendizaxe:

- Flexibilidade: organización flexible dos espazos e do tempo, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.
- Ambiente de calma e tranquilidade: planificados desde unha perspectiva de calma e tranquilidade, afastada da aceleración e poñendo o énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos ou resultados obtidos.
- Combinación de tempos:

a) combinaranse tempos de rutinas con tempos destinados a outras actividades específicas (relacionadas coa vida cotiá e con propostas que favorezan a adquisición das aprendizaxes máis curriculares), sempre respectando as características e necesidades de cada un das crianzas.
b) combinaranse momentos onde teñan cabida as necesidades de movemento das nenas e nenos e os tempos de contacto coa natureza nos espazos exteriores
c) intercalarase actividades máis libres e autónomas con outras máis guiadas pola mestra ou mestre.
d) combinaranse momentos de xogos grupais e individuais cos agrupamentos libres e cos organizados pola persoa docente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible (pinturas, papeis, cartolinas, pegamento...)
Material sensorial (xogos sensoriais, mesa de luz e materiais para empregala, caixas de area...)
Material de expresión artística (utiles diversos, pinturas, arxila...)
Material de psicomotricidade (colchonetas, módulos de gomaespuma, cordas, aros, pelotas...)
Material non estructurado (de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...)
Material de construción (cartóns, tubos, bloques...)
Material lóxico-matemático (regretas, policubos, bloques lóxicos, tangram, ábacos...)
Material de lectoescritura e concienciación fonolóxica (alfabetos móviles, letras de lixa, caixas de sons...)
Materiais e instrumentos musicais (tambores, maracas, pandeiros...)
Material de xogo simbólico (bonecas, vaixela, tendais e pinzas...)
Ferramentas tecnolóxicas (ordenador de aula, tableta de aula, proxector, escornabot...)
Recursos dixitais (vídeos educativos ou de temáticas diversas relacionados cos proxectos en curso, aula virtual)
Recursos impresos (contos e libros diversos, fotocopias...)

A aula conta con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado e, a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades.
Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos ollos e das mans, precisando andeis baixos e accesibles.
Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida e facilitarase o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas,... Ademais, rotaranse e/ou cambiaranse periodicamente.
O material que se emprega nunha aula de infantil pode ser tanto e tan diverso que o organizamos por categorías para facilitar a súa enumeración. Cómpre indicar que o material dunha categoría pode formar parte doutras categorías, pero para evitar repeticións indícase soamente nunha delas:

- Material funxible: material que se vai gastando co uso como pegamentos, gomas de borrar, lapis de cores, papeis de todo tipo: charol, pinocho, seda...,
- Material sensorial: material para estimular os cinco sentidos e realizar propostas sensitivas como mesas de luz e retroproxectores, caixas de luz e o material para empregalas, caixas de area, sacos de pesos, torre rosa, bloques de cilindros, tabletas de cores, caixas de teas...
- Material de expresión artística: materiais para as propostas artísticas como tesoiras, troqueles, materiais para traballar o barro, tales como moldes e ferramentas... arxila, pasta de papel, barro, pinturas diversas: témperas, acuarelas, ceras, rotuladores...
- Material de psicomotricidade: material para sesións de psicomotricidade como bloques de gomaespuma, colchonetas, bancos, escaleira de braquiación, pelotas, aros, cordas, teas...
- Material non estruturado: resúmese como un caixón de sastre xa que engloba aquel material que se emprega nas aulas e que non ten cabida noutras categorías. Dentro desta categoría englobariamos o material de refugallo: tubos, cartóns, tapas...; elementos da natureza como pedras, palos, follas...; pezas soltas: botóns, tapas, botes, anacos de madeira...

- Material de construción: material creado especificamente para tal fin como xogos de construción, pezas de madeira... e tamén material doutros tipos que podemos empregar nas nosas construcións na aula: tubos e pranchas de cartón, botes de iogur...
- Material lóxico-matemático: material para traballar os conceptos matemáticos e a lóxica: xogos diversos, policubos, números de lixa, bloques lóxicos, dados, regretas, ábacos, tangrams...
- Material de lectoescritura e conciencia fonolóxica: materiais que axudan nas actividades de ensino-aprendizaxe relacionados coa lectoescritura e conciencia fonolóxica, tales como alfabetos móbiles, letras de lixa, tarxetas de imaxes, audios diversos...
- Materiais e instrumentos musicais: instrumentos musicais como xilófonos, pandeiros, crótalos... e tamén outros materiais que teñen un uso para fins musicais como lazos, vasos...
- Material de xogo simbólico; esta categoría é moi ampla xa que nas aulas de Infantil pode haber moito e variado material deste tipo, dende vaixela e louza para a cociña, como a propia cociña en sí, bebés e bonecas diversas con todos os seus complementos, ata disfraces e xogos diversos para recrear profesións diferentes.
- Ferramentas tecnolóxicas: ordenador para o uso docente e panel dixital, proxector, escornabots e beebots....
- Recursos dixitais: vídeos educativos de temáticas relacionadas coas unidades didácticas e aplicacións para realizar exercicios.
- Recursos impresos: materiais diversos como posibles traballos en papel realizados pola mestra e fotocopiados para a totalidade da clase, libros de consulta e de lectura, contos...

Cómpre tamén describir a importancia dos espazos polo seu carácter educativos e o seu uso como recursos para enriquecer as actividades e propostas das nosas unidades didácticas. Os espazos, tanto do centro como da propia contorna ou vila así como os servizos que esta ofrecen, serán un recurso moi potente para reforzar o traballo dos contidos e axudar no proceso de ensino e aprendizaxe.
As propostas da aula, tal e como se recolle no apartado de metodoloxía, serán activas e manipulativas, polo que todo o material non estruturado e que aporte a natureza será empregado ao longo de todo o curso en diferentes actividades plantexadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro para dispor de información sobre cada alumna e alumno de cara á sesión de avaliación inicial onde se tomarás decisións para a toma de medidas que favorezan a aprendizaxe de cada alumna ou alumno ou do grupo en xeral.
Tipo de información que se desexa obter de cada alumna ou alumno: neste curso, interesa especialmente observar o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades que presenta. Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida da aprendizaxe (para esta fin tomarase como referencia a programación do curso anterior para observar e avaliar os coñecementos do alumnado do grupo).
Técnicas e métodos que se pretenden desenvolver para a obtención de información:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.
- Observación e diagnóstico do estado físico, emocional.
- Observación sobre os coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Información aportada polas familias nos cursos anteriores.
- Análise e estudio das actas de avaliacións finais do curso anterior, informes da titora e outros posibles documentos de interese.

Unha vez feita a observación e recollidos os datos, analizaranse para realizar a avaliación do alumnado.
Na sesión de avaliación inicial, teranse en conta a análise aportada por todo o equipo docente do grupo para chegar a acordos de como adaptar a programación para atender as necesidades individuais do alumnado e do grupo.
No caso de alumnado que se matricula ao longo do curso escolar, realizarase a avaliación inicial nese momento, para o que será de axuda entrevistarse coa familia, falar coa persoa titora do centro do que ven (se é que estivo escolarizado). Unha vez feita a avaliación deste alumnado, realizaranse adaptacións oportunas.
En 5º curso observarase o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida. Tomando como referencia a programación do curso anterior observaremos e avaliaremos os coñecementos do alumnado do grupo

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

O alumnado recibirá unha cualificación cuantitativa global en cada área e tamén recibirá unha cualificación naqueles criterios de avaliación seleccionados en cada trimestre e na avaliación final como susceptibles de ser informados ás familias. O reparto dos criterios de avaliación nas UD e nos trimestres está plantexando de menos a máis, é dicir, hai un reparto progresivo tanto do logro que se pretende co CA (menor esixencia no 1º trimestre que no 3º) como no número de CA de cada trimestre (menor número de CA no 1º trimestre que no 3º trimestre dado que o alumnado debe ir progresado pouco a pouco).
A escala de estimación para valorar tanto a globalidade de cada área como os criterios de avaliación está formada por 3 categorías:

- Sen dificultade: a alumna ou o alumno ten pleno dominio do que o criterio recolle e superou o mínimo de consecución establecido para o mesmo.
- En proceso: a alumna ou o alumno realizou progresos na consecución do criterios de avaliación pero aínda non adquiriu o mínimo de consecución.
- Con dificultade: a alumna ou o alumno non adquiriu o mínimo de consecución nin fixo progreso na adquisición do criterio

Se algunha alumna ou alumno non logrou a cualificación de "Sen dificultade" nalgún criterio de avaliación do curso anterior, este será tido en conta pola mestra ou mestre para proceder ao reforzo das aprendizaxes vinculada a ese criterio.
Terase en conta que se un alumno ou alumna se avalía "En proceso" e, sobre todo, "Con dificultade" nun criterio de avaliación nalgún dos trimestres, deberá traballarse de xeito individualizado con esa alumna ou alumno para poder superar ese criterio de avaliación.
Se na avaliación final, algún criterio de avaliación segue a estar cualificado como "Con dificultade", terase en conta de cara a elaborar os informes de final de curso e de etapa.

Criterios de recuperación:

Este apartado non se aplica nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Para adecuar as medidas e accións educativas a cada alumna e alumno e cumprir cos principios de inclusión, igualdade e non discriminación prestarase atención a:

- A organización dos espazos de forma que cumpra criterios de accesibilidade.
- A adecuación dos tempos e rutinas en base ás necesidades do alumnado (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares. Se ben é certo que os tempos están condicionados polos tempos do centro educativo, débense respectar na aula os tempos individuais de cada nena e neno, adaptando as actividades ás súas capacidades e ritmos de aprendizaxe. Resulta tamén importante contar nas rutinas diarias con tempos de actividade e de descanso.
- A organización da aula por recunchos, espazos diferenciados e polivalentes, dotados dos materiais e dos recursos necesarios para as diferentes propostas de aprendizaxe. (Esta organización permite unha atención máis personalizada do alumnado e, polo tanto, adecuada ás súas necesidades, ao proceso de socialización en pequenos grupos e a ofrecer actividades máis afíns cos seus gustos e intereses).
- A aplicación dos principios do modelo DUA.
- A flexibilidade e accesibilidade de materiais: os materiais que se empreguen na aula deben ser o suficientemente flexibles no uso para poder dar resposta os obxectivos que pretendemos como a imaxinación, a espontaneidade e a creatividade do alumnado.
- O emprego de metodoloxías colaborativas e cooperativas e de metodoloxías de gamificación e xogo que favorezan a inclusión e unha aprendizaxe adaptadas aos ritmos psicoevolutivos.
- A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás

características de cada alumna e alumno.

- O emprego das TIC como elemento motivador para o alumnado (aplicacións para a estimulación da linguaxe, do razoamento ou da atención dunha forma divertida, motivadora e adaptable a todo o alumnado)
- A estimulación continua da iniciativa e do interese por aprender do alumnado.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
- A secuenciación das tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
- O traballo con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Intervir dende un enfoque multidisciplinar (titoría, departamento de orientación, familia ou titores legais, servizos sanitarios, servizos sociais, etc.).
- Colaboración co departamento de orientación sempre que sexa preciso.

Cando as medidas ordinarias non sexan suficiente, terase que contar co apoio do departamento de orientación e/ou mesmo coa intervención das especialidades de audición e linguaxe ou pedagoxía terapéutica, así como decidir a aplicación doutras medidas extraordinarias dependendo de cada caso. Destaca aquí a importancia da avaliación inicial do alumnado e da detección temperá das necesidades do alumnado.

Todas as medidas extraordinarias propostas deberán cumprir cos requisitos e co procedemento de autorización regulado na normativa de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo.							X
ET.2 - A coeducación e a igualdade.	X		X	X	X		X
ET.3 - As habilidades comunicativas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A nosa cultura.		X		X		X	
ET.5 - A creatividade e emprendemento.	X		X		X		
ET.6 - A educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable.			X		X		
ET.7 - O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional.							X
ET.8 - A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son abordados desde a complementariedade e a interdisciplinariedade, formando parte da propia dinámica do proceso de ensino e aprendizaxe.

- A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo. Promoverase a resolución pacífica e a través do diálogo dos conflitos que xurdan no grupo. Esta etapa educativa caracterízase polo egocentrismo como característica psicoevolutiva e polo o conflito cos demais como forma do proceso evolutivo. Este elemento transversal aplicarase, especialmente, a través do diálogo, nas asembleas, na resolución pacífica de conflitos, insistindo no respecto cara os demais e a un mesmo.
- A coeducación e igualdade. A igualdade de xénero é un aspecto de vital importancia para a sociedade na que vivimos e que debemos de abordar xa dende a educación infantil, cun trato igualitario nas nenas e nenos, co uso dunha linguaxe non sexista, así como visibilizando mulleres e homes que se dedican a oficios tradicionais e socialmente adxudicados a un ou outro sexo. Tamén é de interese abordar, a través do xogo simbólico, o uso das cores, e aproveitar as conversas ou as situacións que se poidan dar a nivel espontáneo na aula para fomentar o uso dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, así como a coeducación e a igualdade..
- As habilidades comunicativas. A comunicación é a base de intercambio do ser humano e son múltiples os sistemas de intercambio comunicativo que podemos empregar. Ser quen de expresar o que se quere dicir e entender correctamente o que se nos di é un elemento básico para unha convivencia pacífica e que evita problemas ou condutas non desexadas ao longo do tempo. Debemos abordar a comunicación oral a través de diálogos ou historias contadas polo alumnado. É importante dar tempo para que se expresen, conten e falen. . Tamén a expresión plástica, musical ou visual transmiten unha intención comunicativa que se abordará, especialmente, nas unidades didácticas referidas ás festas tradicionais.

- A nosa cultura. A través das festas tradicionais, da participación e da interacción nas mesmas darase a coñecer a cultura propia (de onde vimos e de onde somos). Cobra especial importancia a colaboración coas familias, a presenza das mesmas na aula para colaborar en distintas actividades, as asociacións da contorna próxima e as actividades complementarias
- A creatividade e o emprendemento. A creatividade será un aspecto artístico e estilístico na realización de actividades relacionadas coas diferentes linguaxes. Este elemento transversal tamén ten relación coa resolución de problemas e a consecución dunha maior autonomía na resposta ás distintas actividades.
- Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable. O coidado do medio ambiente trabállase mediante a adquisición de hábitos relacionados coa reciclaxe, a utilización axeitada dos recursos, a separación de residuos nas merendas, o coñecemento do mesmo e as problemáticas que afectan á súa conservación. Intégranse aquí a flora e a fauna, así como os aspectos relacionados co cambio climático.
- O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional. Apréndese a través da emoción, polo que debemos coidar o mundo emocional do alumnado, axudalo a recoñecer o que lle pasa nun momento determinado, poñéndolle nome e, pouco a pouco, ir superando determinadas situacións. É importante respectar as emocións dos demais e saber cando se molesta a alguén, así como pedir desculpas.
- A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable. Aplicarase por exemplo aproveitando as merendas do alumnado a media mañá, aprendendo a respectar tempos de actividade e descanso, na hixiene de mans, así como en nas unidades didácticas nos que se trate o coidado do corpo ou as institucións e especialistas que encargados do coidado da nosa saúde.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	Durante os proxectos que xurdan na aula os invitaremos a diferentes persoas para que actúen como experton na materia que estamos a traballar.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Contacontos	Convidarase a diferentes persoas a ler un conto ao alumnado. As persoas poderán ser tanto a familia, como alumnado de primaria ou outras persoas externas.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros,recollida de roupa ou tapóns,etc	X	X	X
Madriña/padriño de lectura	Cada alumna/o terá como madriña/padriño de lectura a un alumno do terceiro ciclo de educación primaria para facer tarefas conxuntas de hábitos de lectura.		X	X
Saída a un espazo natural da contorna próxima	Visitarase un espazo natural como complemento para coñecer un hábitat natural e poder coñecer a súa flora e fauna. Esta actividade complementa os eixos temáticos da UD2 e UD3.		X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Teatro, maios, correlingua....	Todas aquelas que xurdan durante o curso relaciondas na PXA	X	X	X

Observacións:
Además destas actividades complementarias directamente relacionadas co currículo das áreas de infantil, o alumnado tamén participará nas conmemoracións e actividades de centro elixidas dentro do curso escolar e recollidas na programación xeral anual, concretamente:

- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As temáticas elixidas para as unidades didácticas (sociedade, fauna, flora, festas tradicionais de cada trimestre) resultaron adecuadas aos intereses do alumnado.
Os elementos transversais seleccionados foron tratados no curso.
As actividades complementarias propostas foron apropiadas para a aprendizaxe do alumnado.
Metodoloxía empregada
A avaliación do alumnado permitiu axustar e adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe aos intereses do alumnado.
A metodoloxía (xogo, proxectos de investigación, traballo colaborativo) fomentou a curiosidade e facilitou a aprendizaxe significativa.
A combinación de tempos (rutinas-actividades curriculares-movemento-descanso-grupos-individualidade...) resultou adecuada para manter o interese pola aprendizaxe.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O deseño e a decoración da aula favoreceu distintos tipos de agrupamentos e un clima cálido e motivador de aprendizaxe.
Os recursos e os materiais empregados fomentaron o interese e a curiosidade no alumnado e foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas foron variadas e diferentes para adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento do alumnado.
As medidas de atención á diversidade adoptadas foron adecuadas para o alumnado.
Clima de traballo na aula
O clima da aula foi tranquilo, agradable e cómodo tanto para o alumnado como para a persoa docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O equipo docente do grupo colaborou, reuniuse cando se precisou e tomou decisións conxuntas sobre a aprendizaxe do alumnado.
As familias participaron nas actividades (actividades complementarias, reunións, titorías) que se lles propuseron

Descrición:

Empregaranse estes indicadores de logro como método de autoavaliación do proceso de ensino e de aprendizaxe. No seguimento final da programación, no final de curso, valorarase cada un destes indicadores de logro cunha escala de 3 ítems: alto, medio, baixo (a través da aplicación Proens). A información aportada servirá para revisar a programación didáctica e a práctica docente de cara a mellorar o proceso de ensino e de aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase a través da aplicación informática Proens, unha vez ao trimestre co obxecto de dispor de información para que sexa valorada e analizada polo equipo de ciclo. Ao finalizar o trimestre c, ompletarase a información do seguimento das UD coa data de finalización, as sesións reais realizadas, o grao de cumprimento respecto do planificado, así como as propostas para mellora a unidade didáctica.
No caso de producirse algunha desviación recollerase o motivo.
A información será valorada e analizada na reunión do equipo de ciclo de cara a tomar decisión de axuste do planificado durante o curso escolar e de ir propoñendo melloras para o vindeiro curso.

9. Outros apartados

1. Apoio no labor docente das/os especialista de primaria

Hai dispoñibilidade horaria no centro para que os especialistas de primaria apoien o labor docente:

- Mestra/e de lingua inglesa realizará unha aproximación á lingua estranxeira e plástica.
- Mestra/e de música terá especial relevancia nas UD 2, 4 e 6 nas que a música terá un protagonismo especial na preparación de actuacións para o festival de nadal ou do desfile de entroido.
- Mestra/e de edudación física terá especial relevancia nos aspectos relacionados co movemento, os hábitos de control do corpo e a educación para a saúde.

Todos colaborarán seguindo indicacións da/o titora e contextualizando a aprendizaxe na UD que se está a impartir nese momento.

2. Temporalización das unidades didácticas

O traballo globalizado dificulta establecer un número de sesións para cada UD. No reparto das 840 sesións que se deben impartir (24 sesións á semana) tense en conta:

- As datas das sesións de avaliación no centro. En torno a 14 semanas lectivas no 1º trimestre, 10 semanas no 2º trimestre e 12 semanas no 3º trimestre.
- A UD7 transversal calcúlase sobre tres semanas/ trimestre.
- A UD 2 ten 3 tres festas asociadas, unhas 3 semanas
- A UD 4 ao centrarse no entroido implicaría 2 semanas
- A UD 6 implicaría menos de 2 semanas

Partindo destes cálculos establécese a duración de cada UD, que debe entenderse como orientativa para a posta en práctica da programación.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 6

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 7

4.1. Concrecións metodolóxicas 72

4.2. Materiais e recursos didácticos 75

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 76

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 77

6. Medidas de atención á diversidade 77

7.1. Concreción dos elementos transversais 78

7.2. Actividades complementarias 79

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 80

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 81

9. Outros apartados 81

1. Introdución

Esta programación didáctica planifica unha proposta globalizada das tres áreas de educación infantil:

- Comunicación e Representación da Realidade (CRR).
- Crecemento en Harmonía (CH).
- Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC).

Para a súa elaboración se ten en conta o marco normativo que regula o currículo da etapa:

- O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

A programación divídese en 7 unidades didácticas (UD):

- 6 UD secuenciais . En cada trimestre están plantexadas 2 unidades didácticas cun obxectivo diferente (aínda que se denominan secuenciais, en cada trimestre impartiranse combinadas no tempo xa que as UD de tipo artístico vinculadas coas festas tradicionais se impartirán arredor das datas das celebración de cada trimestre):

a) UD de investigación onde se propoñen actividades variadas relacionadas co eixe temático de cada trimestre:

- 1º trimestre: o mundo que nos rodea (coñecer como é a sociedade, as civilizacións, as diferenzas entre a contorna na que se vive e outras contornas máis afastadas).
- 2º trimestre: o mundo animal (coñecer as características da fauna tanto da contorna próxima como doutras partes do mundo; desenvolver actitude de respecto cara os animais).
- 3º trimestre: o mundo vexetal (coñecer o mundo verde: prantas, flores, vexetais, froitas; desenvolver actitude de coidado do medio ambiente).

b) UD creativa e artística para abordar as festas tradicionais de cada trimestre con traballos que sirvan para explorar a creatividade e a expresión artística do alumnado.

- 1 UD transversal. Impartirase durante todo o curso para reforzar a educación en valores como a igualdade, a non discriminación, a tolerancia..., a implementación de rutinas do día a día, a aprendizaxe de normas e hábitos sociais ou a xestión das emocións.

Respecto ás características do centro, destácanse estes datos por ter relevancia na posta en práctica desta programación:

a) Trátase dun CEIP dunha liña nas dúas etapas con varias aulas mixtas. Unha destas aulas é a de infantil que conta con 7 nenos/as de 4º, 4 de 5º e 1 de 6º. Isto permite que traballemos con grupos interniveis colaborativos en diferentes actividades organizadas pola biblioteca como poden ser apa-amadriñamentos lectores, toma de decisións e organización de festivais, etc.

b) Está situado en Maniños, zona rural de Fene, poboación costeira. Aínda que a nosa contorna conta con zonas verdes e nos desplazamos andando a lugares próximos da vila, non sempre é posible e temos que contratar transporte, que ás veces é inviable para realizar algunhas actividades extraescolares.

c) O centro dispón dunha biblioteca deseñada con mobiliario apropiado tanto para o alumnado de educación infantil como de educación primaria, o cal permite combinar as clases na aula ordinaria con clases empregando a biblioteca. Tamén dispón no espazo exterior dunha zona de horta e bosque.

c) As persoas especialistas de música, educación física e inglés de educación primaria dispoñen de horario para poder apoiar o labor docente (ver aclaración no apartado 9 da programación)

A programación didáctica estará en continua revisión para modificar ou adaptar aqueles aspectos, tanto no curso actual como de cara a vindeiros cursos, que poidan mellora o proceso de ensino e aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1	1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1	1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1						1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1		1			
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1			1		
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.						1	1	1

Descrición:

Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia, aliñados co marco normativo e pedagóxico establecido, buscan garantir que os nenos e nenas adquiran habilidades, coñecementos e valores que faciliten o seu desenvolvemento cognitivo, social, emocional e físico. Algúns destes obxectivos inclúen:
- Desenvolvemento dá autonomía persoal: Fomentar a adquisición de habilidades que permitan ao alumnado gañar independencia, como o autocuidado, a alimentación e a hixiene.
- Socialización e integración: Promover a capacidade de establecer relacións positivas con outros nenos e adultos, favorecendo a convivencia e o respecto pola diversidade.
- Comunicación e linguaxe: Potenciar o uso da lingua oral e a comprensión verbal para que os nenos comuníquense de maneira eficaz e adquiran as bases da lectoescritura.
- Exploración e coñecemento do mundo: Impulsar a curiosidade pola contorna natural e social, estimulando o interese por descubrir, experimentar e resolver problemas.
- Creatividade e expresión artística: Fomentar a expresión creativa a través de diferentes formas artísticas como o debuxo, a música e o movemento.
Os obxectivos da Educación Infantil en Galicia están deseñados para proporcionar un marco pedagóxico integral que impulse o desenvolvemento de competencias fundamentais nos nenos, preparándoos para etapas posteriores da aprendizaxe e para a súa plena integración na sociedade.
Estes obxectivos non só promoven un crecemento equilibrado do neno, senón que tamén contribúen ao desenvolvemento de competencias clave que serán fundamentais ao longo da súa vida educativa e persoal e que podemos atopar neste apartado.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo no que vivimos	Esta unidade didáctica ten como eixe temático o coñecemento da contorna e do mundo. Proporanse actividades de exploración e investigación sobre as civilizacións, as viaxes, a cidade, etc. co obxectivo de que o alumnado entenda como é o mundo no que vivimos.	213	X		
2	Artellando	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións das festas tradicionais do primeiro trimestre: magosto, samaín e, especialmente nadal. Potenciaranse os traballos máis creativos e as formas de expresión plástica, musical e audiovisual.	75	X		
3	Que animalada!	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo animal e todos os aspectos que poden estar relacionados. As actividades neste trimestre terán como nexo o coñecemento da fauna da contorna próxima, da súa importancia no ecosistema, así como de coñecer animais doutras partes do mundo (isto permitirá relacionar esta temática coa temática da UD1).	140		X	
4	Festa rachada	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coa celebración do Entroido no segundo trimestre. Abordaranse os costumes e as tradicións típicas do entroido a través da gastronomía, da preparación dun desfile etc.)	48		X	
5	Cos pés na terra	Esta unidade de programación ten como eixe temático o mundo vexetal: todas as plantas, flores, vexetais, froitas. Esta UD permitirá relacionar o mundo vexetal coas aprendizaxes da UD1 e UD3: profesión asociadas, importancia da flora na sociedade e no ecosistema, a convivencia da flora e da fauna etc.	124			X
6	O poder das palabras	Esta unidade didáctica combina a creatividade e a expresión artística coas celebracións do día do libro (23 de abril) e do día das letras galegas (17 de maio). As actividades porán o foco na literatura e lingua galega, así como nos hábitos de lectura e de percibir a lectura como unha forma de ocio importante para o desenvolvemento persoal.	40			X
7	Xuntos máis fortes	Esta unidade didáctica é transversal e está plantexada para impartirse durante todo o ano. Traballarase de xeito paralelo co resto de unidades didácticas dada a súa importancia no proceso educativo das nenas e dos nenos xa que pretende traballar aspectos das relacións sociais (xestión de conflitos, de emocións, relaxación, dinámicas de cohesión de grupo...), de autocoñecemento (autorregulación emocional...), de rutinas de aula (asemblea, encargados, tarefas diarias como recoller a aula, limpar...).	200	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo no que vivimos	213

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Progresa no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións .	TI
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.		
CA1.5.1. - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos sobre as nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Aplica os seus coñecementos sobre nocións temporáis básicas.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa nas conversas relacionadas coas rutinas levadas a cabo na aula.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa en diferentes actividades e xogos de conciencia fonolóxica discriminando diferentes sons traballados.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.		
CA3.2.1. - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Establece relacións entre o medio natural e social.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.		
CA3.4.2. - Mostrar iniciativa nas actividades relacionadas co autocoidado mostrando confianza na súa realización.	Mostra iniciativa nalgunha actividade relacionada co autocoidado mostrando confianza na súa realización.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.5 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.		
CA3.5.1. - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás.	Respecta a secuencia temporal asociada a actividades cotiás.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Realiza grafismos suxeridos con precisión.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.		
CA4.4.1. - Coñecer e identificar servizos públicos básicos para a vida en sociedade valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece algúns servizos públicos para a vida en sociedade.	
CA4.4.2. - Coñecer e identificar algunhas organizacións e institucións de axuda á sociedade valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñece algunhas organizacións e institucións con función social.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios máis ou menos longos e desfruta compartindo este momento coas compañeiras.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe, identifica e discrimna algúns dos sons traballados.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.		
CA6.5.1. - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas propostas musicais (bailes, cancións, ritmos...), así como as emocións que lle producen.	Participa nas conversas sobre distintas propostas musicais, verbalizando algunha opinión sobre as mesmas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.		
CA7.4.1. - Verbalizar os seus gustos, preferencias e opinións sobre distintas propostas e obras artísticas, explicando as emocións que lle produce.	Participa nas conversas sobre distintas propostas e obras artísticas, verbalizando algunha opinión sobre as mesmas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.

Contidos
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.

Contidos
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.

UD	Título da UD	Duración
2	Artellando	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Coordina e controla o seu corpo, mostrando un variado repertorio motriz.	TI
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Emprega correctamente as nocións antes-despois en relación a feitos da súa propia vida.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.		
CA2.2.1. - Mostrar iniciativa na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá.	Mostra iniciativa na participación nalgún xogo e situación da vida cotiá.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece e nomea algúns dos elementos do patrimonio natural do seu pobo de da súa comunidade traballados na aula.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.		
CA4.5.1. - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións presentes na contorna gozando delas e valorándoas como sinais de identidade.	Participa en festas, costumes e tradicións presentes na contorna gozando delas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.		
CA4.8.1. - Mostrar interese por coñecer e participar nas diferentes costumes e tradicións presentes na contorna, valorándoas e gozando delas.	Mostra interese por coñecer as diferentes costumes e tradicións presentes na contorna.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.		
CA6.2.1. - Participar en diferentes propostas dramáticas e musicais explorando as posibilidades sonoras do corpo e da voz, de diferentes obxectos e instrumentos.	Participa nas propostas musicais nas que se desenvolve o descubrimento das posibilidades sonoras do corpo e da voz, de diferentes obxectos e instrumentos.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6.1. - Interpretar contos, poemas, creacións artísticas..., a través de actividades e propostas musicais (bailes, danzas, cancións, ritmos...), explorando as posibilidades expresivas que ofrece este linguaxe.	Participa na interpretación musicada de contos, poemas, creacións artísticas...	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.

UD	Título da UD	Duración
3	Que animalada!	140

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Fai uso dos cuantificadores básicos máis significativos.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Recoñece e representa o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes	
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Participa en conversas nas que comparte a súa interpretación de distintas representacións ou manifestacións artísticas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Usa un vocabulario topolóxico básico ao describir e representar a súa situación espacial.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Participa en contextos de xogo dirixido e espontáneo mostrando destrezas motoras.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.		
CA2.1.1. - Identificar as situacións cotiás en que é preciso medir e cuantificar utilizando materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Mide e cuantifica utiilzando algúns materiais.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		
CA2.3.1. - Participar en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo, axustando as súas posibilidades persoais nas interaccións cos iguais.	Participa en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa nas conversas relacionadas coas rutinas levadas a cabo na aula.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Recoñece accións para o coidado do medio naturas e os animais.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identifica as características máis significativas dos seres vivos e inertes.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.		
CA3.6.1. - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá	Resolve con iniciativa e autonomía algunhas actividades da vida cotiá.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.		
CA4.5.1. - Expresar mensaxes, de xeito escrito, facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita corporal).	Expresa de xeito escrito, a través de signos..., mensaxes interpretadas de outras linguaxes.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4.1. - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en conversas, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Fai aportacións nas situacións de intercambio comunicativo en grupo, guiado pola mestra, tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.		
CA5.5.2. - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre diferentes manifestacións artísticas relacionadas coa literatura.	Verbaliza se lle gusta ou non unha determinada manifestación artística relacionada coa literatura.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.		
CA6.4.1. - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de creacións e propostas musicais, gozando do proceso creativo.	Expresa, con axuda do adulto, algunhas emocións, ideas e pensamentos a través de creacións e propostas musicais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.		
CA7.3.1. - Expresar emocións, ideas e pensamentos mediante creacións e propostas plásticas, desenvolvendo progresivamente a súa creatividade.	Expresa, con axuda, emocións, ideas e pensamentos a través dalgunhas propostas plásticas.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.		
CA8.2.1. - Coordinar o seu movemento ao dos demais e ao espazo nas propostas de expresión corporal libre, amosando iniciativa.	Axusta o seu movemento ao dos demais e ao espazo nas propostas de expresión corporal libre.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.

Contidos
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Festa rachada	48

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.		TI
CA1.3.1. - Desfrutar trasmitindo ideas, emocións e pensamentos a través de diferentes manifestacións artísticas e culturais.	Fai creacións artísticas nas que transmite as súas ideas e pensamentos.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Diferencia punto e liña e recoñéceos na contorna.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Realiza algunha actividade baseada na metodoloxía STEAM relacionados co Entroido, coa axuda da persoa adulta.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.		
CA4.1.1. - Mostrar iniciativa na participación en xogos e nas diversas situación da vida cotiá manifestando sentimentos de seguridade persoal.	Mostra iniciativa na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Reproduce condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico identificando algún estereotipo.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.		
CA4.6.1. - Identificar algúns elementos propios do patrimonio cultural de Galicia.	Coñece algún elemento propio do patrimonio cultural galego.	
CA4.6.2. - Identificar algúns dos seus personaxes máis relevantes do patrimonio cultural de Galicia.	Recoñece a imaxe dalgún personaxe do entroido galego traballado na aula (Peliqueiro, Xenerais do Ulla,...).	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.		
CA4.8.1. - Mostrar interese por coñecer e participar nas diferentes costumes e tradicións presentes na contorna, valorándoas e gozando delas.	Mostra interese por coñecer e participar nas diferentes costumes e tradicións presentes na contorna, valorándoas.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.		
CA6.2.1. - Participar en diferentes propostas dramáticas e musicais explorando as posibilidades sonoras do corpo e da voz, de diferentes obxectos e instrumentos.	Participa nas propostas musicais nas que se desenvolve o descubrimento das posibilidades sonoras do corpo e da voz, de diferentes obxectos e instrumentos.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.6.1. - Interpretar contos, poemas, creacións artísticas..., a través de actividades e propostas musicais (bailes, danzas, cancións, ritmos...), explorando as posibilidades expresivas que ofrece este linguaxe.	Participa na interpretación musicada de contos, poemas, creacións artísticas...	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.		
CA7.1.1. - Recoñecer a función comunicativa da linguaxe plástica e visual, mostrando curiosidade por interpretar as mensaxes expresadas en diferentes formatos e soportes, incluído o dixital.	Amosa interese por interpretar, coa axuda do adulto, mensaxes expresadas en diferentes soportes.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.		
CA7.6.1. - Realizar creacións plásticas a partir de contos, poemas, pezas musicais..., explorando as posibilidades expresivas que ofrece a linguaxe plástica e visual.	Participa na realización de creacións plásticas a partir de contos, poemas, etc.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Axusta o seu movemento ao dos demais e ao espazo nas propostas de expresión corporal libre.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Habilidades do pensamento computacional. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.

Contidos
- Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Planificación da acción en producións plásticas. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

UD	Título da UD	Duración
5	Cos pés na terra	124

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e extereoceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen		TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.		
CA1.3.1. - Asociar as cantidades cos números, a través da contaxe, nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Conta e asocia cantidades e números.	
CA1.3.1. - Experimentar a través dos sentidos para coñecer calidades de distintos elementos.	Experimenta a través dos sentidos para coñecer calidades dalgún elemento.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Comunícase con outras persoas adaptándose a elas.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Identifica algunha situación cotiá na que é preciso ferramentas de medición (regra, vaso medidor...).	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.		
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.		
CA2.3.1. - Empregar o vocabulario propio das dúas linguas cooficiais aprendido, nas súas conversas espontáneas na aula.	Verbaliza, a petición da mestra, algunha pàlabra aprendida na aula das dúas linguas cooficiais.	
CA2.3.1. - Participar en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo, axustando as súas posibilidades persoais nas interaccións cos iguais.	Participa en diferentes momentos de xogo dirixido e espontáneo .	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.		
CA2.4.1. - Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos e materiais experimentando con eles para comprobar as súas hipóteses e iniciarse no método científico.	Experimenta cos obxectos e saca conclusións.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.		
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.		
CA2.6.1. - Programar secuencias de accións para a resolución de tarefas que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas do pensamento computacional.	Resolve tarefas utilizando algunha habilidade básica do pensamento computacional.	
CA2.6.2. - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna.	Fai achegas nas diferentes linguas empregadas na súa contorna nas diferenetes situacións de intercambio comunicativo realizadas na aula.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa nas conversas relacionadas coas rutinas levadas a cabo na aula.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresa inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción polos logros.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.		
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa en diferentes actividades e xogos de conciencia fonolóxica discriminando diferentes sons traballados.	
CA3.1.1. - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas na realización de tarefas de autocoidado e coidado da contorna, mostrando un control progresivo nas habilidades motrices de carácter fino...	Manexa diferentes obxectos, útiles e ferramentas na realización de tarefas de autocoidado e coidado da contorna.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Manifesta actitudes que reflicten a súa conciencia sobre a necesidade de facer un bo uso dos elementos naturais ((pechar billas, apagar luces...).	
CA2.1.1. - Identificar e verbalizar os sentimentos, vivencias e emocións, propios e dos demais cunha actitude de respecto e comprensión.	Identifica os sentimentos, vivencias e emocións, propios e dos demais.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3.1. - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas coa axuda da mestra/e.	Aplica algunha estratexia para canalizar a frustración ante as dificultades coa axuda da mestra/e.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega algunha convención social básica(saúdo, despedida, grazas, por favor...) cando se dirixe, a través da fala, ás demais persoas.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda en situacións cotiás.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.		
CA2.6.1. - Manifestar interese por coñecer outras linguas, etnias e culturas.	Participa en actividades nas que se introducen ou traballan outras etnias e culturas.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende e interpreta adecuadamente as mensaxes emitidas polos demais.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece algún hábito de saúde, alimentación e hixiene corporal utilizando adecuadamente espazos e materiais.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Identifica situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para comunicarse cos demais, chegar a acordos e facer solicitudes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Coida e respecta os seres vivos.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.		
CA4.1.1. - Identificar e coñecer s grupos sociais máis próximos (familias escola, contorna), valorando a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Coñece os grupos sociais máis próximos e valora a súa importancia.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relaciónase con persoas da súa contorna.	
CA4.2 - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.		
CA4.2.1. - Respectar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo avanzando progresivamente no respecto cara as demais persoas	Respecta a secuencia temporal asociada a actividades cotiás adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.		
CA4.3.1. - Recoñecer diferentes modelos de familias mostrando respecto polas diferenzas.	Respecta os diferentes modelos de familia.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Relaciónase de maneira asertiva coas persoas coas que intercciona.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Desenvolve destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Comunicación interpersoal: empatía e asertividade.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

Contidos
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - A escola. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. - A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación combina e relaciona as aprendizaxes do currículo das tres áreas planificando 7 unidades didácticas, deseñadas dun xeito aberto e amplo para dar cabida a diferentes propostas globalizadas de aprendizaxe, que sexan estimulantes e con interese para o grupo de alumnado en cada momento do curso. Deste modo, para cada un dos trimestres plantéxanse tres unidades didácticas:
Dúas unidades didácticas diferentes en cada trimestres cada unha delas cun obxectivo diferente:

- Unidades didácticas de investigación (UD1, UD3 e UD5): presenta a oportunidade de conectar cos intereses reais das nenas e dos nenos a través da elaboración de proxectos ou pequenas investigacións sobre diversas temáticas, permitindo afondar nas mesmas en función das características persoais do alumnado.
- Unidades didácticas "creativa e artística" (UD2, UD4 e UD6): orientada ás festividades, conmemoracións, acontecementos especiais, festas tradicionais, etc. que teñen lugar durante o curso escolar, abordándoa desde unha perspectiva lúdica e creativa e cun enfoque artístico.

E unha unidade didáctica transversal (UD7) durante todo o curso que aborda aspectos relacionados coa educación emocional e a dimensión social que raramente van desconectados do quefacer diario da aula.
Polo tanto en cada trimestre impartiranse tres unidades:

- 1º trimestre: UD1, UD2 e UD7
- 2º trimestre: UD3, UD4 e UD7
- 3º trimestre: UD5, UD6 e UD7

De xeito xeral, teranse en conta estes aspectos no deseño das actividades propostas en cada unidade didáctica:

- Darase moita importancia á afectividade: as nenas e os nenos deben sentirse seguros, queridos, respectados, escoitados... para construír unha autoimaxe axustada e positiva.
- O papel da mestra ou mestre será a de guía, animadora e de apoio e acompañante no proceso de aprendizaxe. Así todas as propostas estarán centradas no alumnado e a mestra ou mestre axudará a que as nenas e nenos procedan por si mesmos e aprendan a través das propostas e dos materiais e tamén a través das observacións entre elas e eles.
- Fomentarase un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións e a desvalorización.

- Favorecerase que o alumnado exprese libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e por iso débense crear as condicións para que sexa escoitado, aceptado e respectadas nas súas diferencias (fundamentalmente a través das asembleas e círculos).
- Valorarase o erro como fonte de construción de coñecemento, creando un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada neno se sinta con confianza.
- O ambiente de aprendizaxe será amable e agradable, cómodo e seguro, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relación coas persoas e cos obxectos.

Como indicacións particulares respecto a cada unha das áreas, destácanse as principais liñas de actuación:
Área de Comunicación e Representación da Realidade (CRR):

- Crearanse as condicións necesarias para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen primar ningunha por enriba das demais.
- Favorecerase un vínculo de apego seguro, e para elo a mestra ou mestre debe acoller afectuosamente as mensaxes do alumnado e ofrecer contacto físico cálido e atención plena.
- Crearase un ambiente de comunicación pracenteiro para as nenas e nenos: oferta de modelos lingüísticos variados, correctos e de beleza literaria; a persoa docente deberá coidar as súas intervencións.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe que favorezan a transferencia entre as diversas linguaxes e formas de comunicación e expresión e que poñan ao alcance do alumnado variedade de técnicas, recursos e materiais.
- Favoreceranse propostas de aprendizaxe nas que convivan a linguaxe musical e a corporal, así como a expresión visual e plástica, e unha introdución natural e contextualizada dos medios de comunicación visual e dixital.
- Darase moita importancia á comunicación oral (intercambios orais variados para que as nenas e nenos avancen na escoita activa, establecemento de quendas de intervención, construción de discursos cada vez máis coherentes, emprego de fórmulas de cortesía, etc.).
- Empregaranse as diferentes linguas nestes intercambios orais, con especial énfase nas da propia contorna. Estas linguas incorporaranse nas rutinas cotiás, nos xogos, en cancións..., o que permitirá unha inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos.
- No referente á aproximación a lingua escrita, favorecerase o contacto con diferentes tipos de textos e porase especial énfase no aspecto funcional do código escrito (nos prerrequisitos necesarios para o acceso a esta linguaxe: coordinación óculo - manual, fortalecemento da musculatura da man, interiorización da direccionalidade dereita-esquerda, concienciación fonolóxica, memoria auditiva, etc.)
- Resaltarase o valor da biblioteca, tanto a biblioteca do centro como a propia da aula, para achegarlles o mundo literario, como fonte de información e como un espazo máis onde desenvolver a creatividade.

Área de Crecemento en Harmonía (CH):

- Respectaranse os ritmos e as características individuais de cada alumna e alumnado.
- Proporanse proposta de aprendizaxe motivadoras que partan dos coñecementos e experiencias previas do alumnado e nas que valoren os propios logros. Deste modo garantirase a significatividade das aprendizaxes e a funcionalidade do que van aprender.
- Deseñaranse propostas de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións (as propostas desenvolverán aspectos motrices que favorezan a autonomía; a participación en xogos e actividades psicomotrices, pero sempre atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado; a capacidade de aprender por si mesmos; a promoción do en equipo; e actividades que potencien a curiosidade, a creatividade e a sensibilidade).
- Aproveitaranse as rutinas e outras actividades cotiás como momentos significativos favorecedores do traballo globalizado, incorporando a verbalización das accións coa finalidade de interiorizar as secuencias e iniciar hábitos saudables e de autocoidado.
- Empregarase o xogo simbólico para recrear situacións da vida cotiá buscando as interaccións cos demais, desde a participación, a colaboración, a empatía e a interacción positiva.

Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (DEC):

- Procuraranse ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades, a promoción da motivación e o emprego dunha metodoloxía activa.
- Aproveitarse a curiosidade que ten o alumnado por explorar e descubrir o mundo que lle rodea.
- Contextualizaranse as propostas de aprendizaxe a partir das súas experiencias e coñecementos previos para garantir a significatividade.
- Promoverase o emprego de nocións matemáticas, espaciais e temporais, e o desenvolvemento do pensamento lóxico e o método científico.

- Favorecerase a realización de actividades manipulativas e sensoriais, a resolución de retos e situacións problemáticas dun xeito progresivamente creativo e autónomo, onde se desenvolva tanto a capacidade de aprender por si mesmos como o traballo en equipo.
- Favorecerase un achegamento á contorna máis próxima fomentando a súa exploración activa e o seu coñecemento, pero tamén dando cabida ao descubrimento daquela realidade algo máis afastada a través de experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interese do alumnado por coñecelas.
- Promoverase o coñecemento dos elementos propios da cultura galega, pero tamén doutras, sempre desde unha perspectiva aberta e con actitudes de respecto e de aprecio.

Agrupamentos
Para levar a cabo diversas propostas e actividades deseñades, estableceremos distintos tipos de agrupamento, favorecendo así a atención á diversidade do alumnado:

- Gran grupo, procurando un espazo amplo que permita unirnos, escoitarnos, vernos e compartir. Este agrupamento será especialmente favorecedor nas asembleas, conversas, presentación de materiais ou propostas, dinámicas de grupo e círculos proactivos, lectura grupal de contos ou outros textos literarios, xogos en gran grupo, sesións de psicomotricidade, xogos e actividades musicais (como danzas, bailes, actividades de ritmos...).
- Pequeno grupo ou parellas, que sirva tanto para encontros casuais como intencionais. Este tipo de agrupamento empregarase en xogos de mesa, xogo simbólico, actividades deseñadas nos diferentes ambientes da aula (espazos ou recantos), pequenas tarefas de investigación, propostas sensoriais e manipulativas, actividades colaborativas e cooperativas...

Darase un tempo na xornada diaria que favoreza o pequeno grupo ou as parellas dun xeito natural, onde as nenas e nenas libremente poidan realizar as propostas de aprendizaxe, favorecendo deste modo a axuda mutua e o proceso de imitación que tan importante é na aprendizaxe nesta etapa.

- Procuraranse momentos e espazos para estar sos destinados á relaxación, a tranquilidade, o descanso, o soño, o pensamento... Estes momentos poderán ser dirixidos, sobre todo en propostas que requiran dunha maior concentración e atención ou dunha guía máis estruturada por parte da mestra ou mestre. Ou tamén poderán xurdir dun xeito natural durante a xornada diaria, xa que as crianzas poden precisar de tempos de calma sen que estean previamente programados nun momento determinado.

Espazos:

- Empregarase a aula de referencia pero tamén se empregarán de forma habitual outros espazos do centro como a biblioteca, a zona de horta escolar, aula de música ou o ximnasio.
- A aula de referencia está distribuída por ambientes de aprendizaxe, tentando manter a conexión entre todos eles. Os materiais están dispostos de xeito que favorecen a autonomía e a libre elección por parte do alumnado
- O deseño dos espazos debe favorecer os tipos de agrupamentos dun xeito cómodo.

· Coidarase de que o material sempre estea ben presentado e invite tanto ao seu uso como a súa recollida posterior.

- Priorizaranse cores neutras e naturais na decoración da aula, sen sobrecargar o ambiente de estímulos visuais excesivos.

Aspectos a ter en conta no deseño das propostas de aprendizaxe:

- Flexibilidade: organización flexible dos espazos e do tempo, adaptándose e respondendo ás características das tarefas e ás necesidades e ritmos das nenas e dos nenos.
- Ambiente de calma e tranquilidade: planificados desde unha perspectiva de calma e tranquilidade, afastada da aceleración e poñendo o énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos ou resultados obtidos.
- Combinación de tempos:

a) combinaranse tempos de rutinas con tempos destinados a outras actividades específicas (relacionadas coa vida cotiá e con propostas que favorezan a adquisición das aprendizaxes máis curriculares), sempre respectando as características e necesidades de cada un das crianzas.
b) combinaranse momentos onde teñan cabida as necesidades de movemento das nenas e nenos e os tempos de contacto coa natureza nos espazos exteriores
c) intercalarase actividades máis libres e autónomas con outras máis guiadas pola mestra ou mestre-
d) combinaranse momentos de xogos grupais e individuais cos agrupamentos libres e cos organizados pola persoa docente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible (pinturas, papeis, cartolinas, pegamento...)
Material sensorial (xogos sensoriais, mesa de luz e materiais para empregala, caixas de area...)
Material de expresión artística (utiles diversos, pinturas, arxila...)
Material de psicomotricidade (colchonetas, módulos de gomaespuma, cordas, aros, pelotas...)
Material non estructurado (de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...)
Material de construción (cartóns, tubos, bloques...)
Material lóxico-matemático (regretas, policubos, bloques lóxicos, tangram, ábacos...)
Material de lectoescritura e concienciación fonolóxica (alfabetos móviles, letras de lixa, caixas de sons...)
Materiais e instrumentos musicais (tambores, maracas, pandeiros...)
Material de xogo simbólico (bonecas, vaixela, tendais e pinzas...)
Ferramentas tecnolóxicas (ordenador de aula, tableta de aula, proxector, escornabot...)
Recursos dixitais (vídeos educativos ou de temáticas diversas relacionados cos proxectos en curso, aula virtual)
Recursos impresos (contos e libros diversos, fotocopias...)

A aula conta con materiais axeitados aos diferentes niveis e intereses do alumnado e, a través das propostas que se fagan con estes materiais, procurarase dar resposta a todas as competencias e capacidades.
Tamén estarán presentes diversos elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado, creando así un ambiente significativo que esperte o interese por explorar e experimentar. Estes materiais estarán ao alcance dos ollos e das mans, precisando andeis baixos e accesibles.
Ofreceremos certa cantidade de xogos, materiais, actividades e propostas sen amontoar para facilitar o seu acceso e recollida e facilitarase o seu transporte en caixas baixas con bordes, bandexas, cestas,... Ademais, rotaranse e/ou cambiaranse periodicamente.
O material que se emprega nunha aula de infantil pode ser tanto e tan diverso que o organizamos por categorías para facilitar a súa enumeración. Cómpre indicar que o material dunha categoría pode formar parte doutras categorías, pero para evitar repeticións indícase soamente nunha delas:

- Material funxible: material que se vai gastando co uso como pegamentos, gomas de borrar, lapis de cores, papeis de todo tipo: charol, pinocho, seda...,
- Material sensorial: material para estimular os cinco sentidos e realizar propostas sensitivas como mesas de luz e retroproxectores, caixas de luz e o material para empregalas, caixas de area, sacos de pesos, torre rosa, bloques de cilindros, tabletas de cores, caixas de teas...
- Material de expresión artística: materiais para as propostas artísticas como tesoiras, troqueles, materiais para traballar o barro, tales como moldes e ferramentas... arxila, pasta de papel, barro, pinturas diversas: témperas, acuarelas, ceras, rotuladores...
- Material de psicomotricidade: material para sesións de psicomotricidade como bloques de gomaespuma, colchonetas, bancos, escaleira de braquiación, pelotas, aros, cordas, teas...
- Material non estruturado: resúmese como un caixón de sastre xa que engloba aquel material que se emprega nas aulas e que non ten cabida noutras categorías. Dentro desta categoría englobariamos o material de refugallo: tubos, cartóns, tapas...; elementos da natureza como pedras, palos, follas...; pezas soltas: botóns, tapas, botes, anacos de madeira...

- Material de construción: material creado especificamente para tal fin como xogos de construción, pezas de madeira... e tamén material doutros tipos que podemos empregar nas nosas construcións na aula: tubos e pranchas de cartón, botes de iogur...
- Material lóxico-matemático: material para traballar os conceptos matemáticos e a lóxica: xogos diversos, policubos, números de lixa, bloques lóxicos, dados, regretas, ábacos, tangrams...
- Material de lectoescritura e conciencia fonolóxica: materiais que axudan nas actividades de ensino-aprendizaxe relacionados coa lectoescritura e conciencia fonolóxica, tales como alfabetos móbiles, letras de lixa, tarxetas de imaxes, caixas de sons, audios diversos...
- Materiais e instrumentos musicais: instrumentos musicais como xilófonos, pandeiros, crótalos... e tamén outros materiais que teñen un uso para fins musicais como lazos, vasos...
- Material de xogo simbólico; esta categoría é moi ampla xa que nas aulas de Infantil pode haber moito e variado material deste tipo, dende vaixela e louza para a cociña, como a propia cociña en sí, bebés e bonecas diversas con todos os seus complementos, ata disfraces e xogos diversos para recrear profesións diferentes.
- Ferramentas tecnolóxicas: ordenador para o uso docente e panel dixital, proxector, escornabots e beebots....
- Recursos dixitais: vídeos educativos de temáticas relacionadas coas unidades didácticas e aplicacións para realizar exercicios.
- Recursos impresos: materiais diversos como posibles traballos en papel realizados pola mestra e fotocopiados para a totalidade da clase, libros de consulta e de lectura, contos...

Cómpre tamén describir a importancia dos espazos polo seu carácter educativos e o seu uso como recursos para enriquecer as actividades e propostas das nosas unidades didácticas. Os espazos, tanto do centro como da propia contorna ou vila así como os servizos que esta ofrecen, serán un recurso moi potente para reforzar o traballo dos contidos e axudar no proceso de ensino e aprendizaxe.
As propostas da aula, tal e como se recolle no apartado de metodoloxía, serán activas e manipulativas, polo que todo o material non estruturado e que aporte a natureza será empregado ao longo de todo o curso en diferentes actividades plantexadas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante o mes de setembro para dispor de información sobre cada alumna e alumno de cara á sesión de avaliación inicial onde se tomarás decisións para a toma de medidas que favorezan a aprendizaxe de cada alumna ou alumno ou do grupo en xeral.
Tipo de información que se desexa obter de cada alumna ou alumno: neste curso, interesa especialmente observar o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades que presenta. Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida da aprendizaxe (para esta fin tomarase como referencia a programación do curso anterior para observar e avaliar os coñecementos do alumnado do grupo).
Técnicas e métodos que se pretenden desenvolver para a obtención de información:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.
- Observación e diagnóstico do estado físico, emocional.
- Observación sobre os coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Información aportada polas familias nos cursos anteriores.
- Análise e estudio das actas de avaliacións finais do curso anterior, informes da titora e outros posibles documentos de interese.

Unha vez feita a observación e recollidos os datos, analizaranse para realizar a avaliación do alumnado.
Na sesión de avaliación inicial, teranse en conta a análise aportada por todo o equipo docente do grupo para chegar a acordos de como adaptar a programación para atender as necesidades individuais do alumnado e do grupo.
No caso de alumnado que se matricula ao longo do curso escolar, realizarase a avaliación inicial nese momento, para o que será de axuda entrevistarse coa familia, falar coa persoa titora do centro do que ven (se é que estivo escolarizado). Unha vez feita a avaliación deste alumnado, realizaranse adaptacións oportunas.
En 6º curso observarase o estado físico e emocional do alumnado e as posibles limitacións e dificultades Tamén é importante avaliar os coñecementos previos para definir o punto de partida. Tomando como referencia a programación do curso anterior observaremos e avaliaremos os coñecementos do alumnado do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

O alumnado recibirá unha cualificación cuantitativa global en cada área e tamén recibirá unha cualificación naqueles criterios de avaliación seleccionados en cada trimestre e na avaliación final como susceptibles de ser informados ás familias. O reparto dos criterios de avaliación nas UD e nos trimestres está plantexando de menos a máis, é dicir, hai un reparto progresivo tanto do logro que se pretende co CA (menor esixencia no 1º trimestre que no 3º) como no número de CA de cada trimestre (menor número de CA no 1º trimestre que no 3º trimestre dado que o alumnado debe ir progresado pouco a pouco).
A escala de estimación para valorar tanto a globalidade de cada área como os criterios de avaliación está formada por 3 categorías:

- Sen dificultade: a alumna ou o alumno ten pleno dominio do que o criterio recolle e superou o mínimo de consecución establecido para o mesmo.
- En proceso: a alumna ou o alumno realizou progresos na consecución do criterios de avaliación pero aínda non adquiriu o mínimo de consecución.
- Con dificultade: a alumna ou o alumno non adquiriu o mínimo de consecución nin fixo progreso na adquisición do criterio

Se algunha alumna ou alumno non logrou a cualificación de "Sen dificultade" nalgún criterio de avaliación do curso anterior, este será tido en conta pola mestra ou mestre para proceder ao reforzo das aprendizaxes vinculada a ese criterio.
Terase en conta que se un alumno ou alumna se avalía "En proceso" e, sobre todo, "Con dificultade" nun criterio de avaliación nalgún dos trimestres, deberá traballarse de xeito individualizado con esa alumna ou alumno para poder superar ese criterio de avaliación.
Se na avaliación final, algún criterio de avaliación segue a estar cualificado como "Con dificultade", terase en conta de cara a elaborar os informes de final de curso e de etapa.

Criterios de recuperación:

Este apartado non se aplica nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Para adecuar as medidas e accións educativas a cada alumna e alumno e cumprir cos principios de inclusión, igualdade e non discriminación prestarase atención a:

- A organización dos espazos de forma que cumpra criterios de accesibilidade.
- A adecuación dos tempos e rutinas en base ás necesidades do alumnado (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares. Se ben é certo que os tempos están condicionados polos tempos do centro educativo, débense respectar na aula os tempos individuais de cada nena e neno, adaptando as actividades ás súas capacidades e ritmos de aprendizaxe. Resulta tamén importante contar nas rutinas diarias con tempos de actividade e de descanso.
- A organización da aula por recunchos, espazos diferenciados e polivalentes, dotados dos materiais e dos recursos necesarios para as diferentes propostas de aprendizaxe. (Esta organización permite unha atención máis personalizada do alumnado e, polo tanto, adecuada ás súas necesidades, ao proceso de socialización en pequenos grupos e a ofrecer actividades máis afíns cos seus gustos e intereses).
- A aplicación dos principios do modelo DUA.
- A flexibilidade e accesibilidade de materiais: os materiais que se empreguen na aula deben ser o suficientemente flexibles no uso para poder dar resposta os obxectivos que pretendemos como a imaxinación, a espontaneidade e a creatividade do alumnado.
- O emprego de metodoloxías colaborativas e cooperativas e de metodoloxías de gamificación e xogo que favorezan a inclusión e unha aprendizaxe adaptadas aos ritmos psicoevolutivos.

- A adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de cada alumna e alumno.
- O emprego das TIC como elemento motivador para o alumnado (aplicacións para a estimulación da linguaxe, do razoamento ou da atención dunha forma divertida, motivadora e adaptable a todo o alumnado)
- A estimulación continua da iniciativa e do interese por aprender do alumnado.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións cortas.
- A secuenciación das tarefas, incluso con referencias visuais como pictogramas e axendas.
- O traballo con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Intervir dende un enfoque multidisciplinar (titoría, departamento de orientación, familia ou titores legais, servizos sanitarios, servizos sociais, etc.).
- Colaboración co departamento de orientación sempre que sexa preciso.

Cando as medidas ordinarias non sexan suficiente, terase que contar co apoio do departamento de orientación e/ou mesmo coa intervención das especialidades de audición e linguaxe ou pedagoxía terapéutica, así como decidir a aplicación doutras medidas extraordinarias dependendo de cada caso. Destaca aquí a importancia da avaliación inicial do alumnado e da detección temperá das necesidades do alumnado.
Todas as medidas extraordinarias propostas deberán cumprir cos requisitos e co procedemento de autorización regulado na normativa de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo.							X
ET.2 - A coeducación e a igualdade.	X		X	X	X		X
ET.3 - As habilidades comunicativas.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A nosa cultura.		X		X		X	
ET.5 - A creatividade e emprendemento.	X		X		X		
ET.6 - A educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable.			X		X		
ET.7 - O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional.							X
ET.8 - A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son abordados desde a complementariedade e a interdisciplinariedade, formando parte da propia dinámica do proceso de ensino e aprendizaxe.

- A educación en valores para unha convivencia pacífica e o respecto polos demais e por un mesmo. Promoverase a resolución pacífica e a través do diálogo dos conflitos que xurdan no grupo. Esta etapa educativa caracterízase polo egocentrismo como característica psicoevolutiva e polo o conflito cos demais como forma do proceso evolutivo. Este elemento transversal aplicarase, especialmente, a través do diálogo, nas asembleas, na resolución pacífica de conflitos, insistindo no respecto cara os demais e a un mesmo.
- A coeducación e igualdade. A igualdade de xénero é un aspecto de vital importancia para a sociedade na que vivimos e que debemos de abordar xa dende a educación infantil, cun trato igualitario nas nenas e nenos, co uso dunha linguaxe non sexista, así como visibilizando mulleres e homes que se dedican a oficios tradicionais e socialmente adxudicados a un ou outro sexo. Tamén é de interese abordar, a través do xogo simbólico, o uso das cores, e aproveitar as conversas ou as situacións que se poidan dar a nivel espontáneo na aula para fomentar o uso dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, así como a coeducación e a igualdade..
- As habilidades comunicativas. A comunicación é a base de intercambio do ser humano e son múltiples os sistemas de intercambio comunicativo que podemos empregar. Ser quen de expresar o que se quere dicir e entender correctamente o que se nos di é un elemento básico para unha convivencia pacífica e que evita problemas ou condutas non desexadas ao longo do tempo. Debemos abordar a comunicación oral a través de diálogos ou historias contadas polo alumnado. É importante dar tempo para que se expresen, conten e falen. . Tamén a expresión plástica, musical ou visual transmiten unha intención comunicativa que se abordará, especialmente, nas unidades didácticas referidas ás festas tradicionais.

- A nosa cultura. A través das festas tradicionais, da participación e da interacción nas mesmas darase a coñecer a cultura propia (de onde vimos e de onde somos). Cobra especial importancia a colaboración coas familias, a presenza das mesmas na aula para colaborar en distintas actividades, as asociacións da contorna próxima e as actividades complementarias
- A creatividade e o emprendemento. A creatividade será un aspecto artístico e estilístico na realización de actividades relacionadas coas diferentes linguaxes. Este elemento transversal tamén ten relación coa resolución de problemas e a consecución dunha maior autonomía na resposta ás distintas actividades.
- Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable. O coidado do medio ambiente trabállase mediante a adquisición de hábitos relacionados coa reciclaxe, a utilización axeitada dos recursos, a separación de residuos nas merendas, o coñecemento do mesmo e as problemáticas que afectan á súa conservación. Intégranse aquí a flora e a fauna, así como os aspectos relacionados co cambio climático.
- O desenvolvemento afectivo e a xestión emocional. Apréndese a través da emoción, polo que debemos coidar o mundo emocional do alumnado, axudalo a recoñecer o que lle pasa nun momento determinado, poñéndolle nome e, pouco a pouco, ir superando determinadas situacións. É importante respectar as emocións dos demais e saber cando se molesta a alguén, así como pedir desculpas.
- A educación para a saúde e os hábitos de vida saudable. Aplicarase por exemplo aproveitando as merendas do alumnado a media mañá, aprendendo a respectar tempos de actividade e descanso, na hixiene de mans, así como en nas unidades didácticas nos que se trate o coidado do corpo ou as institucións e especialistas que encargados do coidado da nosa saúde

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	Durante os proxectos que xurdan na aula os invitaremos a diferentes persoas para que actúen como experton na materia que estamos a traballar.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Convidarase a diferentes persoas a ler un conto ao alumnado. As persoas poderán ser tanto a familia, como alumnado de primaria ou outras persoas externas.	X	X	
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros,recollida de roupa ou tapóns,etc	X	X	X
Madriña/padriño de lectura	Cada alumna/o terá como madriña/padriño de lectura a un alumno do terceiro ciclo de educación primaria para facer tarefas conxuntas de hábitos de lectura.		X	X
Saída a un espazo natural da contorna próxima	Visitarase un espazo natural como complemento para coñecer un hábitat natural e poder coñecer a súa flora e fauna. Esta actividade complementa os eixos temáticos da UD2 e UD3.		X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Teatro, maios, correlingua....	Todas aquelas que xurdan durante o curso relaciondas na PXA	X	X	X

Observacións:
Además destas actividades complementarias directamente relacionadas co currículo das áreas de infantil, o alumnado tamén participará nas conmemoracións e actividades de centro elixidas dentro do curso escolar e recollidas na programación xeral anual, concretamente:

- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As temáticas elixidas para as unidades didácticas (sociedade, fauna, flora, festas tradicionais de cada trimestre) resultaron adecuadas aos intereses do alumnado.
Os elementos transversais seleccionados foron tratados no curso.
As actividades complementarias propostas foron apropiadas para a aprendizaxe do alumnado.

Metodoloxía empregada
A avaliación do alumnado permitiu axustar e adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe aos intereses do alumnado.
A metodoloxía (xogo, proxectos de investigación, traballo colaborativo) fomentou a curiosidade e facilitou a aprendizaxe significativa.
A combinación de tempos (rutinas-actividades curriculares-movemento-descanso-grupos-individualidade...) resultou adecuada para manter o interés pola aprendizaxe..
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O deseño e a decoración da aula favoreceu distintos tipos de agrupamentos e un clima cálido e motivador de aprendizaxe.
Os recursos e os materiais empregados fomentaron o interese e a curiosidade no alumnado e foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas foron variadas e diferentes para adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e nivel de desenvolvemento do alumnado.
As medidas de atención á diversidade adoptadas foron adecuadas para o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
O clima da aula foi tranquilo, agradable e cómodo tanto para o alumnado como para a persoa docente.
O equipo docente do grupo colaborou, reuniuse cando se precisou e tomou decisións conxuntas sobre a aprendizaxe do alumnado
As familias participaron nas actividades (actividades complementarias, reunións, titorías) que se lles propuseron

Descrición:

Empregaranse estes indicadores de logro como método de autoavaliación do proceso de ensino e de aprendizaxe. No seguimento final da programación, no final de curso, valorarase cada un destes indicadores de logro cunha escala de 3 ítems: alto, medio, baixo (a través da aplicación Proens). A información aportada servirá para revisar a programación didáctica e a práctica docente de cara a mellorar o proceso de ensino e de aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase a través da aplicación informática Proens, unha vez ao trimestre co obxecto de dispor de información para que sexa valorada e analizada polo equipo de ciclo. Ao finalizar o trimestre c, ompletarase a información do seguimento das UD coa data de finalización, as sesións reais realizadas, o grao de cumprimento respecto do planificado, así como as propostas para mellora a unidade didáctica.
No caso de producirse algunha desviación recollerase o motivo.
A información será valorada e analizada na reunión do equipo de ciclo de cara a tomar decisión de axuste do planificado durante o curso escolar e de ir propoñendo melloras para o vindeiro curso.

9. Outros apartados

1. Apoio no labor docente das/os especialista de primaria

Hai dispoñibilidade horaria no centro para que os especialistas de primaria apoien o labor docente:

- Mestra/e de lingua inglesa realizará unha aproximación á lingua estranxeira e plástica
- Mestra/e de música terá especial relevancia nas UD 2, 4 e 6 nas que a música terá un protagonismo especial na preparación de actuacións para o festival de nadal ou do desfile de entroido.
- Mestra/e de edudación física terá especial relevancia nos aspectos relacionados co movemento, os hábitos de control do corpo e a educación para a saúde.

Todos colaborarán seguindo indicacións da/o titora e contextualizando a aprendizaxe na UD que se está a impartir nese momento.

2. Sobre a temporalización das unidades didácticas

O traballo globalizado dificulta establecer un número de sesións para cada UD. No reparto das 840 sesións que se deben impartir (24 sesións á semana) tense en conta:

- As datas das sesións de avaliación no centro. En torno a 14 semanas lectivas no 1º trimestre , 10 semanas no 2º trimestre e 12 semanas no 3º trimestre.
- A UD7 transversal calcúlase sobre tres semanas/ trimestre.
- A UD 2 ten 3 tres festas asociadas, unhas 3 semanas.
- A UD 4 ao centrarse no entroido implicaría 2 semanas .
- A UD 6 implicaría menos de 2 semanas.

Partindo destes cálculos establécese a duración de cada UD, que debe entenderse como orientativa para a posta en práctica da programación.